

Varios concellos ven rematadas estes días obras en estradas e infraestruturas

Varios concellos chairegos rematan estes días diferentes obras, como Xermade, que vén de realizar obras de mellora en 30 quilómetros de estradas e nos batáns, que remataron a súa adecuación tras dous anos. En Abadín tamén están a rematar varias pistas municipais e Muras está centrado nas obras no cemiterio, na traída da auga da Xestosa e na Ponte Bermuz. Pola súa banda, Rábadé está a mellorar o polígono e comezará o acondicionamento do barrio da Ponte. En Friol a creación dunha senda peonil e ciclista está no tramo final, ao igual que as beirarrúas en Castro.

As Pontes pide solucións

Os veciños e traballadores uníronse en diferentes accións de protesta polo peche de Endesa e piden alternativas para o futuro da central térmica



As Pontes mobilizouse para que a comarca de Ferrolterra non acabe convertida nun deserto industrial. Así, centos de vehículos saíron as rúas e estradas o 1 de outubro para mostrar a súa repulsa á decisión de Endesa de non retomar a actividade na central térmica e programar o seu peche definitivo. Ademais, centos de persoas acompañaron á caravana desde as distintas pontes e viaductos que hai no tramo. As comarcas afectadas, que se atopaban xa unidas para reclamar unha solución, reaccionaron con ímpetu ante o anuncio da empresa. Por outra banda, comezou unha intensa actividade política na procura de alternativas. **Pax. 27**

EXEMPLAR GRATUÍTO

outeiro. O BNG propón melloras para a recollida selectiva de lixo. **Pax. 8**

abadín. O 2 de novembro será a nova edición da Feira de Santos. **Pax. 11**

guitiriz. A Xunta analizará a viabilidade da ampliación do PAI. **Pax. 12**

a pastoriza. O Concello rehabilita o cruceiro do Cristo da Castiñeira. **Pax. 18**

fríol. O Concello mellorará o Club Fluvial e a súa contorna. **Pax. 24**

as pontes. Saborea As Pontes chega á súa undécima edición. **Pax. 28**

deportes. Continúa a inscrición para o Trail das Bestas de Muras. **Pax. 33**

Insua programa a XI Tasca do Liño



A parroquia vilalbesa organiza o 26 a celebración. **Pax. 3**

O 26 será a II Toma de Caldaloba



As actividades darán comezo a partir do mediodía. **Pax. 9**

Décima Feira da Galiña de Mos



A parroquia de Castro acollerá a degustación. **Pax. 14**

Aprobada por unanimidade a disolución de Suplusa

A Deputación aprobou por unanimidade a disolución de Suplusa, así, José Tome acadou o consenso dos deputados e cumpriu unha das prioridades que marcou na súa investidura. A súa disolución suporá a culminación

do proceso de reestruturación da Deputación, que xa comezara o proceso coa eliminación do Inludes e da Fundación TIC. O acordo adoptado inclúe ademais a creación dunha comisión técnica. **Pax. 31**

E-27000351

COIDAMOS DA TÚA SAÚDE AUDITIVA
Ven a revisarte con nós. Contamos coas mellores axudas auditivas
Proba un mes sin compromiso

NOVALUX
óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9
604 03 20 92
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES
Av. de Galicia 91
604 02 21 80
Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

novaluxoptica.com

f

NOVAS

vilalba

O lescha propón cambiar os nomes da Casa da Cultura e da biblioteca municipal

Recentemente o Instituto de Estudos Chairegos remitiu á alcaldesa do Concello de Vilalba un escrito propoñendo que a Casa da Cultura de Vilalba pase a chamarse Manuel María e que a Biblioteca Pública Municipal de Vilalba leve o nome de Agustín Fernández Paz.

Estas propostas foron postas en coñecemento do novo equipo de Goberno tras ser aprobadas na reunión de agosto da xunta directiva do lescha. Así mesmo, aproveitaron para felicitar á alcaldesa polo seu nomeamento.

Desde o lescha préganlle que propoña á Corporación Municipal a adopción dos dous nomes xa que son dúas emblemáticas perso-

lidades chairegas imprescindibles no ámbito literario galego.

Por outra bandda, na Asemblea Xeral do lescha deste ano, aprobouse por unanimidade outorgar o nomeamento de Socio de Honra do lescha a Alfonso Blanco Torrado, polo seu inquebrantable compromiso na defensa da cultura galega en xeral e chairega en particular; polo seu desinteresado traballo a prol da convivencia veciñal e da xustiza social; pola súa participación na organización de innumerables eventos de carácter literario, musical, artístico, así como pola súa entrega e axuda aos demais, especialmente á xuventude.

Xermolos nomeou a lago Pérez Chairego de Honra 2019

A Asociación Xermolos e a Irmandade de Manuel María nomearon Chairego de Honra 2019 a lago Pérez Santalla.

O acto de homenaxe será o sábado 26 de outubro ás 12.00 horas na Casa da Cultura de Vilalba.

lago Pérez Santalla é un escritor con moito mérito persoal xa que tras unha parálise cerebral fíxose doutor e publicou varios libros.

Pérez Santalla, un activo máis nos actos culturais de Xermolos e a Irmandade Manuel María, publicou a súa primeira obra en 2009, *O ilímite*

de pensarte libre, e en 2011 *El límite del potencial humano*, xunto a Manuel Rivero.

Neste acto, que será presentado por David Otero, intervirán Alfonso Blanco, Xulio Cuba, Manuel Rivero, Ricardo P. Santalla, Mero Iglesias, Xulio Xiz, David Otero, e o nomeado, lago Pérez Santalla.

Despois do acto de homenaxe haberá un xantar no restaurante Carrizo en Santalla, e o menú terá un prezo de 20 euros.

Para asitir, será preciso inscribirse no teléfono 646 41 38 90.

As obras da avenida Terra Chá finalizarán en novembro

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, salientou o investimento da Xunta de 650.000 euros nas obras de mellora da seguridade viaria da avenida Terra Chá de Vilalba, que estarán rematadas en novembro.

Vázquez Mourelle supervisou a marcha destes traballos nesta rúa de titularidade municipal que se executan con financiamento autonómico. As obras, cuxo grado de execución supera o 50%, implican unha mellora significativa da seguridade viaria de todos os usuarios e tamén unha mellor accesibilidade para os veciños que se desprazan a pé, segundo salientou a conselleira.

Explicou que esta intervención se enmarca no convenio de colaboración técnica e financeira asinado pola Xunta e o Concello, para favorecer a mobilidade na travesía urbana da antiga estrada LU-126, transferida á Administración local no 2010.

No marco dese acordo, a Xunta comprometeuse á cooperación na mellora desta travesía que comunica o centro da vila coa estrada de saída cara a Meira para incrementar o nivel de servizo aos usuarios e reforzar a súa seguridade. Pola súa banda, o Concello de Vilalba foi o responsable de aprobar o proxecto de execución desta actuación, así como o encargado de contratar as obras e tamén de levalas a cabo, como está a facer nestes momentos.

Os traballos nesta vía municipal contemplan a colocación dun treito de novo colector de saneamento en preto de 400 metros, pola marxe de-



A conselleira de Infraestruturas e a alcaldesa de Vilalba, entre outras persoas

reita, desde a rúa Mondoñedo ata o final da travesía. A súa maior capacidade permitirá evitar as filtracións que se viñan producindo.

Tamén inclúe a renovación das beirarrúas e a actuar nos bordos de cara a mellorar a accesibilidade e favorecer o tránsito peonil dos veciños, unha parte da actuación que que está moi avanzada. Unha vez rematados estes traballos, a intervención completase coa mellora do firme ao longo de algo máis de 1 km desta avenida.

A conselleira destacou que a Xunta e o Concello de Vilalba continúan co camiño de colaboración na mellora de infraestruturas viarias iniciadas hai anos. Concretou que o Goberno galego apoia aos concellos para reforzar a seguridade viaria, incrementar a comodidade nos desprazamentos dos seus veciños e mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Subliñou a aposta do Goberno galego polo interior de Galicia, polo reequilibrio territorial e polo desen-

vovemento económico e social do conxunto do territorio, ofrecendo máis e mellores servizos aos veciños.

ESTACIÓN DE AUTOBUSES. Por outra parte, a titular de Mobilidade explicou que a Xunta está a traballar co Concello de Vilalba para buscar unha solución de futuro ao problema da estación de autobuses da vila.

Concretou que esta solución debe atender as necesidades actuais dos usuarios do transporte público en boas condicións e, ao mesmo tempo, buscar outras posibles alternativas de uso para o edificio da estación que lle poñan freo a esa degradación. Precisou que a empresa concesionaria xa ten instrucións de manter limpa a estación e facer o mantemento necesario, ante o que o Goberno galego está vixiante. Non obstante, sinalou que a terminal ten carencias que se deben á falta de uso, pois son moi poucos os viaxeiros que usan esta estación.

Champivil, S.L.

Castelo

Setas Silvestres de Galicia, Grelos de Lugo y otros productos autóctonos

TRAENOS TUS SETAS - LAS RECOGEMOS

Trabajamos en campaña para poder ofrecerle el mejor producto natural durante todo el año

Mourencia, 6. Vilalba (Lugo) / Tel.: 982 511 222 / www.champivil.com

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 · VILALBA (LUGO) · Telf: 982 511 200

O Concello presenta tres meses de programación cultural

O goberno vilalbés vén de presentar a programación dos vindeiros meses no eido cultural. Setembro, outubro e novembro veñen cargados de “cultura con maiúsculas”, nunha aposta do novo executivo por “avivar a nosa lingua con espectáculos de calidade” tanto en concertos musicais como en obras teatrais.

Segundo vén de explicar a concelleira de Cultura, Vanesa Siso, “cada unha das eleccións que se inclúen neste programa está meditada, cunha proposta coherente e diversa que trasladamos á veciñanza con obxectivos didácticos e tamén de disfrute”. Neste senso, aparecen citas musicais protagonizadas por mulleres galegas como as Malvela ou Guadi Galego, que presenta o seu novo disco, “facendo fincapé no mes de novembro, dedicado especialmente a todas as mulleres” con obras teatrais como Bernarda Vilalba, ambientada na época de posguerra, ou Invisibles, unha adaptación da novela de Montse Fajardo con testemuños de mulleres que sufriron violencia machista. “Tamén queremos pensar nos máis pequenos e pequenas para que aprendan a través da cultura os valores da igualdade e respecto pola nosa terra, con obras como *MaiMai sobre o quentamento global*, ou



A alcaldesa e a concelleira de Cultura de Vilalba, na presentación

Ela, unha obra para público familiar sobre o mundo artístico da pintora Maruxa Mallo”. Nesta liña de sensibilización e visibilidade tamén se enmarca *Elisa e Marcela*, sobre o primeiro matrimonio de mulleres que tivo lugar en A Coruña, de 1901. Tamén haberá espazo para xéneros musicais con grupos máis aló das nosas fronteiras, como Morgan ou La porteña tango, un espectáculo integral cunha visión renovada do tango arxentino.

Neste programa tamén se inclúen obradoiros e faladoiros do programa *Ler conta moito* para bibliotecas, financiado cos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Tal é o caso de Bolboretas, para

público infantil, 8M(ulier), unha narración oral para persoas adultas, e o obradoiro a cargo de Eli Ríos sobre diversidade sexual na adolescencia. Ademais da iniciativa do Concello, “agradecemos a organización doutras xornadas e espectáculos a entidades como o Ilesha, e a colaboración e bo traballo da Escola Municipal de Teatro e o Centro Ocupacional de Vilalba, que actuarán sobre o escenario do Auditorio Municipal proximamente”. O Ilesha organiza a actuación de Habelas Hainas, un grupo de música galega no Día da Cultura Chairega, así como de Bert Franklin, outro grupo con raíces locais que mestura soul americano con novos estilos. Tamén presentan obras de teatro como *Toluras de proveito* e *As fillas de Eva*, ademais de anunciar unhas xornadas de teatro e literatura para o 22 e 23 de novembro que confirmarán polo miúdo en vindeiras datas.

Finalmente, a través do programa Proscenio da Deputación, tamén chegarán a Vilalba dous teatros de títeres, *The Piccole Theatre*, e *Belarmina, a fabulosa velutina*. O goberno espera unha boa acollida de toda a programación, “animando a todas as persoas a que acudan a estas citas”.

A parroquia de Insua acollerá o sábado 26 a Tasca Tradicional do Liño

A parroquia de Insua, no Concello de Vilalba, acollerá o 26 de outubro a XI Tasca Tradicional do Liño coa que amosará o traballo do cultivo do liño.

A xornada contará con charlas sobre o liño que tratarán sobre os traballos comunitarios rurais ou rogas entre os que se atopan os traballos do liño, as relacións entre a veciñanza nas tascas do liño e as fías como reunións.

Tamén haberá animación musical con música tradicional e foliadas. Tampouco faltarán os postos de artesanía na feira con artigos textís, coiro ou madeira.

Ao longo de todo o día os presentes tamén poderán gozar con diferentes demostracións das tascas tradicionais do liño, comprar obxectos nos postos de artesanía, degustar o cacho, que era a comida típica das tascas da zona, e visitar a exposición de fotografía dedicada a Insua e o liño.

CONCURSOS. A Asociación de Mulleres Rurais de San Bartolomeu de Insua vén de convocar dous cursos con motivo da celebración da XI edición da Tasca do liño. Así, repetirán o concurso de debuxo infantil Insua e o Liño dirixido a todos os pequenos entre 7 e 13 anos residentes na provincia de Lugo.

A organización establece como temática do concurso o cultivo do liño, a Tasca, as fías do liño ou calquera elemento relacionado coa manufactura tradicional desta planta. Para elo, os participantes poderán presentar un máximo dun debuxo acompañado dunha breve descrición.

O prazo de participación xa está



aberto e permanecerá así ata o 19 de outubro xa que os premios serán entregados ao gañador no transcurso da feira do día 26. Ese mesmo día haberá unha exposición con todos os traballos presentados.

Os premios consistirán en vales de compra de material escolar, lote de libros e diploma. Para o primeiro será de 100 euros, para o segundo de 55 e para o terceiro de 35 euros. Paralelamente, este ano estrearáse outro certame, nesta ocasión de narrativa curta, que ten como obxectivo involucrar aos mozos no coñecemento e recuperación do cultivo tradicional.

O relatos terán a mesma temática que os debuxos cun máximo de dúas carillas escritas en galego, en follas A4, letra Times New Roman, corpo 12, interliñado 1,5 e marxes de 2,5 centímetros.

Nesta ocasión, o concurso está dirixido a rapaces e rapazas de entre 14 e 18 anos. O prazo de entrega de orixinais remata tamén o 19 de outubro e os premios, que consistirán tamén en vales de compra de libros, entregaranse durante a feira.

Morgan actúa o 9 de novembro

Morgan converteuse por dereito propio nunha das bandas máis respectadas por público e crítica nos últimos anos. Tralo seu irresistible primeiro disco, presentan Air.

Así o Air Tour chegou ao seu fin e antes do parón para coller forzas en 2020, Morgan despedirá esta

etapa en lugares moi especiais, e un deles será o Auditorio Carmen Estévez de Vilalba o sábado 9 de novembro ás 21.00 horas. As entradas están xa á venda a través de www.ataquilla.com e Casa da Cultura de Vilalba. O prezo é de 15 euros en venda anticipada e 18 en taquilla.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEdia

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

San Simón da Costa festexa o seu patrón

A parroquia de San Simón da Costa de Vilalba, celebrará os días 26 e 27 de outubro as súas festas na honra de San Simón.

As celebracións darán comezo o sábado 26 coa misa solemne ás 13:30, seguida da procesión e a sesión vermú, que estará a cargo da orquestra Los Trovadores. Pola noite, a verbena contará coa orquestra Los Satélites e o segundo pase de Los Trovadores.

O domingo haberá misa ás 13:30, procesión e sesión vermú. A música estará a cargo da orquestra Principal, que tamén fará a verbena.

A organización, que agradeceu o apoio económico prestado pola comunidade de montes, lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

Abre a piscina climatizada

A piscina municipal climatizada de Vilalba abre a partir de hoxe as súas portas no seu horario habitual. De luns a venres, de 8.30 a 12.00 e de 16.00 a 22.30 horas, os sábados de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 horas, os domingos e festivos de 11.00 a 13.00 horas. O período de inscrición nos cursos de natación abrirá do 11 ao 20 de setembro na propia instalación.

Excursión a Madrid dende Árbol

A Asociación Cultural e Deportiva de Árbol organiza unha excursión ao parque Warner e ao parque Europa de Madrid. Esta excursión será os días 18, 19 e 20 de outubro e hai prazas limitadas.

Esta actividade ten un prezo de 150 e 140 euros para os adultos e nenos que sexan socios da asociación, e de 170 e 160 para os que non o sexan. No prezo vai incluído o traslado, o aloxamento, todas as comidas excepto a cea do venres, e as entradas ao parque.

Para anotarse haberá que chamar ao 655 582 171 ou ao 617 626 003.

Bota a andar unha nova edición das escolas deportivas

O Concello de Vilalba vén de anunciar as escolas deportivas para este curso 2019/2020, cun total de 15 modalidades entre as que se inclúen baile e patinaxe, ademais de manter as do curso anterior.

Así o confirmou o concelleiro de deportes, Xosé Teixeira, informando de que o primeiro prazo de inscrición tivo lugar do 12 ao 25 de setembro, e o segundo será do 13 ao 24 de xaneiro. Tal e como indican desde o Concello, as persoas interesadas deberán entregar o formulario pertinente que se facilitará, xunto co certificado de conta bancaria no primeiro andar do consistorio, de 9 a 14 horas nos días estipulados.

Neste abano de posibilidades, aparecen de novo aeróbic, baloncesto, fútbol, fútbol-sala, ioga, xudo, loita olímpica, tenis, tenis de mesa, triatlón, ximnasia rítmica, pilates, iniciación deportiva, e tamén para este curso patinaxe e baile.

O custo para as persoas empadroadas no Concello de Vilalba será de 90 euros, e para as non empadroadas de 180 euros, con posibilidade de fraccionar o pago en dous.

Nas modalidades con límite de praza, finalizada a inscrición efectuarase un sorteo para ordenar alfabeticamente o listado, e unha vez adxudicadas as prazas, tamén se fará un seguimento da asistencia. "Pensamos que é o método máis xusto e equitativo



para todos", aseverou o concelleiro de deportes, Xosé Teixeira. As escolas deron comezo o luns e finalizarán, como todos os anos, o 31 de maio do 2020.

ESCOLA DE TEATRO. A Escola de Teatro Municipal de Vilalba abriu o prazo de inscrición para a Escola de Teatro Municipal, e que estará aberta ata o 15 de outubro.

Esta inscrición deberá facerse na oficina de Cultura en horario de luns a venres e de 9.00 a 14.00 horas. Unha vez finalizada a inscrición, o xoves 17 de outubro terá lugar a presentación dos grupos que comezará ás 18.00 co infantil, ás 19.00 o xuvenil, e ás 20.30 horas o de adultos.

Comeza a ximnasia de mantemento para maiores

O Concello de Vilalba vén de anunciar que en próximas datas darán comezo un ano máis as Aulas da Terceira Idade para persoas maiores de 50 anos. A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos organiza esta actividade que permitirá realizar ximnasia de mantemento ao longo do curso.

A cota de inscrición é de 45 euros anuais, e a duración do curso abrangue desde o vindeiro 17 de outubro ata o mes de maio incluí-

do. As actividades impartiranse no Pavillón do IES Santiago Barrantes os martes e xoves en horario de tarde de 17.45 a 19.00 horas, ou de 19.00 a 20.15 horas. As inscricións levaranse a cabo no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Vilalba e o prazo estará aberto ata o día 10 de outubro. Así mesmo, as persoas interesadas poderán dirixirse ata este departamento ou poñerse en contacto no teléfono 982 523 032.

O SLG celebra un novo curso de aptitude empresarial agraria

O Sindicato Labrego Galego organiza en Vilalba un ano máis un novo curso de aptitude empresarial agraria con módulos específicos en gandaría. Estes cursos están homologados pola Xunta e están destinados a mozos e mozas que se queren incorporar a explotacións.

O curso desenvolverase en outubro e novembro de luns a venres entre as 15.50 e as 20.30 horas no Local do SLG. O prazo para inscribirse remata o 18 de outubro e para anotarse é necesario inscribirse a través dos teléfonos 982 512 431.

Nestes cursos o alumnado adquire a formación básica para levar unha explotación. As clases afondan nas claves da xestión técnico-económica, o asociacionismo e comercialización, prevención de riscos, sensibilización medioambiental, agrotecnoloxía, forraxes e alimentación, produción de leite e manexo do gando.

Os distintos módulos son impartidos por especialistas nas distintas materias (persoal da Xunta de Galicia, etc.) a formación teórica complementase con visitas e prácticas.

O Centro de Xuventude abre as inscricións para os cursos

O Centro da Xuventude de Vilalba, dependente da Consellería de Política Social, realizará durante o outono e inverno unha serie de cursos e xornadas para os que ten aberta a inscrición.

Os cursos programados novamente para este outono son zumba e fitness, pintura e debuxo, escola de xadrez, artes plásticas, fotografía dixital, aeróbic, xornadas de cociña e, como novidade, un torneo de LOL. Estes cursos están dirixidos fundamentalmente á mocidade e abertos

á participación de todos os interesados.

Todos os que desexen inscribirse nestes cursos, que son de balde, poden facelo no Centro da Xuventude e solicitar máis información no teléfono 982 828 340 polas tardes.

O prazo para inscribirse estará aberto ata o día 30 de setembro, para poder dar inicio aos cursos, malia que continuarán colléndose solicitudes durante todo o curso en todas as actividades, por se xurdiran baixas ao longo do mesmo.



Nova escultura. A Capela de Guadalupe, situada na parroquia vilalbesa de Sancovade, conta cunha nova escultura ao seu lado. Esta obra foi inaugurada durante as festas patronais, concretamente ao finalizar a misa do sábado 14. Trátase dunha obra conxunta dos artesáns José Pepón Gómez de Bernardo e Clara Naseiro. A peza, feita en pedra, está enmarcada cunha árbore que lle dá unha gran orixinalidade.

PLANTA HORNAMENTAL
FORESTAL Y JARDÍN
TIERRAS, ABONOS Y SEMILLAS
ÁRBOLES FRUTALES,
AUTÓCTONOS DEL PAÍS
EUCALIPTOS MEJORA GENÉTICA
HUERTA:
TOMATE, LECHUGA, REPOLLO
PIMIENTO, ETC...

Viveros DeMiguel

Rúa da Feira, 73-75
27800 Vilalba (Lugo)

Telf.: 644 589 983

viverosdemiguel2018@gmail.com

VII Festa da Xuventude
LANZÓS 19 OUTUBRO 2019
AS 13:00 H. MISA SOLEMNE, SESIÓN VERMÚ A CARGO DO DÚO
LOS ADRIANOS
MENÚ:
Empanada, Indulgencia, Sardinhas
Polbo, Churros e leite con
gelado e smoothie
Pastel e Café
Prezo 25 €
MENÚ INFANTE (ata 10 anos)
Tostada de pasta e
Milanesa de peixe
Grátis
A CONTINUACIÓN COMIDA
CAMPESTRE SERVIDA POR
CATERING VALENCIAGA
Recollida de tickets en Parroquia de Vilalba.
Data límite 15 de outubro de 2019

COMIDA AMENIZADA POR DÚO
LOS ADRIANOS & CHARANGA MEKANIK ROLLING BAND
Rúa de Guitiriz, 21 - 2º - VILALBA (Lugo) / Tfnos.: 982 510 072 - 670 962 921
espectaculosxusto@hotmail.com

AS 22:30 GRAN VERBENA COAS ORQUESTRAS
CINEMA e LA FÓRMULA
CON 3 HORAS DE ESPECTÁCULO CON DJ
CAMPO CUBERTO CON CARPA E AMPLOS APARCADOIROS
DOMINGO 20
AS 13:00 H. MISA SOLEMNE, SESIÓN VERMÚ CO DÚO
LOS ADRIANOS
Gratías a TODOS OS COLABORADORES

Espectáculos
Xusto

“Apostamos polo asesoramento e os produtos de calidade”

Construfer é referencia na comarca en materiais de saneamento e ferretería

Juan Pablo e Martín Rábade Fernández son irmáns e xerentes de Construfer, empresa dedicada á venda de materiais de construción, saneamentos e ferretería con tendas en Vilalba e Cospeito.

Cales son as orixes de Construfer?

Os inicios da empresa remóntanse 40 anos atrás, foi meu pai quen a iniciou na parroquia de Sistallo en Cospeito. Primeiro empezamos como almacén de materiais de construción coma áridos, cementos e outros produtos en bruto xa que meu pai viña da construción. Despois foi dando pasos cara a obtencións dun maior catálogo de produtos de decoración, collendo a distribución de casas de cerámica, de baño, de cociñas.

E o salto a unha segunda tenda en Vilalba a que se debe?

Pois foi a segunda xeración, é dicir, a nosa, cando comezamos a coller a xestión da empresa e decidimos ampliar o número de referencias e as exposicións. No 2007 implantamos unha tenda física na avenida Terra Chá de Vilalba. Tamén comezamos

un pouco tamén das nosas inque-danzas en ter sempre as últimas novidades para o cliente, xa que este é un mercado en continua evolución. De feito gústanos visitar sempre feiras e acontecementos sectoriais.

Que superficie teñen de exposición para ofertar aos clientes?

Entre Cospeito e Vilalba tan só en exposición de saneamento e baños case que 1.400 metros cadrados. En Vilalba contamos con outros 400 metros cadrados para ferretería. En Sistallo temos tamén a zona de almacenamento de produtos de construción distribuída en 5 naveas.

Na ferretería, que poden encontrar os veciños?

Pois como ferretería pertencemos a un importante grupo que é Las Rías que nos permite ser competitivos en prezo e ter un catálogo de produtos moi amplo. Por exemplo, temos a gama de maquinaria profesional tanto para carpinteiros, coma albañeis ou ferreiros. E temos tamén o segmento de bricolaxe que é o recomendado para os particulares cuns

prezos moito máis axustados. Temos tamén pequeno electrodoméstico e útiles para o fogar e roupa laboral.

Cales son as principais necesidades que teñen os clientes?

Hoxe en día a maioría dos clientes fan reformas parciais das vivendas, é dicir, temos menos obra nova, pero un constante goteo de melloras en baños, cociñas ou salóns. A nós gústanos ter uns produtos que sumen calidade e deseño e dalgunha maneira deixamos en segundo plano o prezo. Concibimos que o que vai facer unha reforma busca que quede ben. O noso empeño é que o cliente quede satisfeito cos acabados e o deseño e para iso o asesoramos. Dito isto, ao traballar con fabricantes referentes e pertencer ao Grupo Ibricks, que somos preto de 500 almacéns de toda España, permítenos ter materiais máis económicos que se adaptan as necesidades particulares.

En saneamentos e baño, algunha marca que destacar?

Traballamos con marcas referentes no mercado como poden ser Mara-



Juan Pablo e Martín Rábade son os xerentes de Construfer

zzi, Ibero Cerámica, Salgar ou pratos de ducha Duplach.

Tedes unha ampla exposición de cociñas e elementos calefactables.

Na zona na que vivimos e coa que traballamos posúe uns invernos bastante longos e fríos, de feito na época da crise da construción, o mercado de cociñas e estufas de leña non notou unha caída de vendas. Agora ese mercado está evolucionando tamén, e agora as estufas de pellets comezan a ocupar unha porcentaxe de vendas importantes. En cociñas de leña temos 2 marcas contrastadas Hergom e Berotu, esta última ten un dos modelos máis potentes do mercado. No referido a estufas de pellets traballamos cunha firma italiana que son os fundadores dos pellets Karmek One. Estes son o máis

demandado en pisos e salóns pola súa limpeza. No rural e para cociñas a leña sigue sendo referente.

Cales son os vosos puntos fortes?

Pois pensamos que somos referencia e queremos seguir sendo en calidade, atención e bo trato, son valores que marcan a nosa forma de traballar. Para nós investir tempo en asesorar da mellor maneira ao cliente é fundamental. Levamos moitos anos neste mercado e intentamos que o cliente quede moi satisfeito.

Encargáñse do envío a domicilio dos produtos que comercializan?

Dispoñemos dun importante sistema de distribución, facilitando o envío de materiais con 2 camiões de reparto con grúa, un trailer así coma outros vehículos máis pequenos.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00
DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

**COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO**

*Hijos de
Ramón Rubal*

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

Inmobiliaria JRoca

ROCA ABOGADOS

Placido Peña 107, Vilalba

Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 120m²

45.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso segundo, sin ascensor, de 3 habitaciones y sala, un baño y cocina. Tiene la cocina y la sala amuebladas.

Corrizo s/n, Vilalba

Casa/Chalet independiente | 4 Dorm | 1 Baño | 140m²

100.000€

En la parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende o alquila vivienda unifamiliar de unos 140 metros, en la planta alta hay 4 habitaciones, cocina y un baño. En la planta baja hay un garaje, un trastero y un tendedero y a mayores tiene un bajo cubierta, que de momento esta en placa.

Ameneiro s/n, Guitiriz

Casa rural | 3 Dorm | 3 Baño | 246m²

170.000€

A unos 4 Km de la localidad de Baamonde y de la A-6, se vende casa rústica de 4 dormitorios, sala, cocina, 2 baños y otras dependencias. Tiene una finca de 39.000 metros cuadrados. Ideal para alguien que tenga caballos.

Costa del Cabo 1, Meira

Terreno (No urbanizable) | 15.634m²

70.000€

En la localidad de Meira (Lugo), en concreto al lado del campo de Fútbol, se vende una parcela 15.634 metros. Posibilidad de ampliar las instalaciones deportivas o hacer área recreativa.

Santaballa s/n, Vilalba

Terreno (No urbanizable) | 5.285m²

4.800€

Se vende parcela de 5.285 metros en la parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo). Se trata de una parcela de concentración, en concreto, es la parcela 767 del polígono 8.

Avenida de Lugo 100, Meira

Terreno (No urbanizable) | 10.626m²

120.000€

En la localidad de Meira (Lugo), en concreto, en la entrada viniendo de Lugo, se vende una parcela de 10.626 metros. Muy próxima a las edificaciones del pueblo.

Tierra Llana, Vilalba

Casa / Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 246m²

130.000€

Se vende vivienda unifamiliar frente al hotel Villamartin, dispone de cocina, baño, sala y una habitación en planta baja y tres habitaciones más y un baño en planta alta, un desván y un garaje. Por detrás tiene un terreno de unos 200 metros en los que se ubican dos alpendres.

Galicia 42, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 120m²

36.000€

Se vende piso segundo sin ascensor, en la localidad de Vilalba (Lugo). Tiene 4 habitaciones y sala, dos baños, cocina amueblada y un trastero.

Avenida Tierra Llana, Vilalba

Duplex | 4 Dorm | 3 Baños | 160m²

150.000€

Se vende duplex de 4 dormitorios y sala, 3 baños, uno de ellos con jacuzzi, cocina amueblada, garaje, trastero y ascensor.

Suso Gayoso 22, Vilalba

Local | 280m²

210.000€

Se vende o alquila local en esquina en el centro de Vilalba (Lugo), tiene 140 metros en planta de calle y 144 metros en el sótano. Se trata de la antigua oficina del Banco Santander.

Muño 1, Vilalba

Casa/ Chalet adosado | 0 Baño | 150m²

130.000€

En el centro de la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa de planta baja y piso, con placa fundida, a terminar por dentro por el comprador. La casa tiene en su parte de atrás un terreno de unos 80 metros en el que en una parte existe un garaje.

Billetas, Abadín

Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 200m²

55.000€

La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.

Novo Cazón, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m²

58.000€

Piso céntrico, de 4 habitaciones y sala, cocina amueblada, 2 baños, calefacción de gas ciudad y con ascensor.

Inmobiliaria JRoca

C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

O Concello retoca o orzamento para incluír Madrugadores

O equipo de Goberno destinará un total de 2.300 euros ás anpas para que xestionen o servizo Madrugadores, tal e como acordou no pleno. Hai semanas xa anunciara que subvencionarían ás Anpas para garantir a continuidade do programa Madrugadores debido á premura de tempo. Por esta razón, modificará as bases do presuposto de 2019. Os grupos de pais da Escola Infantil de Vilalba, o CEIP Manuel Mato Vizo e o CEIP Antonio Insua Bermúdez serán os que reciban a achega para poñer en marcha o programa. Sobre esta cuestión, o Partido Popular, que lidera o ex alcalde Agustín Baamonde, asegurou que non se opuxeron a esta medida porque “somos concientes da premura do asunto, pero a opción escollida non é de todo legal polo que esperamos ver que decisión toma o concello de cara aos próximos anos”. O popular subliñou que “no fondo se segue a pagar un transporte público para un servizo privado e eso non é de todo legal, si o sería si este transporte fora para todos os pequenos igual”. Por outra banda e no que atinxe á relación nominal de subvencións, tamén se modificará a partida destinada a Afalu, a Asociación de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, que se encargan do desenvolvemento dos obradoiros nas aulas do Concello. Debido a un erro na tramitación, que reflicte 1.000 euros para esta entidade, subsanarase co aumento da partida, concedéndolles 5.100 euros. Ademais, o goberno local pormenorizará os avances na desafectación do colexio de Belesar para uso municipal ao non ter na actualidade finalidade educativa para a que foi destinado. Así, despois da aprobación en pleno trala confirmación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tramitarase o expediente para que figure como propiedade municipal. Finalmente, tamén se procederá á modificación da ordenanza fiscal da



O peche do parque acuático volveu sementar a polémica no Pleno

auga e á rede de sumidoiro para actualizalas respecto do IPC. **PARTIDO POPULAR.** O Partido Popular de Vilalba levou ao pleno unha serie de propostas e preguntas ademais do tema de Madrugadores. Unha das mocións presentadas apostaba pola creación dun servizo de fisioterapia a domicilio dentro do programa de atención global á dependencia no Concello de Vilalba, un servizo que se dote con orzamento específico e persoal na procura da súa permanencia. A proposta foi rexeitada polos socialistas “porque non hai cartos”. Segundo asegura Baamonde “actualmente o PSOE destina tres millóns de euros a servizos sociais e ben podía reservar uns 40.000 para este servizo”. Alegou tamén que si non se levan servizos ao rural “este morrerá”. Outra das mocións que o PP levou é a revisión por parte do Concello do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Os populares solicitarán que a carga tributaria que recae sobre o cidadán se reduza polo menos un 50% en relación á situación actual, ou mesmo a súa supresión. A moción foi retirada xa que o equipo de Goberno cre necesario facer antes un estudo de viabilidade polo que chegaron ao acordo de comezar co estudo antes de tomar

unha decisión. “Era unha proposta que levábamos no programa electoral. A petición de reprobação do concelleiro de Espazos Cidadán, Relacións coa Veciñanza e Servizos, Rodrigo Pavón, pola súa decisión de pechar “inxustificadamente” o parque acuático de Madalena este verán non chegou a bo término, pero os populares volveron lembrar “o terrible prexuízo que supuxo para a vila o peche deste espazo sen ter causas suficientes”. Así mesmo, lembrou que o Goberno socialista ten que posicionarse definitivamente sobre si vai manter o parque ou construír unha piscina. No apartado de preguntas, tamén se interesaron polo SAF, concretamente por si existe algunha reclamación presentada polas traballadoras do servizo ou organizacións sindicais ao respecto da modificación ou aplicación dos prezos do convenio. Así mesmo preguntarán polas previsións do equipo de Goberno unha vez remate a concesión actual do servizo. Agustín Baamonde queixouse da falta de definición do novo Goberno local sobre a construción dun centro de día e dunha nova depuradora. “Agora parece que os temas que eles consideraban tan urxentes, non o son tanto unha vez que están no goberno”, subliñou.

JOSE AUTOMOCIÓN

Tels. 982 513 698
690 105 347
josemvseoane@gmail.com

Polígono Industrial Sete Pontes
Rúa Maciñeira - Parcela 40
27800 VILALBA (Lugo)

PROGRAMACIÓN CULTURAL



OUTUBRO

VENRES 4 MUNICIPAL

DIVERSIDADE SEXUAL NA ADOLESCENCIA
Obreiroiro con Eli Ries da súa novela *Dr. Ler conta moito en igualdade*.
19:00h. Público xuvenil



SÁBADO 5 MUNICIPAL

EL VIAJE DE ULISES
TEATRO GORAKADA (Euskadi)
Creación colectiva sobre un texto de Julio Salvatierra.
18:30h. Público infantil e familiar

DOMINGO 13 MUNICIPAL

ELISA E MARCELA
A PANADARÍA.
Unha reconstrución irreverente dun suceso real, unha historia de amor a contratempo
20:00h.

VENRES 18 MUNICIPAL

A CONSULTA
TEATRO DO CENTRO OCUPACIONAL
Nesta comedia, un médico dará resposta aos seus máis que peculiares pacientes
20:30h.

SÁBADO 19 MUNICIPAL

BANDA DE MÚSICA LICEO LA PAZ
A CORUÑA

DOMINGO 20 MUNICIPAL

BELARMINA, A FABULOSA VELUTINA
teatro de títeres (bocóns) sobre a amizade.
PROSCENIO. Público infantil e familiar
18:00h.



VENRES 25 MUNICIPAL

BERTA FRANKLIN
Grupo galego con raíces locais, mestura de soul americano con novos estilos.
21:00h.

SÁBADO 26 MUNICIPAL

LA PORTEÑA TANGO
Espectáculo integral cunha visión renovada do tango arxentino
20:30h.

NOVEMBRO CULTURA E MULLER

SÁBADO 2 MUNICIPAL

BERNARDA VILALBA
MALASOMBERA PRODUCTIONS
1975. Unha vila de Galicia. Bernarda, muller dura e loitadora
20:30h.

VENRES 8 MUNICIPAL

TOLURAS DE PROVEITO
TEATRO DO BORDELO
20:30h.

SÁBADO 9 MUNICIPAL

MORGAN
Banda madrileña de pop-soul
Prezo: 15€ anticipada - 18€ en taquilla
21:00h. Ataquilla.com

DOMINGO 10 MUNICIPAL

INVISIBLES
Adaptación teatral da novela de Montse Fajardo. REDRUM TEATRO.
Tres mulleres. Sete testemuñas. Setenta minutos. Máis dun millón de razóns para falar da violencia contra as mulleres. Non máis invisibles
20:00h.

SÁBADO 16 MUNICIPAL

AS FILLAS DE EVA
NOVA ESCENA TEATRO.
Eva loita por manter as súas fillas e o seu fogar
20:30h.

VENRES 22 MUNICIPAL

GUADI GALEGO
Presenta o seu novo disco, *Inmersión*.
Prezo: 5€
21:00h. Ataquilla.com

SÁBADO 23 MUNICIPAL

BANDA DE MÚSICA DE VILALABA
Santa Ixia
20:00h.

VENRES 22 E SÁBADO 23 CULTURA

CASA DA IESCHA Xornadas sobre teatro e literatura, en colaboración co Consello da Cultura Galega e o Concello de Vilalba sobre a MULLER

DOMINGO 24 MUNICIPAL

MAI MAI
BAOBAB TEATRO
Historia do último oso Panda do planeta e a súa loita por sobrevivir, a falta de alimentos e os problemas ocasionados polo calentamento global.
Público familiar. Prezo: 2€
18:00h. Ataquilla.com

VENRES 29 MUNICIPAL

ARSENICO POR CARIDADE
ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO
Adaptación da obra teatral, comedia negra do dramaturgo Joseph Kesselring
20:30h.

SÁBADO 30 MUNICIPAL

ELA
CARAMELO TEATRO
Ela crea un mundo fantástico a través das cores, a arte e o universo creativo da pintora Maruxa Mallo.
Prezo: 2€
18:00h. Ataquilla.com





O proxecto da nova rotonda de Outeiro de Rei

Fomento expón o proxecto de implantación dunha glorieta na N-VI

O Ministerio de Fomento, segundo publica o Boletín Oficial do Estado (BOE), iniciou o trámite de información pública do proxecto Implantación de glorieta na intersección do P.K. 513 670 da N-VI. Provincia de Lugo. O presuposto base de licitación das obras é de 0,37 millóns co iva engadido.

O proxecto consiste na transformación en glorieta da intersección existente situada no PK 513 670 da estrada N-VI, a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, alumeados e outros servizos que resulten afectados polas obras necesarias para dispoñer unha glorieta.

No PK 513 670, sitúase unha intersección, na que se permiten os xiros á esquerda mediante un carril central de espera, coa estrada autonómica LU-115, que á súa vez serve de acceso á saída 507 da autovía A-6,

situada case a 850 m da intersección coa N-VI.

A proximidade do enlace coa A-6, así como a presenza de numerosas industrias situadas no polígono industrial provoca que a intersección entre a N-VI e a LU-115 presente un volume de tráfico importante, gran parte do cal realiza o xiro á esquerda nesa intersección.

A necesidade dos peóns de cruzar tanto a N-VI como a LU-115, provoca situacións de inseguridade vial.

Ademais, a glorieta funcionará como un elemento de acougado do tráfico da N-VI ao seu paso pola travesía de Outeiro de Rei, dentro da cal sitúase a intersección mencionada, o cal permitirá dispoñer de pasos de peóns nos tres accesos á glorieta, resolvendo a problemática de seguridade vial asociada ao tráfico peonil entre as diferentes marxes da N-VI e da LU-115.

Curso de Scrapbooking en Outeiro e de barro en Bonxe

Dentro das actividades incluídas no programa de Actividades de Promoción da Muller 2019, en outubro haberá un curso de Scrapbooking, que consiste en combinar nun papel ou cartulina as fotos e recortes, engadindo calquera tipo de adorno para elaborar un álbum de fotos. Esta actividade realizarase no Centro Cultural ata o 20 de decembro.

As prazas cubriranse por orde de solicitude con preferencia para os veciños. Poden anotarse nas oficinas da Casa da Cultura.

BONXE. Bonxe acolle as primeiras xornadas de cocedura de barro os días 19, 20 e 21 de outubro.

Estas xornadas, que están organizadas pola Asociación Ceramolóxica Galega Canaveira, serán o 19 de 16.00 a 18.00 horas na que se cargará o forno de cacharros de barro. O domingo comezará a cocedura a partir das 11.30 horas, que se fará con toxos, e ao finalizar a xornada haberá un magosto no que comerán castañas, pan, empandada e bolos preñados. O luns 21 poderase descargar o forno, que xa estará frío.

O BNG propón varias melloras para a recollida selectiva de lixo

O BNG de Outeiro de Rei presentou unha proposta para que o goberno municipal reforme a actual filosofía sobre recollida de lixo e reciclaxe, “potenciando fortemente a sensibilización social así como o traballo cos residuos de plásticos domésticos e envases de todo tipo introducindo así ao Concello na campaña mundial de sensibilización sobre este problema”.

“Debido precisamente á proximidade coa veciñanza, as administracións locais teñen unha especial responsabilidade neste tipo de políticas, sendo a súa obriga participar activamente nestas cuestións, tanto na sensibilización da poboación cara o problema como na organización dos servizos de recollida e reciclaxe, poñendo todos os medios materiais e organizativos para conseguir o obxectivo”, explican.

“No caso de Outeiro de Rei, na rede de recollida de lixo os contedores destinados á reciclaxe de plásticos para nada acadan o obxectivo, nin na cantidade de contedores existente nin na frecuencia de recollida. Mellorar estas deficiencias é a única forma de demostrar o compromiso coa reciclaxe e que realmente se queren mudar as cousas”, aclara Elvira Lombao.



Estado dun dos contedores de orgánico con restos de selectiva

Segundo indican, este tipo de contedores destinados á recollida de plásticos domésticos están presentes soamente en moi contados lugares, sendo totalmente insuficientes e os que existen énchense moi rapidamente porque a frecuencia de baleirado non é a axeitada.

AXUDA NO FOGAR. O BNG presentou tamén unha proposta para que o goberno municipal poña en marcha as medidas necesarias para que as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar cobren as dietas de desprazamento ata os domicilios das persoas usuarias.

“Desta forma preténdese corrixir unha inxustiza que non ten ningún tipo de xustificación, pois estas tra-

balladoras teñen que cruzar nalgún caso o concello de punta a punta, varias veces ao día, recorrendo centos de quilómetros diarios e non perciben compensación algunha por ese motivo. Ademais, todo iso teñen que facelo con salarios que chegan moi escasamente aos 1.000 euros”, din.

Asegura que esta situación está a provocar que moitas profesionais dunha cualificación incuestionable se vexan obrigadas a deixar o traballo ou a non aceptalo.

“Esta situación contrasta co comportamento do alcalde e do tenente de alcalde, os cales ingresan por este motivo arredor de 13.000 euros anuais por compensación de quilometraxe”, aseguran.

Unha ruta de sendeirismo percorrerá o patrimonio arqueolóxico do municipio

O Concello de Outeiro de Rei anunciou que creará unha nova ruta de sendeirismo para difundir o patrimonio arqueolóxico do municipio, proxecto para o que xa comezaron coas tarefas de roza na contorna.

O itinerario desta nova ruta levará o nome de Acevedo e terá un percorrido circular aproximado de seis quilómetros recorrendo os principais vestixios que se conservan. Así, percorrerá as parroquias de Martul, Parada e Aspai. Os camiñantes pasarán á beira de varias mámoas como a de Acebedo ou Pena Dereita; poderán ver tumul-

tos como o de Pascuais ou Pico das Abrandes; o gravado de Galba; a igrexa de San Cibrao de Aspai ou a de San Pedro de Martul e o petróglifo de Pena Serrada.

A intención é falcitar a identificación de todos os vestixios, polo que se procederá a colocar balizas e frechas de madeira de piñeiro sobre postes para sinalar o trazado principal, así como os desvíos cara aos recursos arqueolóxicos. Colocarase ademais paneis informativos nos que se incluírán fotografías, descrições e datos relevantes sobre eses vestixios. A actuación

completarase coa inclusión do itinerario nunha plataforma dixital dedicada á promoción de rutas de sendeirismo no concello.

A iniciativa conta cun orzamento de máis de 41.500 euros e foi financiado grazas a unha subvención da Axencia de Turismo de Galicia. Por outra banda, o Concello ten previsto tamén mellorar a sinalización do itinerario do Miradoiro da Terra Chá, un roteiro homologado no ano 2011 que conta cunha lonxitude de 12 quilómetros. Colocarase frechas, balizas de madeira e paneis informativos do trazado.

 **PSIES**
PSICOLOGÍA

982 511 312-668 85 07 78 (cita previa)
Praza da Constitución, 9 baixo - Vilalba (Lugo) - info@psies.es

 **AS NUBES**
moda

**PREZOS ECONÓMICOS EN
ROUPA E COMPLEMENTOS
DE HOME E MULLER
PARA TODAS AS IDADES
TALLAS GRANDES**

Avda Terra chá, 48 - Vilalba. 665 686 265 

Aparecen mortas 150 troitas no río Pequeno de Muimenta

O Seprona e Medio Ambiente están a investigar a aparición dunhas 150 troitas mortas nun tramo de 500 metros do río Pequeno ao seu paso por Muimenta. Estas troitas foron atopadas esta semana preto das instalacións da depuradora que se atopa xunto á área recreativa.

“Non temos moi claro cal é o motivo da mortandade das troitas, pero os de Medio Ambiente están a investigalo e din que podería ser por un cambio no caudal”, aclarou



Luis Sandamil, presidente de Amigos do Miño, “aínda que os veciños cren que se trata dun problema coa

depuradora xa que non funciona correctamente”, finaliza.

Os técnicos do Seprona e Medio Ambiente recolleron mostras para o seu análise no laboratorio para ver se a causa é polo baixo caudal ou por un verquido no río. “Este verquido podería deberse a un mal funcionamento da depuradora xa que esta traballa por captación e estes días producíronse moitas chuvias que provocaron que os verquidos saían fóra”, conclúe Sandamil.

II Toma Cultural Torre da Caldaloba

O sábado 26 de outubro, coincidindo coa celebración do Magosto, terá lugar a partir das 15.00 horas a segunda edición da Toma Cultural da Torre do Caldaloba.

O acto, organizado pola Asociación Sociocultural de Pino e Culturalia GZ, comezará cunha andaina desde o local social da Asociación Cultural de Pino ata chegar ao carón da mesma Torre do Caldaloba.

Alí sucederanse diversas intervencións, tanto de veciños da



propia parroquia de Pino coma de persoas convidadas. Nasas intervencións destacará a historia, a poesía, a lenda... a cultura coa que reivindicar este símbolo do patrimonio chairego.

Á volta, desde o lugar de Caldaloba ata o local social de Pino, quen o desexe poderá gozar coa xa mencionada celebración do Magosto a partir das 21.00 horas. Este último ten un prezo de dez euros para os non socios sendo de balde para os asociados.

Muimenta contará finalmente cun grupo de teatro

A Asociación Aquilino Iglesia de Cospeito porá en marcha unha escola de teatro coa colaboración do Concello e a Diputación. O grupo, que xa está formado, terá os seus ensaios todos os xoves ás 21.00 horas na Casa da Cultura.

Estas clases serán impartidas polo director de teatro Guillermo Canelo e comerázan o 3 de outubro. Aínda hai prazo para seguir anotándose, a través da mercería Teresa na avenida de Vilalba, 44, de Cospeito, ou a través de facebook.

Pino inicia varios talleres

A Asociación Recreativa e Cultural de San Martiño de Pino e Culturalia GZ celebrarán unha serie de talleres culturais para todas as idades, enmarcados baixo o título *O universo das letras*. Impartidos por Martiño Maseda, todos eles desenvolveranse no local social polas tardes. O prazo de inscrición segue aberto. O taller poético *Somos versos e emocións* terá lugar o primeiro e terceiro xoves de cada mes, mentres que o segundo e cuarto xoves, estarán reservados para a narrativa, con *A prosa imaxinaria*.

Crearon tamén unha aula de teatro, con clases todos os venres, de 19.30 a 20.30 horas e un club de lectura, que se reunirá durante unha hora, xusto despois das clases de teatro, os últimos venres de cada mes.

A maiores destas actividades, a asociación veciñal de Piñeiro tamén organiza, en colaboración coa artista Adolfinia Mesa, un taller de pintura. Este curso está previsto que se leve a cabo todos os sábados dos meses de novembro e decembro, en horario de 16.00 a 18.00 horas, no local social.

O Pleno aproba a proposta do PSOE para o control do xabaril

Os socialistas de Cospeito recolleron o apoio unánime do Pleno sobre a súa proposta de solicitar á Xunta de Galicia que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna.

Esta moción fai referencia ás consecuencias que a acción indiscriminada deste animal está a causar nos cultivos, especialmente nos de cereais. Todos estes problemas, que son xerais en Galicia, cobran especial protagonismo neste Concello, xa que están a causar grandes destrozos na zona da lagoa, un espazo natural protexido.

A proposta inclúe a elaboración dun censo de poboación do xabaril, a súa densidade, fixar medidas de control dos danos e axilizar o pago das indemnizacións aos afectados introducindo un fondo de responsabilidade.

XUIZ DE PAZ. O Pleno do Concello elixiu tamén ao novo xuíz de paz, praza que ocupará José Manuel Bouza Verde e a de suplemente que foi para José Manuel Rus Rodríguez. O pleno decidiu escoller entre os cinco candidatos que se presentaron a esta praza por sorteo xa que

todos cumprían as esixencias.

Os socialistas presentaron no pleno tamén varias preguntas que non obtiveron a contestación que esperaban e para as que pedirán documentación. Así, interesáronse sobre as condicións do abastecemento de auga en Pino, “na que a auga sae sucia e con mal olor”, pero o Concello respostou que as análíticas afirman que está todo correcto. Tamén preguntou sobre a planta de compostaxe Biocompost, se está a pagar os impos correspondentes e os atrasos, pero o alcalde, indicou que si pagaban agora pero non especificou canto.

Sobre a recollida de plásticos agrícolas, os socialistas recibiron a contestación de que se recollen cada 15 días e que hai unha empresa que o fai. Tamén lles aseguraron dende Alcaldía que se asfaltará en breve a pista que vai dende o inicio da estrada do Vínalo en Roás ata a Ponte do Somo porque está desfeita.

Non obtiveron tampouco unha resposta clara sobre os contenciosos coa empresa mineira Erima e sobre o plan de incendios do Concello, que afirman que xa está feito.

A comisión da Moexmu convida a gandeiros a aportar suxestións

A comisión da XXXVI edición da Mostra Exposición de Muimenta Moexmu continúa coas súas reunións de traballo encamiñadas a unha nova cita que terá lugar do 3 ao 5 de abril do 2020. As edicións a celebrar son a XXXVI da Mostra Exposición de Muimenta, o XXXIV Concurso de Gando Frisón, a XXXIV Exposición da Gando de Raza Rubia Galega e a XXIV Poxa de Gando Selecto. O próximo 19 de outubro terá lugar a segunda reunión de traballo

organizada pola Comisión Organizadora da Moexmu con membros de Africor Lugo e Acruga, na que tamén estiveron presentes parte da comisión de gandeiros que, dende o ano 1999, asesora ás diferentes comisións da mostra na organización. Este ano, o convite amplíase a un representante de cada gandeiría. Nesta reunión quérense coñecer as impresións e inquiredanzas do sector gandeiro para intentar potenciarlo con todas as súas ideas e propostas.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

TAR ASESORES

Rúa Campo de Puente 27-29 Entr. 8
VILALBA

T. 982 510 300
www.tarasesores.com

AIRADOBELLO ABOGADOS
PERITO CALIGRAFO

Rúa Belaño Rivadeneira, 9-3º B
LUGO

Rúa Campo de Puente 27-29 Entr. 8
VILALBA

T. 982 244 544 - 982 878 594
www.airadobelloabogados.com

Rematan as obras dos batáns e 30 quilómetros de vías locais

O Concello de Xermade está a rematar este días un grupo de varias obras de reparación de estradas acollidas a diferentes programas de financiamento das distintas administracións. Así, con cargo ao Plan Único da Deputación provincial, fixéronse obras en Falaroia, Labrada, Toutelo en Piñeiro, Pena de Corvos en Momán e Bidueiro, tamén nesta última parroquia; ademais de Touza de Cabreiros.

Así mesmo, na parroquia de Xermade fixéronse numerosas reparacións en distintos puntos, como Casas Novas, Silva, Cabadas, Portalousa, Badoi e Caneiro de Burgás.

Todas estas obras supuxeron un orzamento de 155.811 euros que corresponden á pasada anualidade e que estaban pendentes. En total fixéronse de novo 23 quilómetros.

Así mesmo, con cargo aos fondos do Agader para camiños, fixéronse os mesmos traballos en Sanche, Framil de Piñeiro, Castroramil de Momán, en Pigaroa, Chao Trasdacosta e A Fraga de Cazás. Estes traballos afectaron a un total de 5 quilómetros e tiveron un orzamento de 60.016 euros.

Tamén remataron estes días os traballos de rehabilitación de elemen-



Estado dun dos batáns, trala finalización das obras

tos etnográficos e sinalización na ruta de sendeirismo dos batáns, un proxecto que foi financiado en dúas fases diferentes polo GDR-2. En total, investíronse 71.042 euros dos que 30.519 corresponden a este ano.

As obras consistiron na restauración dos muiños de Folgoso e Orxás, a moa de Orxás e os batáns, ademais da fábrica da luz. Os traballos de rehabilitación consistiron no arranxo ou substitución das cubertas, na substitución das estruturas de madeira e no afianzamentos dos muros de pedra. Estas obras eran necesas-

rias xa que todas as construcións estaban en desuso e moi castigadas polo deterioro. De feito, nun dos batáns reconstruíuse a noria interior.

O obxectivo será activar os mazos e os edificios para que se poda facer un centro de interpretación no que poñer en valor estas edificacións. Ademais, definiuse a ruta e acondicionouse con paneis informativos para incentivar o turismo.

A intención do Concello de Xermade é continuar co proceso de adecuación do interior destes batáns para o que buscarán financiamento.



Un momento da inauguración do Encontro

Escollidas no Encontro de Torneiros as 55 pezas que formarán a mostra Contornos

Logo de tres intensas e concorridas xornadas, o XIX Encontro Internacional de Torneiros da Madeira clausurábase oficialmente no pavillón de Xermade coa presentación das 55 pezas que comporán a XIII Contornos.

Esta exposición itinerante de madeira torneada inclúe deseños dos artesáns participantes e tamén un conxunto de insectos da agrupación Pájaros Locos, integrada por torneiros de toda España e que, como teñen por costume, idearon

unha obra conxunta no encontro, bautizada como Animaladas.

Este foi o acto final tras a celebración dunha feira que novamente convertirá a Xermade na capital cultural da fin de semana. Un ano máis batéronse os récords de asistencia con centos de persoas que se achegaron a ver as distintas creacións deste ano.

En total, presentáronse 510 pezas, 250 colgantes e 300 bolígrafos para un evento que congregou a 45 artesáns.

O 26 dará comezo unha nova edición da Invernada de Cine de Cabreiros

A VII Invernada de Cine de Cabreiros arrincará o día 26 de outubro, apostando un ano máis polo audiovisual para dinamizar o rural ademais de buscar un punto de encontro para mozos e maiores.

A edición comezará o 25 de outubro na antiga escola, ás 18.30 horas, co documental *Os días afogados* de Luis Avilés e que contarán coa presenza do director. Este documental trata sobre a construción do embalse de Lindoso en Portugal en 1992.

O 16 de novembro ás 18.30 verase *Trinta lumes* de Diana Toucedo, é un relato entre o documental e a ficción sobre unha nena chamada Alba e o seu amigo Samuel, do Courel, aos que lles gusta entrar en casas abandonadas. Aproveitando este filme, haberá un debate sobre as perspectivas de futuro desta zona.

A seguinte cita será o 30 de novembro, que proxectarase *Unha ollada ao vello cinema en super 8* de Fernando Fernández.

O 14 de decembro ás 18.30 será a actividade *Eu quero facer unha película*, na que propoñen unha interesante conversa para coñecer outras experiencias do mundo audiovisual. Ademais proxectaranse pezas do Chanfaina Lab, así como a curta creada por Iria Silvosa, e contarán con Manolo González do Chanfaina, Iria Silvosa e con Suso López, produtor de Gaita Films.

En cada xornada haberá quenda de preguntas e debate posterior.

O Concello fará un parque en Roupar e cambiará as luminarias

O alcalde de Xermade, Roberto García, anunciou a intención do concello de realizar un parque infantil en Roupar de Abaixo con cargo ao superávit do concello, para o que poden destinar un total de 15.943 euros. Esta obra farase antes de final de ano. Por outra banda, anunciou tamén que en próximas datas acometerase a substitución de luminarias en sete parroquias, unha obra que ten un orzamento de 50.490 euros. O

número de luminarias a cambiar son 503 e están en todas elas agás Candamil, Burgás e Lousada. Esta obra tamén está incluída dentro do Plan Único do ano 2018.

Como no resto de concellos, o cambio consistirá na conversión á enerxía LED, que permite un importante aforro enerxético tanto en consumo como na durabilidade destas bombillas, que ademais teñen unha maior potencia de luz.

Festas en Cazás e Momán

A parroquia de Cazás celebra a fin de semana do 12 e 13 as súas festas patronais na honra da Divina Pastora. A celebración dará comezo ás 13.00 horas cunha misa solemne, seguida de procesión e sesión vermú coa orquestra Los Españoles, a mesma que estará na verbena xunto ao dúo Estrellas. O domingo haberá unha nova celebración relixiosa ás 13.00, á que seguirá tamén unha procesión e unha sesión vermú que estará a cargo do dúo Venus.

En Momán as festas serán o 19 de outubro na honra á Virxe das Dores con festa da xuventude.

A celebración empezará ás 11 horas cunha ruta cabalar e unha exposición de vehículos clásicos con misa ás 13.00 horas e a sesión vermú a cargo da Charleston Big Band.

Tralo xantar popular haberá un campionato de doma en touro mecánico, un de tiro á corda por equipos, animación DJ e festa dos 80. Pola noite, verbena con Fania Blanco Show.



Abadín prepárase para celebrar o 2 de novembro a Feira de Santos

O día 2 de novembro os veciños de Abadín terán unha cita en Gontán para participar na Feira de Santos. A cita, cunha programación tradicional baseada no mercado gandeiro, contará con expositores de diversos feirantes e artesanía.

Así, o máis destacado do día será o certame de gando que organiza o Concello e para o que dispón varios premios ao mellor exemplar bovino, equino, mellor cría bovina, mellor cría equina, maior número de cabezas de gando bovino e equino ou mellor exemplar equino de silla.

Non faltarán os postos de comida de polbo e churrasco e tampouco a verbena pola noite cunha or-



Unha imaxe de arquivo da Feira de Santos de Gontán

questra aínda sen determinar.

A Feira de Santos, que ten como data asignada o primeiro sábado de decembro, é unha das máis coñecidas de Galicia pola súa vin-

culación agrogandeira. Coincide loxicamente coa celebración da festividade de Todos os Santos e é unha das máis lonxevas de Galicia con máis de 200 anos de historia.

A vila acolleu o LII Campamento Galego de Espeleoloxía

O club de montañismo Lucus Augusti e a Federación Galega de Espeleoloxía celebraron en Abadín a LII edición do Campamento Galego de Espeleoloxía, na que participaron uns 40 especialistas.

O obxectivo desta xuntanza foi descubrir as cavidades máis relevantes de Abadín (como a Cova de Santos e as de Pena Paleira e Surgencia do Río Muras) ademais de outras moitas en Mondoñedo, como Rei Cintolo, Senar, Capela, Carcois, Lobos e Arcos. Paralelamente a esta actividade, a casa consistorial de Abadín acolle a exposición fotográfica *O Camiño por dentro*, unha mostra que se pode visitar ata o 18 con acceso libre.

Esta exposición, que ten carácter itinerante, recolle diversas imaxes de covas que se localizan no entorno das rutas xacobeas a Santiago e ten como obxectivo poñer de manifesto a riqueza do subsolo galego.

O proxecto Red May visitará aos maiores este mes

O Concello de Abadín recibirá o autobús do proxecto Red May, que ten como finalidade o achegamento ao medio rural dos servizos sociais e asistenciais de proximidade aos maiores para facilitarlles o acceso aos mesmos sen necesidade de desprazamentos fóra da localidade ou entorno máis inmediato.

O proxecto Red May (Rede de apoio ás persoas maiores que residan no rural galego) é un programa totalmente gratuito levado a cabo pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dentro do Programa Operativo Interreg V A España Portugal (Poctep) que presta varios servizos mediante profesionais habilitados legalmente a través dunha unidade móbil.

Así, conta con servizos ópticos revisando á persoa a gradación da vista. Tamén ofrece servizos de podoloxía

en labores de prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés. Finalmente, ofrece un servizo de asesoramento e apoio sobre servizos esenciais cotiás como farmacolóxicos, xurídicos e bancarios, normas de etiquetado e información alimentaria, subministracións domésticas, contratación e facturación e outros servizos e programas destinados a maiores. As persoas destinatarias deste proxecto son os maiores de 55 anos que precisen algúns dos servizos sociais e asistenciais prestados.

A unidade móbil dispón de acceso para persoas con mobilidade reducida e atenderá entre o 21 e o 25 de outubro.

As citas deben solicitarse no Concello de Abadín, no número de teléfono 982.508.021 antes do 11 de outubro.

O Concello destina ás vías municipais 334.000 euros

O Concello de Abadín investirá no que queda de ano un total de 334.279 euros na reparación e asfaltado de camiños e pistas municipais a tenor do proxecto de Acondicionamento de Camiños Municipais no Concello de Abadín.

As obras, que xa están adxudicadas ás empresas Blanco Trigo e Ovisa, están distribuídas en dous bloques e se centrarán en aquelas parroquias que teñen os accesos e vía de comunicación en peor estado.

Así, terán lugar varias actuacións en Fanoi e na pista que vai de Bemibre a Cambia. Tamén actuarán na de Candia-As Goás e en Cabaneiro, desde o alto de Villarente a Corvite. Tamén traballarán os accesos a Baruncelle, así como ao lugar de Vilatán e na estrada ata o límite co concello de Vilalba.

Está previsto no proxecto unha actuación desde Baruncelle á escola de Moncelos pasando por Moar ou mesmo na Graña.

Estas obras están acollidas ao Plan Único da Deputación e as previsións municipais contan con iniciar as obras estes días.

Segundo explica o alcalde, José María López Rancaño, as obras consistirán na limpeza de cunetas e a mellora do trazado con aglomerado en quente.

ITV. Por outra banda, o alcalde de Abadín anunciou a próxima visita da ITV. A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará en Abadín a finais de outubro.

A estación estará no mercado gandeiro de Gontán os días 23, 24, 25, 28 e 29 de outubro e na explanada do campo da festa de Moncelos os días 30 e 31 de outubro e 4 e 5 de novembro. O horario é de 9 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás o 25 e o 30 que será só de mañá.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

Cae un pedazo da ponte da área recreativa de Gontán

O voceiro socialista de Abadín, Pablo Díaz, denunciou que “tres persoas caeron ao río na área recreativa de Gontán polo lamentable estado da ponte neste enclave”, e advirte que “puido ocorrer unha desgraza máis grande, que só quedou nun susto”.

Así as cousas, Díaz avanza que preguntará na vindeira sesión plenaria, quen realiza o mantemento desta área recreativa, e por que non se tomaron as medidas oportunas para que non ocorrera este accidente”.

O voceiro sinala ademais que o alcalde foi informado pola oposición e polos veciños do mal esta-

do no que se atopaba esta Área Recreativa, e precisamente neste enclave celebrouse tamén fai uns meses un campamento de nenos. “Por todo isto queremos saber si o Concello de Abadín conta cos permisos correspondentes para poder ter aberto ao público este enclave”, dixo Díaz.

Lembra ademais o investimento da Deputación a través do Plan Único neste entorno “xa que fixo posible a mellora nesta Área cun investimento de preto de 50.000 euros. Pero a deixadez e a desidia do alcalde é bastante lamentable como queda patente”, espetou o socialista.

La luz llega a tu hogar por la red eléctrica de Viesgo

En Begasa, sociedad del Grupo Viesgo, empezamos una nueva etapa en la que seguiremos creciendo en infraestructuras y llevando la luz a tu hogar a través de nuestra red eléctrica.



Pechada ao tráfico unha rúa por unha fochanca



A rúa Nova de Guitiriz, co peche feito polo Concello

O Concello de Guitiriz pechou ao tráfico a rúa Nova debido á aparición dunha fochanca de gran profundidade que impedía a circulación. Como alternativa e xa que a rúa dá acceso a garaxes estableceron un desvío alternativo para os usuarios e usuarias desta vía.

A razón pola que se prohibiu a circulación é porque debaixo do firme atoparon oquedades e problemas coa rede de alcantarillado. Así, estes deberán ir por Rosalía de Castro e posteriormente empregar un camiño público, que se rematará que xa é apto para o paso de vehículos.

A incidencia e o desvío habilitado xa están sinalizados e o goberno local está a acometer o amaño da fochanca para poder abrir a rúa o antes posible.

Aínda non se puido precisar o tempo que estará pechada ao tráfico esta vía, que dependerá da duración dos traballos, que requirirán un estudo previo. Por outra banda, a alcaldesa avanzou que a intervención estará ao cargo do fondo de emerxencia municipal.

Por outra banda, o Concello de Guitiriz aprobou o expediente de

contratación por procedemento aberto simplificado para o contrato privado de aluguer da parcela no casco urbano para aparcadoiro público.

PLAN DE REBACHEO. O Concello vén de iniciar un plan de rebacheo para mellorar vías en todo o municipio.

O rebacheo iniciouse nas parroquias de Baxoi, Bascuas, Trasparga, Pígaro e Parga e continuará posteriormente en Buriz, Labrada... Neste plan incluíronse as vías que se considerou que se atopaban en peor estado ou as que soportan un maior tráfico de vehículos.

O goberno local empregou fondos propios para acometer estes traballos xa que, grazas á maquinaria adquirida coa partida do Plan Único da Deputación de Lugo, ten a posibilidade de levar a cabo cos seus propios medios un rebacheo de calidade, aforrando así diñeiro para poder investir noutras vías que necesitan dunha actuación máis completa. Está previsto que os traballos se estendan por outras vías e camiños do municipio.

A Xunta comprométese a analizar a viabilidade da ampliación do PAI

A alcaldesa do Concello de Guitiriz, Marisol Morandeira, conseguiu o compromiso da Xunta de Galicia para levar a cabo un estudo da viabilidade da ampliación do Punto de Atención á Infancia (PAI) de Guitiriz. Este acordo concretouse nunha reunión celebrada en Santiago de Compostela coa conselleira de Política Social, Fabiola García, e o xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, na que tamén estiveron presentes a concelleira de Benestar Social, Laura Ageitos, e a Educadora Familiar de Guitiriz, Rocío Fanego.

O goberno local solicitara esta reunión co obxectivo de pedir melloras do servizo de atención infantil xa que a demanda existente na actualidade excede ás prazas que poden ofertar



Reunión da alcaldesa de Guitiriz coa conselleira de Política Social

coas instalacións actuais.

Así, Fabiola García e Perfecto Rodríguez comprometéronse a que os arquitectos dependentes da súa consellería desprazaranse a Guitiriz para realizar un estudo da viabilidade de levar a cabo unha ampliación

das instalacións do actual PAI.

O goberno local ten tamén o compromiso da Xunta de que se os resultados do estudo non recomendan levar a cabo esta obra de ampliación, o ente autonómico buscará outras alternativas.

Unha moción do BNG e a acción veciñal piden melloras ferroviarias

O Bloque Nacionalista Galego de Guitiriz propuxo unha moción no último pleno, que foi aprobada por unanimidade, onde insta á Xunta a que inicie negociacións con Renfe e Adif para unha mellora da liña ferroviaria A Coruña– Monforte.

Neste documento recóllese a situación pola que pasan as estacións de Parga e Guitiriz, na que denuncian unha circunstancia de “estado de morte inducida” pola falta dun servizo con prestacións e garantías que posibilita un maior número de usuarios a causa do abandono da política ferroviaria estatal como galega.

Porén pídesse que se promova unha

mellora integral da infraestrutura, incorporando a dupla vía, mellorando o trazado, eliminando definitivamente os pasos a nivel, electrificándoa e aumentando os sistemas de seguridade, resultando unha liña mixta, viaxeiros – mercadorías, homologada aos actuais estándares europeos.

O voceiro municipal, Xosé Lois González Souto, indicou que “esta proposición do BNG preséntase tamén en máis concellos afectados, debido a que estamos a falar dun problema de país”.

VECÍÑOS. Veciños de Guitiriz con-

tinuarán a reivindicar o uso do tren cunha nova viaxe a León capital durante unha fin de semana do mes de outubro. Para esta cita aínda está aberto o prazo de inscrición e de información, que pode facerse no teléfono 618 709 085.

Esta viaxe complementa á realizada o 15 de setembro por 55 persoas para asistir á xuntanza anual da Federación de Veciños Lucus Augusti. Nesta viaxe, os veciños saíron de Guitiriz ás 10.30 da mañá e baixaron na estación de Lugo. Un grupo partiu de cara ao Pazo de Feiras de Congressos en autobús e outro fixo o percorrido a pé con visita turística.

O Concilia Tardes amplía horario

O Concello de Guitiriz pechou xa a segunda quenda de inscrición para o servizo de Madrugadores, tras ter o primeiro activo ata o pasado 20 de xullo. A organización continuou admitindo solicitudes posteriores debido ao cambio dos prazos pero pechou xa finalmente.

O principal cambio que ten será a ampliación da súa oferta ata as 19:00 a partir de outubro, para todos aqueles que desexen ampliar o seu horario. As prazas deste servizo son limitadas.

A prolongación deste servizo máis aló das 18:00 será incompatible co servizo de Madrugadores.

Os premios Trapeiro de honra e As Vilariñas entréganse o día 19

A Asociación Sociocultural Lareira de soños dos Vilares xa ten escollida a data de entrega do Premio Trapeiro de Honra 2019 que este ano coincidirá coa da III edición do Certame Vilariñas de micro poesía. Ambos serán o 19 de outubro ás 19.00 na Casa Habanera. Este ano a persoa distinguida será Sara Veres Vázquez, coñecida tamén como Sara das Reixas ou Sara de Camilo, muller emprendedora en tempos nada doados que viviu desde ben pequena a experiencia da emigración e que foi tabernei-

ra, tivo mercería e foi tamén unha grande bordadora, mestra de outras moitas que viñeron despois.

VILARIÑAS. Na III edición do Certame Vilariñas, o primeiro premio corresponde á viguesa con orixes en Begonte Beatriz Coira Ríos, o segundo ao berciano Manuel González Prieto e o terceiro á arousana Ana García Rivas. Este tres gañadores faranse coa fermosa figura deseñada pola artista Viki Rivadulla, pezas únicas feitas a man que conforman a imaxe deste concurso

cada día máis popular.

Así como no 2018 homenaxeáron a Alfonso Blanco Torrado, na edición 2019 honrarán á escritora, mestra e poeta Marica Campo, orixinaria do Incio e con fondas vinculacións a Guitiriz e á Terra Chá. Neste acto, xuntarán por primeira vez estes dous recoñecementos, e contarán con importantes participacións poéticas e musicais ademais de ser unha actividade aberta ao público. Despois dos actos, haberá a tradicional cea Vilariña.

O Pargarock crea un campionato de tute

A comisión organizadora do Pargarock celebrará o 26 de outubro un campionato de tute. A competición dará comezo ás 21.00 horas na Escola Vella de Parga con 300 puntos de premio para a primeira parella clasificada, 150 para a segunda e 100 para a terceira. Na repesca repartiranse tamén un lote de botellas para os dous primeiros clasificados. No caso de non chegar ás 32 parellas inscritas, reducirase a contía dos premios en proporción. A inscrición, que terá un prezo de 40 euros, realizarase nos teléfonos 619 679 906 (Verónica) e no 646 365 992 (Noé). Todos os asistentes terán pinchos.

Ao redor de 400 persoas participan nas escolas deportivas municipais

O Concello de Guitiriz presentou as súas escolas deportivas para este curso 2019-2020, que contan con ao redor de 400 persoas rexistradas. O goberno local deseñou un programa composto por 11 actividades dirixidas tanto aos máis pequenos como aos adultos do municipio. Entre as máis solicitadas este ano está pilates, que conta con 90 rexistrados e lista de espera, a pesar de que se tivo que aumentar un grupo para dar resposta á alta demanda. Patinaxe é outra das máis reclamadas, con 35 rexistrados, e finalmente levará a cabo en Guitiriz e en Parga. Doutra banda, na presentación anunciouse que, xa que unha das traballadoras do Concello é campioa galega de tenis de mesa, vai incorporar este deporte ao programa.



Un momento da presentación das escolas deportivas en Guitiriz

Marisol Morandeira quixo aproveitar a ocasión para anunciar que se retomarán as andainas dos primeiros domingos de cada mes, os roteiros en bicicleta e recuperarase a Carreira Popular o 9 de setembro. Este ano a oferta inclúe fútbol sala,

con categorías desde minibenxamín ata xuvenil; ximnasia rítmica; patinaxe; atletismo e campo a través; baloncesto; taekwondo; actividades aeróbicas; ioga; pilates; e ximnasia de rehabilitación en Parga e Guitiriz.

Publicada a concesión da Casa Barxa para cafetería e uso sociocultural

O Concello de Guitiriz vén de facer público o proxecto de concesión da Casa Barxa para destinala a cafetería e que poida albergar tamén actividades socioculturais.

Debido á xubilación da persoa que está a xestionar a cafetería da Casa Barxa, o goberno local considera convinte realizar unha concesión de uso privativo deste ben para que sexa xestionado por un particular.

O Concello pretende que a planta baixa sexa utilizada para cafetería e na planta alta se leven a cabo as diferentes actividades socioculturais. Os participantes na licitación poderán propoñer que tipo de accións levarán a cabo na planta alta.

A concesión será gratuíta e o Concello soportará os gastos de electricida-



Unha imaxe da Casa Barxa na actualidade

de, auga e lixo, así como os de mellora da instalación. O concesionario farase cargo dos labores de conservación, xestión da cafetería e das actividades socioculturais e limpeza e

mantemento ordinario.

O proxecto está en información pública e os interesados xa poden consultalo tanto na páxina web municipal como na sede electrónica.

Desviado o subministro de auga para mellorar a súa calidade

O Concello de Guitiriz continúa buscando fórmulas para lograr que a calidade da auga que reciben os veciños e veciñas do municipio nas súas casas teña a maior calidade posible. Así, sacou a licitación un proxecto valorado en 54.367'47 euros para renovar unha antiga rede de circunvalación no encoro de San Xoán que, cando entre en funcionamento, permitirá desviar a subministración de auga para que non pase polo encoro. A auga que se extrae do encoro posúe uns niveis moi altos de ferro na súa composición o que, sumado a que nas épocas estivais redúcese o nivel da auga, a concentración do

mesmo aumenta e xérase esa cor amarelada que detectan os veciños e veciñas na auga das casas.

A tubaxe de circunvalación que se renovará foi proxectada en 1979 e discorre desde unha caseta situada no paso dun curso natural de auga que abastece ao encoro ata outra caseta que ten a función de bypass para regular a auga.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destacou a importancia desta actuación e asegurou que o goberno local “non cesará no seu empeño para que todos os habitantes de Guitiriz poidan gozar dun servizo de auga nas mellores condicións posibles”.

Guitiriz mellora vías en Trasparga e Santa Locadia



Unha imaxe da estrada, tras as obras de asfaltado

Vén de finalizar o asfaltado de diferentes vías nas parroquias de Trasparga e Santa Locadia. Uns traballos para os que o Concello de Guitiriz destinou 94.785,4 euros en total e que están financiados a través do Plan Único da Deputación de Lugo.

Por unha banda, na parroquia de Trasparga aglomerouse a través dun proxecto valorado en 32.971,93 euros a vía que vai desde a N-VI ata a Igrexa pasando por

Vilanova e tamén o camiño que une Pena Moscosa coa igrexa, esta última actuación cun custo de 38.961,15 euros. Doutra banda, na parroquia de Santa Locadia, destináronse 22.852,27 euros para a pavimentación do acceso a Digañe e Raposeira.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, avanzou a intención “de seguir mellorando paulatinamente os camiños e vías da rede municipal”.

O Pleno de Guitiriz acorda os festivos para o próximo ano

Na última sesión plenaria aprobaron os festivos locais que terá o concello de Guitiriz o ano entrante. Quedaron definidos o martes de Entroido e o luns 3 de agosto despois do Festival de Pardiñas, xa que o San Xoán é festivo nacional. Fíxose cos votos a favor do PSOE e PP e a abstención do BNG.

Ademais, aprobáronse por unanimidade a modificación puntual do regulamento de réxime interior do PAI, a caducidade do procedemento de investigación da titularidade do camiño público/vía pú-

blica que conecta a rúa Os Casás coa Rúa Amor de Deus, así como a modificación puntual da RPT e da Plantilla de persoal.

Por outra banda, aprobouse un Recoñecemento Extraxudicial de Créditos cos votos a favor do PSOE e as abstencións de PP e BNG.

Na quenda das mocións do BNG, foi rexetada a que levaba por título mellorar a democracia e a transparencia. A segunda, aprobada por unanimidade foi realizada en favor da liña ferroviaria A Coruña-Monforte-Ponferrada.

Aprobados investimentos en mellora da seguridade viaria e equipamentos

O Concello de Guitiriz vén de aprobar un investimento de 339.435'16 euros para acometer un total de 3 proxectos que teñen que ver coa mellora da seguridade viaria e a adquisición de equipamentos.

Un deles é a adquisición dun camión con basculante e guindastre que suporá un investimento de 88.572 euros con cargo aos fondos que achega o Plan Único da Deputación de Lugo e que permitirá ao Concello acometer traballos para os que antes non dispo-

ñía das ferramentas necesarias.

Ademais, tamén se aprobou un proxecto valorado en 142.461,88 euros para o mantemento do camiño que dá acceso á parroquia de Santa Mariña e Mariz, desde Santa Mariña ata a P-23-02. Esta actuación tamén se financiará a través do Plan Único.

Por último, aprobouse tamén o expediente de contratación da obras de mantemento e mellora do camiño desde a LU-170 á LU-PR-23-01 pasando polo Seixo, O Cando, Vilargabín e a Tolda, nas

parroquias de San Salvador e Os Vilares, que conta cun orzamento de 108.401,48 euros e que se levará a cabo con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Municipais 2019-2020 da Consellería de Medio Rural (Agader).

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, destacou o “importante investimento que está a realizar o goberno local en materia de seguridade viaria” e explicou que “o obxectivo é continuar mellorando paulatinamente a rede de camiños e vías municipais”.

A décima Feira da Galiña de Mos terá lugar o 27 de outubro

O último domingo deste mes será a Feira da Galiña de Mos, na parroquia de San Xiao de Mos, en Castro de Rei, na que os criadores desta afamada galiña amosarán na exposición os mellores exemplares.

A feira, que chega á súa décima edición, contará coa feira de artesanía e o tradicional concurso e exposición de exemplares desta raza, o cal está organizado por Avimós, a Asociación de Avicultores de Raza Galiña de Mos. Ademais, xunto á exposición haberá un concurso a mellor parexa, mellor galo, e mellor pita. O punto principal da xornada será a degustación, que dará comezo ás 13.30 horas co reparto de racións a un prezo de 10 euros e que consistirán en polo, patacas, ovos e queixo con bebida engadida.

Previsiblemente, serviránse un total de 800 racións como anos



anteriores, e os tickets poderanse adquirir nun stand colocado pola organización. Estarán á venda dende dous días antes por parte da organización ou o mesmo día da feira.

No apartado musical, destaca a actuación do grupo Jose Amido de Roás, e para rematar a xornada haberá xogos populares pola tarde.

Duancos acolle o 26 a IV edición da Ruta Cabalar

A parroquia de Duancos, en Castro de Rei, acollerá o 26 de outubro a cuarta edición da Ruta Cabalar, que dará comezo ás 9.45 cunha misa solemne na igrexa de Duancos en memoria de Tatiana Vázquez, asasinada en Lugo.

Ás 10.30 terá lugar a saída da ruta dende a Lenda de Quercus con almorzo antes da saída e parada con pinchos á metade do percorrido para repoñer forzas.

Esta actividade terá a súa conclusión ás 14.00 horas tamén na Lenda de Quercus, onde se fará un xantar. Para participar nesta comida non é necesario facer a ruta pero si estar anotado.

Tamén haberá sorteos, agasallos e música con Verónica Cambón.

Así, os interesados en sumarse á ruta e ao xantar deberán poñerse en contacto coa organización antes do 22 de outubro nos teléfo-



nos 626 119 930 (Cristian) ou 619 714 820 (Mónica).

A organización lembra que esta ruta non é unha competición, é un paseo a cabalo polo que cada participante deberá responsabilizarse dos danos que poida ocasionar a súa montura.

O Concello licita obras por importe de 613.000 euros

O concello de Castro de Rei vén de licitar estes días varias obras públicas que acadan un importe total de 613.000 euros distribuídas en seis bloques.

Así, 274.537 euros procedentes do Plan Único da Deputación provincial de Lugo do exercicio actual destinaranse á rehabilitación de varias vías municipais do concello.

Outros 92.491 euros, procedentes neste caso do Plan de Mellora de Camiños da Xunta de Galicia, empréganse na rehabilitación doutras vías municipais.

Outra partida de 30.000 euros, procedente tamén da Xunta de Galicia, máis concretamente de Turismo, financiará a mellora dos accesos ao vía crucis e monumento do Sagrado Corazón, ubicado na parroquia de Santa Locaia.

Do Igvs proceden os 37.104 euros cos que se financiará a obra de rehabilitación dunha vivenda municipal no núcleo de Matodoso.

Xa con cartos tamén da Deputación provincial, 133.000 euros utilizaranse para levar a cabo a terceira fase de execución do campo de fútbol de adestramentos de Castro Ribeiras de Lea, unha obra moi demandada polos deportistas do municipio.

Finalmente, outra partida da Xunta de Galicia, nesta ocasión de Deportes, destinaranse para dar comezo ás obras de instalación de torres de iluminación no campo de adestramento de Castro Ribeiras de Lea.



As obras nas beirarrúas de Castro teñen un orzamento de 266.500 euros

BEIRARRÚAS. O Concello xa comezou coas obras de mellora de 1,2 quilómetros de beirarrúas da estrada LU-113 que une Rozas con Abadín, no núcleo de Castro Ribeiras de Lea, obras subvencionadas cunha achega que supera os 266.500 euros.

Os traballos, que teñen un prazo de execución de oito meses, desenvolveranse nun treito comprendido entre as proximidades do cemiterio de Duarría, punto quilométrico 3,820, e o centro urbano da localidade punto quilométrico 5,060; en concreto á altura do cruce entre a praza Galicia e a praza Irmáns Fernández Quintana. O obxectivo é proporcionar aos veciños unhas estruturas de paso no mellor estado, que permitan unha circulación segura, illada dos vehículos e proporcionen as condicións de accesibilidade, comodidade e estética que a sociedade require.

A obra supón unha renovación e modernización das beirarrúas e incluír espazos de nova construción. Os treitos terán un novo pavimento con baldosa hidráulica e con adaptacións que garante a súa accesibilidade para persoas con mobilidade reducida e tamén, grazas ao pavimento táctil, o uso por persoas invidentes. O proxecto tamén inclúe a colocación de ramplas de acceso aos garaxes e propiedades particulares e a mellora da sinalización vertical e horizontal, as marcas viarias e sinais de tráfico. Ademais está incluída a reposición e, no seu caso o traslado á zona ampliada, de servizos. Finalmente os traballos inclúen a construción dun novo paso de peóns sobreelevado, que ata o momento non existía, para controlar a velocidade dos condutores á altura da factoría do Grupo Sada.

Arrinca o programa Educando en Familia

Comezaron un ano máis as reunións informativas sobre o programa Educando en Familia, que será impartido polas orientadoras do anterior Preescolar na Casa.

Este programa educativo, financiado exclusivamente polo Concello, vai dirixido ás familias con nenos e nenas que teñan entre 0 e 3 anos de idade acudan ou non a outros centros educativos. O obxectivo do mesmo é contribuír á formación das familias e axudar a desenvolver plenamente as capacidades dos nenos.



Portas abertas no Centro de Recría. Con esta iniciativa, déuselle a oportunidade aos gandeiros da provincia de observar como se traballa cos animais dende a súa chegada ata a súa partida, reparando ao detalle no coidado que desenvolven as persoas que se ocupan deles. Ademais, puideron visitar cada un dos espazos que integran o centro da man de expertos e profesionais.



A choiva non restou relevancia nin visitantes á feira do poldro

Un ano máis, pero nesta ocasión con momentos de choiva e o rastro dunha treboada, Muras celebrou unha exitosa Fera do Poldro, a primeira que conta coa distinción de Festa de Interese Turístico de Galicia.

Un total de 450 animais baixaron aos 25 curros que se puxeron neste espléndido paraxe do monte da Gañidoira. Tamén miles de visitantes de achegaron a este recuncho para participar de todas as actividades organizadas polo Concello para seguir dando pulo a esta festa, que clausurou xa a súa 32 edición.

Nos concursos de gando, a gandería Valencia, que participou con 62 exemplares foi recoñecida como a máis numerosa e tamén gañou o premio á mellor cría de vacún. Celia Rei presentou o mellor semental; Alejo Doval, a mellor vaca reproductora, e José María Chao, o mellor lote. Os mellores semental, egua e poldro foron respectivamente Moro,



Unha imaxe da celebración da feira deste ano

Noite e Fiona, da gandería muresa O Porto, que tamén se fixo co premio ao mellor lote.

Así mesmo, recoñeceuse o labora das asociacións de calbaliros que levan anos sendo fieis a esta cita. Todos eles recibiron un simbólico cabalo de Sargadelos.

Un dos momentos de máis éxito foi a tarde, que acolleu senllas carreiras de cabalos, a de afeccionados e a de

profesionais, que foron seguidas e aplaudidas polos presentes.

E non faltou tampouco unha das citas de máis éxito, a degustación da hamburguesa Gañidoira, elaborada dende hai tres anos polo cociñeiro Antonio Díaz con carne de poldro e porco celta, queixo San Simón, pan de espelta e maionesa de soia. Sérvense unhas 500 racións e sempre quedan en pouco.



Estado da Ponte Bermuz, trala finalización das obras

Rematan obras pendentes e licítase a mellora do cemiterio

O Concello de Muras adxudicou os traballos de mellora do cemiterio municipal, con cargo do Plan Único 2018, que se encontraban pendentes dende hai tempo e que xa tiñan o orzamento destinado. Trátase de reparacións de importancia neste servizo que estaban comprometidas de realizar. As obras comezarán estes días e non tardarán moito en rematar, segundo anunciou o alcalde da vila, Manuel Requeijo.

Por outra banda, un freixe de obras están a rematar estes días. Unha delas é o Centro de Interpretación Medioambiental, ubicado na coñecida como Casa do Médico, que contará cun salón de actos con capacidade para 50 persoas.

Este proxecto forma parte das iniciativas non produtivas financiadas con 62.900 euros a través do GDR Terra Chá, e encamiñadas á prestación de servizos públicos gratuítos, a impulsar dotacións e a mellorar a calidade de

vida no medio rural.

Outra das obras que está a piques de rematar é a da traída da auga da Xestosa, que se atopa ao 75% da súa execución e avanza dentro dos prazos previstos. As previsións son que no mes de novembro os veciños desta parroquia conten con auga da traída nas súas casas.

Finalmente, remataron tamén as obras na ponte Bermuz, que supuxeron o arranxo desta vía de comunicación co concello de Vilalba, que levaba moitos anos en espera.

Esta ponte foi a solución para que os veciños puideran cruzar o río Eume no lugar da Balsa, nun enclave de gran beleza e tradición. A obra está financiada pola Deputación provincial tralo acordo ao que chegaron os mandatarios dos concellos de Muras e Vilalba antes do cambio de goberno e que foi moito motivo de disputa mentres a ponte seguía en declive.

Volveron as bolsas para estudantes

O Concello de Muras volveu sacar este ano as bolsas para estudantes a través dun fondo de subvencións en concepto de bolsas a familias, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades compensando solidariamente as desigualdades económicas e favorecendo a inclusión social, para, desta maneira, evitar situacións de emerxencia social.

Para elo, establecéronse bolsas para a compra de libros e material didáctico complementario para alumnos de educación infantil, primaria e secundaria, educación especial, bacharelato, formación profesional e estudos universitarios. Para gastos de alugueiro e transporte para alumnos de bacharelato, formación profesional e estudos universitarios.

Para ser beneficiario destas axudas o estudante debe estar empadroado no Concello de Muras cunha antelación de 1 ano no momento da convocatoria e ata a finalidade do curso escolar para o que se lle concede a axuda; e que teña a residencia habitual e efectiva en Muras. No caso de axuda para material didáctico complementario, é necesario que o alumno curse estudos de educación infantil ou primaria en centros situados no Concello de Muras. No caso de axuda por transporte e alugueiro, o estudante debe cursar estudos para os que fora necesario desprazarse ou aloxarse fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo.

Para a adxudicación da contía ligada

á residencia do estudante durante o curso requirirase que o solicitante acredite a necesidade de residir fora do domicilio familiar durante o curso, por razón da distancia entre o mesmo e o centro docente, os medios de comunicación existentes. No caso de axuda a estudantes que cursen estudos universitarios, este ten que estar matriculado en titulacións de estudos oficiais ou propios da Universidade fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo.

O Concello convoca unha praza de traballador social

O concello de Muras vén de convocar unha oposición para unha praza de traballador ou traballadora social en réxime laboral fixo e a través de convocatoria libre.

O posto de traballo está dentro do Grupo A (Subgrupo A2) e ten unha dotación económica de 25.540,91 euros/brutos anuais a xornada completa.

Para optar cómpre posuír a titula-

ción de diplomado en Traballo Social ou equivalente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, que será a mediados do mes en curso.

A fase de oposición consistirá na realización de 3 probas de capacidade e aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes. Entre as probas teóricas e prácticas figura tamén un exame de tradución ao galego.



Finaliza a obra de mellora no polígono e licítan xa os traballos na Ponte

O Concello de Rábade rematará estes días a obra de mellora que se está a realizar no polígono industrial e que se atopa dentro dun programa de achegas posto en marcha pola Xunta de Galicia. Os traballos que se están a realizar consisten na mellora da unión da avenida Bos Aires co polígono, unha obra que ten un orzamento de 60.000 euros. Deste xeito repárase a vía de unión da zona industrial co centro da vila, unha das obras máis demandadas.

Por outra banda, o concello tamén realizará a obra de mellora e acondicionamento do barrio da Ponte, que contempla tamén o amaño da rúa José Pardo, na contorna da Ponte Medieval. Este proxecto, que vén de sacar a licitación, ten un orzamento de



Estado actual da estrada José Pardo

129.630 euros cantidade á que o Concello realizará unha achega de 8.152.

O proxecto, que se executará no presente ano, supón a recuperación do pavimento orixinal, re-

novación de servizos, execución de novas beirarrúas, adecuadas á contorna desta emblemática zona, e carril bici, así como unha franxa de zona verde, para separar a zona rodada da zona peonil.

O colexio incorpórase ao Plan de mellora de bibliotecas

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou no Diario Oficial de Galicia a resolución da convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería, para o curso 2019/20. Ao abeiro desta orde, incorpóranse ao programa un total de 28 centros públicos en toda Galicia e outórganse axudas aos restantes 652 centros que formaban xa parte do PLAMBE.

Na provincia de Lugo incorpóranse ao programa tres centros, o CEIP Plurilingüe do Corgo (O Corgo), o IES Enrique Muruais (A Pontenova) e o CEIP Otero Pedrayo (Rábade).

Cunha dotación orzamentaria de 1.340.000 euros, a convocatoria ten como obxectivo o apoio aos novos centros que se sumen ao programa, así como a continuidade por parte dos centros que se foron incorporando nas anteriores convocatorias. As axudas para as novas incorporacións estarán destinadas á actualización dos fondos documentais da biblioteca escolar, á renovación do mobiliario e outro equipamento necesario, así como para outros gastos de funcionamento. Á hora da selección dos centros, a Consellería dá preferencia, en igualdade de puntuación, a aqueles situados no ámbito rural.



O centro de menores Santo Anxo de Rábade

O Concello convocou a nova liña de axudas á escolarización

O Concello de Rábade volve ofrecer este ano as axudas polo inicio do curso. O Concello ten establecida esta liña de axudas económicas para cubrir os gastos derivados da compra de libros de texto e material escolar, roupa e calzado para este curso 2019-20, para o ensino obrigatorio e infantil, que non cubran as axudas autonómicas.

Os requisitos para poder solicitar estas axudas son estar

empadroados no Concello con anterioridade a tres meses, ter un menor cursando algún destes estudos nalgún dos dous centros da localidade e non superar os 5.000 euros de renda per cápita.

O Concello aclara que non se poden solicitar as axudas para os libros que xa financia a Xunta de Galicia pero si para os que non sexan financiados e tamén para material escolar, roupa e calzado.

O Otero Pedrayo cumpriu 50 anos

O colexio Otero Pedrayo de Rábade celebrou o seu 50 aniversario o día 21 de setembro cun xantar popular no que participaron profesores e alumnos e tamén moitos membros da comunidade educativa de anos anteriores.

O acto principal foi un gran xantar na que participaron máis de 200 persoas, pero a programación non quedou aí e completouse con diferentes sorpresas e sorteos como unha estancia nun spa, unha cea no restaurante Coto Real ou outros moitos agasallos. Non faltou a música nin os fogos de artifício.

A celebración arrincou ás 14.00 horas co descubrimento dunha escultura, acto no que participaron diferentes autoridades. Dita escultura, realizada polo canteiro vilalbés Pepón Gómez, manterase á entrada do centro como símbolo do paso do tempo.

Saen a licitación as obras de renovación do Santo Anxo

A Consellería de Política Social vén de publicar a licitación das obras de renovación e ampliación das instalacións do edificio principal do centro de menores Santo Anxo da Garda, en Rábade. O proxecto conta cun orzamento de licitación de 201.150 euros.

As empresas interesadas teñen de prazo ata o día 14 de outubro para presentar as súas ofertas.

Os traballos consistirán na substitución de parte das ventás, o acondicionamento de dous aseos -incluíndo a adaptación para mellorar a accesibilidade-, reforma do teito na zona da entrada, reposición de portas, pintado interior e mellora do chan, entre outros. Tamén se mellorará o sistema de seguridade.

O prazo de execución dos traballos será de dous meses. Toda a información necesaria para concorrer á licitación pode atoparse na plataforma pública Contratos de Galicia.

Larilandia
centro de ocio infantil

- CELEBRACIÓN DE CUMPLEAÑOS
- ANIMACIÓN DE EVENTOS
- ZONA DE JUEGO Y CAFETERÍA
- HINCHABLES
- FIESTAS TEMÁTICAS
- ORGANIZACIÓN DE TALLERES
- PINTACARAS Y GLOBOFLEXIA

TEL. 620 41 73 83
Novo Cazón, 12 bajo - Vilalba (Lugo)

TAPAS DESAYUNOS
CAFÉS RACIONES
PINGHOS CENAS
BOCADILLOS TOSTAS

A TABERNA DE PANCHO
Avenida de Galicia N°15-17 bajo. (As Pontes)
Tlf: 981074524

pol

EN BREVE

TEATRO . A actuación teatral prevista para o 26 de outubro no Centro Sociocultural de Mosteiro foi aplazada para o 9 de novembro ás 16.30. Nesta ocasión a Asociación Cultural Abrente fará desfrutar a todos os públicos da obra *As pastillas de Farruco*.

CHIMCHIRIBOTE. A Asociación Cultural Chimchiribote retomará estes días a actividade coa celebración dun obradoiro teatral, desta volta con dous grupos. A novidade é que un deles estará aberto a todas as persoas dende os oito anos de idade favorecendo o contacto e relación interxeracional. Este taller aberto a toda a poboación levarase a cabo os venres a partir das cinco da tarde no Centro Sociocultural. Outro será os martes a partir das 21.30h no mesmo lugar. Os interesados en obter máis información ou apuntarse poden chamar ao 679 865 866.

CURSOS. A Asociación Mulleres Rurais Olvido vén de comezar os cursos no local da Carballeira, entre os que figuran o de ioga. Así, comezaron os de ganchillo, calceta, costura básica, bolillos e natación. A maioría rematarán en decembro, e está aberta aínda a inscrición.

Organizan un roteiro de Mosteiro a Suevos o día 26

O cura de Mosteiro de Pol está a organizar un roteiro de Mosteiro a Suevos para o día 26 de outubro, como acto de clausura do Mes Misionero Extraordinario.

Esta xornada, que será duns 6 quilómetros, dará comezo ás 10.00 da mañá coa recepción dos camiñantes na Casa da Cultura de Mosteiro e

un acto-testemuño dun sacerdote e unha laica que contarán a súa experiencia nas misións.

Ás 13.30 será a misa en Suevos, e acto seguido será o xantar popular para o que hai que reservar chamando a Jesús, o cura de Suevos, ao 608 010 147 ou a Miguel, cura de Mosteiro, 658 370 318.



Día dos Maiores. As tres residencias de maiores de titularidade provincial, ao cargo da Deputación, celebraron o Día Internacional das Persoas Maiores coa visita ao centro de Pol. Os usuarios participaron en diversas actividades para celebrar este día, como un photocall, baile, bingo e obradoiros. Recibiron tamén como sorpresa unha mensaxe gravada de Xosé Ramón Gayoso, o famoso presentador do programa Luar.

begonte

Actividades socioculturais e deportivas para este curso

O Concello de Begonte presentou a programación de actividades socioculturais e deportivas para este curso 2019/2020, que este ano ofertan un total de 12 modalidades.

Así, o primeiro prazo de inscrición xa pechou pero o segundo é do 7 ao 17 de xaneiro. As persoas interesadas deberán entregar o formulario que se facilitará no Concello ou pola sede electrónica.

Nestas actividades pódense atopar unha ampla variedade de actividades para nenos de hóckey

en patíns, multideporte, robótica, natación, taekwondo, ximnasia rítmica, tenis, fútbol sala, teatro, música, zumba e xadres.

Dentro das actividades ofertadas para os adultos atópanse restauración de mobles e tapicería, pintura, manualidades, aqua fit, baile de salón, pilates, estimulación cognitiva, aeróbic, ioga, ximnasia de mantemento, internet, zumba e tenis.

A duración das actividades será do 1 de outubro ao 30 de maio do 2020.

Representaranse tres obras de teatro estes dous meses

O Concello de Begonte organiza para o 19 de outubro ás 19.00 horas, na Casa da Cultura da localidade, unha obra de teatro baixo o título *A comedia bífida*, a cargo de Toporoutou.

Así mesmo, ten programadas dúas obras de teatro máis para o mes de novembro. De feito, o día 16

ás 18.00 horas será a vez de *O Lazarillo do Miño* a cargo de Os Pinchacarneiros e a fin de seguinte representárase, a partir das 18.00 horas, unha obra de Curuxan Teatro Impro que leva por título *Improvincia*. As tres representacións están dentro do programa Buxiganga, da Deputación provincial.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

PARCELAS DISPONIBLES

POLÍGONO INDUSTRIAL DE FRIOL

Fogar de Maeloc abre un club de lectura e comeza as súas actividades mensuais

O Hábitat Cultural Fogar de Maeloc, situado na Casa da Cultura da Pastoriza, iniciou as súas actividades coa posta en marcha dun club de lectura.

Este proxecto parte da iniciativa de María López, Montse Cabaneiro e Sonia Dorado. Estas tres veciñas pastoricensas concibiron a idea logo de reflexionar sobre os datos asociados ao escaso tempo que se lle adica á lectura. O obxectivo do club é fomentar a lectura coma unha ferramenta para comprender ideas, aprender a relacionarse e establecer un pensamento crítico. “Tendo en conta que contamos cos recursos e medios necesarios só nos faltaba atopar un grupo de xente ao que lle guste a lectura e aprender”, di María López. As creadoras de *Entre liñas* coinciden á hora de destacar as vantaxes desta activi-

dade: estimular a imaxinación, os sentidos e as emocións.

ACTIVIDADES. O hábitat Cultural Fogar de Maeloc, ubicado na cafetería da Casa da Cultura da Pastoriza iniciará este mes de outubro as súas actividades mensuais.

Trala posta en marcha dun club de lectura, iniciárase tamén un espazo de estudo neste lugar todos os días de luns a vernes, entre as 15.40 e as 19.00 horas co obxectivo de que podan facer os deberes e estudar neste lugar todos os rapaces que saen colexio.

Ademais, e xa para adultos, todos os martes entre as 16.30 e as 17.45 horas haberá ioga para todas as idades. Os interesados en participar poden facer a súa reserva no 622 913 968.

O Concello renovará o firme nas vías do polígono industrial

O Concello da Pastoriza renovará o firme dos vias do parque empresarial da Pastoriza, tal e como quedou reflectido en xunta de goberno, cando se aprobou a adxudicación do contrato.

Esta obra vén a completar outras realizadas nas últimas datas tamén neste centro industrial do concello, como a colocación de luminarias, o longo de varias fases, ou o cambio do saneamento, realizado este último antes do cambio de ano.

A concelleira nacionalista Elva Carrera González asinou o contrato coa empresa Ovisa para a renovación do firme do viario do parque empresarial da Pastoriza. A obra conta cun orzamento de 84.518,50 euros e ten unha achega da Xunta de Galicia do 80%.

A construción do parque empresarial data do ano 1995 por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Actualmente xestiónase a través de Xestur. Conta cun total de 39 parcelas, todas elas vendidas, pero a día de hoxe algunha

continúan sin edificar.

A actuación que se plantexa é subsanar as deficiencias existentes no firme viario da 1ª fase, provocadas en parte polo paso do tempo desde a súa realización e posta en servizo, por outra banda as ocasionadas polas obras de condución do suministro eléctrico, executadas para garantir potencia eléctrica a algunhas das empresas alí instaladas, así como á piscina municipal, e as últimas obras realizadas para levar a cabo a rede separativa de augas, as cales se realizaron de forma subterránea mediante zaxas con cortes parciais no pavimento, o que provocou discontinuidades na capa de rodadura.

Para solventar estes problemas prevese levar a cabo unha capa de rodadura mediante aglomerado en quente, en espesores de 5,6 e 7 cm dependendo das zonas, así como a sinalización vial horizontal con pintura, delimitando as zonas de aparcamento, e cebreado.

O Concello rehabilita o cruceiro do Cristo da Castiñeira

O Concello da Pastoriza, en colaboración co Proxecto Carboeira, remataron xa co proceso de recuperación e restauración do cruceiro coñecido como Cristo da Castiñeira, situado na parroquia de Rigueira. O Concello foi o encargado de poñer en marcha a rehabilitación mentres que a asociación veciñal foi responsable da súa reubicación no lugar das Fontes, moi preto da antiga escola e fronte ao actual campo da festa da parroquia.

Esta rehabilitación foi feita por técnicos de patrimonio baixo a supervisión do mestre Mario Saavedra, un dos maiores especialistas de Galicia, que se encargaron de elaborar a



O Cristo da Castiñeira

cruz e o capitel de novo, ademais de acondicionar as demais pezas.

Esta mostra de patrimonio cultural pastoricense foi cedida por

Pedro García Abraira ao Concello. Atópase no barrio de Carreira, nun espazo no que fai anos os veciños celebraban as patronais e que actualmente está adicado a terras de cultivo, ao entrar dentro da reestruturación parcelaria polo que pasaba desapercibido. Agora ocupará un lugar destacado fronte ao actual campo da festa.

Nos labores de restauración, cuxo proxecto foi realizado polo goberno municipal da Pastoriza, traballaron dúas integrantes da Secretaría de Patrimonio da Xunta de Galicia, que se encargaron de elaborar a cruz e o capitel de novo, ademais de acondicionar as demais pezas.

Iglesias urxe á Deputación o amaño da estrada de Xemil a Campodoso

O presidente da Deputación, José Tomé, mantivo unha reunión co alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, para coñecer de primeira man as necesidades do municipio chairego. O encontro forma parte da rolda de contactos con representantes municipais e de colectivos que está a realizar o dirixente do organismo provincial logo da súa chegada á institución.

Nesta reunión, o mandatario pastoricense fíxolle chegar as necesidades inmediatas para o concello, que



Iglesias e Tomé trala súa reunión

pasaría en primeiro lugar por rematar o tramo final da estrada provincial entre Xemil e Campodoso.

Segundo indicou o alcalde, “foi unha xuntanza cordial de toma de contacto como no podía ser doutro xeito na que a preocupación principal era coñecer as urxencias, como está facendo con todos os concellos, para facer unha gradación de actuacións”. “Imaxino que a intención é facerse unha idea global, razón pola que lle transmitimos outras necesidades do concello”, concluíu.

Novos cursos de natación na piscina

Dado que a demanda de cursos de natación para adultos na piscina da Pastoriza segue medrando, o Concello vén de poñer en marcha outros dous cursos, un de iniciación ás 20.45 horas e outro de perfeccionamento ás 20.00 horas dos mércores. Terán prioridade as persoas que están en lista de espera, os demais interesados poderán inscribirse mediante un documento descargable na páxina web e ata ocupar as prazas libres.

A Pastoriza visibilizará ás mulleres do rural cun concurso de fotografía

Dende a Área de Muller e Igualdade do Concello da Pastoriza, no marco dos actos de celebración do día internacional da muller rural, organizará un concurso de fotografía co que se propón visibilizar a través da imaxe as mulleres rurais da Pastoriza. “O perfil de muller rural mudou moito ao longo destes últimos anos, xa non existe unha única forma que defina ser muller rural, xa que existe gran diversidade nos seus perfís; todas elas unidas por un único fin: vivir nunha contorna rural e afrontar o día a día con dificultades e obstáculos comúns. Hoxe en día o perfil de muller rural do século XXI é moi diverso: labregas, gandeiras, enxeñeiras, coi-

dadoras, economistas, xornalistas, empresarias, etc”, explican.

A través deste concurso quérese visibilizar a todas as mulleres e palpar desta forma a percepción que se ten da muller rural, “tendo claro que a muller é un pilar fundamental para avanzar nun rural con futuro e deben ser protagonistas deste avance”.

As fotografías serán publicadas no Facebook creado para a ocasión Concurso de Fotografía Muller Rural Da Pastoriza e poderán votarse a través do me gusta ata o día 14 de outubro. A fotografía que teña máis me gusta será a gañadora, que recibirá un agasallo o día 15 de outubro, día Mundial da Muller Rural.



O GDR-2, un impulso á Terra Chá

O organismo comarcal matén aberto o prazo de solicitude das súas axudas ás iniciativas de desenvolvemento rural

A Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá (GDR 2 Terra Chá), naceu no ano 2008. Dende o ano 2009 a 2015 xestionou as axudas LEADER 2007-2013 e na actualidade está xestionando as axudas LEADER 2014-2020 para os concellos de Abadín, A Pastoriza, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Guitiriz, Muras, Riotorto, Vilalba e Xermade.

A presidenta do GDR Terra Chá, Fe Legaspi Valiña, sinala que as axudas LEADER concedidas, no ámbito de actuación do GDR, nos anos 2017, 2018, e 2019 foron por importe de 2.730.216,29 euros para un total de 53 proxectos o que supón un investimento privado de 5.875.271,02 euros, a creación de 28,50 postos de traballo e a consolidación de 213 postos de traballo. As iniciativas aprobadas foron 36 proxectos produtivos, 12 proxectos non produtivos públicos e 5 proxectos non produtivos privados.

As achegas poden subvencionar entre un 30% e un 50% da actuación prevista

Os proxectos produtivos que solicitados son de diversa tipoloxía como: creación dunha empresa de multiaventura, creación dun negocio de comida vegana, creación dunha pensión, creación dunha carpintería metálica; ampliación de instalacións en empresas existentes como queixerías, madeiras, empresas de mecanizados, de exeniería, fábricas de mobles; tamén destacan os proxectos de eficiencia enerxética. En canto a iniciativas non produtivas privadas destacan, entre outros, a creación dun centro para transtornos e de patoloxía dual, equipamento para un obradorio de carpintería. Por último están os proxectos non produtivos das entidades locais.

Fe Legaspi Valiña, lebra que o prazo de solicitude para estas axudas está permanentemente aberto e cada ano hai dous períodos de selección de proxectos polo tanto nestes momentos xa se poden solicitar axudas

contra os fondos do ano 2020. Os beneficiarios destas axudas poden ser as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado,

O prazo de solicitude para estas axudas está permanentemente aberto

as entidades públicas de carácter local ou comarcal e as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Poden ser obxecto das axudas LEADER os investimentos no sector da produción agraria primaria, investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais, investimentos que supoñan a diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias, investimentos que supoñan a creación, creación e ampliación de empresas do sector turístico, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias e investimento en proxectos non produtivos que teñan un interese xeral que non su-

poñan o inicio dunha actividade económica.

Entre outros poden ser subvencionables a construción, adquisición e mellora de inmuebles, adquisición de terreos, adquisición de maquinaria e equipamentos novos que teñan relación cunha actividade económica, adecuación de naves ou negocios para unha actividade empresarial ou profesional. As axudas poden subvencionar entre un 30% e un 50% da actuación prevista. Para presentar unha solicitude ou pedir información sobre esta convocatoria de axudas as persoas interesadas poden acudir ás oficinas do GDR Terra Chá en Vilalba.



Fe Legaspi, presidenta do GDR-2

COMO SOLICITAR

Para a presentación de solicitudes os interesados deben entrar na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), sendo obrigatorio para persoas xurídicas e entidades públicas a presentación por esta vía, ou ben dirixirse as oficinas do GDR no caso de persoas físicas.

Para máis información pode acudir as oficinas da Asociación para o Desenvolvemento da Terra Chá – GDR2 en Vilalba.

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, rúa Carmiña Prieto Rouco s/n.

Teléfonos de contacto
982 512 369 / 982 523 013
terrachanaturalmente@gmail.com



As axudas deseñadas polo GDR están orientadas a todo tipo de traballos e iniciativas de desenvolvemento

Resumo proxectos produtivos privados
2017-2018-2019

ACTUACIÓN	CONCELLO	INVESTIMENTO	AXUDA
Laboratorio de I+D+i e protección de datos	Vilalba	136.166,33	57.530,27
Instalación dun secadoiro de madeira	Xermade	236.315,00	102.206,23
Instalación dun obradoiro de cociña vexetariana	Xermade	19.654,26	9.782,13
Exposición interactiva de maquinaria agrícola	A Pastoriza	230.777,99	105.580,93
Empresa multiaventura	Riotorto	88.429,75	42.888,43
Instalación para actividade madeireira	Castro de Rei	346.698,03	163.814,81
Rehabilitación dun muiño de auga	Cospeito	29.215,00	14.607,50
Adquisición de maquinaria para empresa de mecanizados	Vilalba	180.000,00	30.595,56
Mellora da eficiencia enerxética	Cospeito	216.137,01	95.100,28
Estación de repostaxe	Abadín	260.156,00	130.078,00
Mellora da eficiencia enerxética	A Pastoriza	202.693,50	80.570,66
Centro de transformación de maderables	Castro de Rei	206.030,32	85.749,82
Adquisición de maquinaria empresa lactea	Castro de Rei	29.730,30	13.081,33
Productos mínimos viables	Vilalba	44.263,11	16.873,10
Mellora de tenda de venda de produtos lácteos	Vilalba	20.314,05	7.465,41
Mellora da eficiencia enerxética	Riotorto	119.932,00	56.667,87
Mellora da eficiencia enerxética	A Pastoriza	210.768,00	93.264,84
Adquisición de maquinaria e equipamento empresa enxeñeiría	Vilalba	135.909,86	54.024,17
Adquisición de cernedor e a súa instalación	A Pastoriza	18.594,00	9.157,55
Modernización de tenda de suministros agrícolas	Vilalba	54.594,60	20.609,46
Creación de empresa de reparación e mantemento de vehículos de motor	Castro de Rei	38.809,01	14.262,31
Adquisición de maquinaria para empresa de mecanizados	Vilalba	135.000,00	62.437,50
Ampliación de las instalacions de empresa de fabricación de maquinaria	Vilalba	24.103,17	8.496,37
Adquisición de maquinaria para taller mecánico	Vilalba	64.665,20	20.207,88
Construción nave para ampliación taller mecánico	A Pastoriza	358.000,00	151.255,00
Acondicionamento do local para a actividade de autoservicio de lavandería	Castro de Rei	45.010,69	20.367,34
Mecanización de linea de produción de fábrica de muebles	Riotorto	120.000,00	52.500,00
Adquisición de maquinaria para empresa de mecanizados	Vilalba	171.080,00	68.004,30
Equipamento para empresa de formación	Vilalba	43.067,53	14.535,29
Rehabilitación de edificación para pensión	Guitiriz	300.177,34	113.316,94
Carpintería metálica	Castro de Rei	183.544,19	87.183,49
Instalación grupo de aspiración de viruta para alimentación de caldeira de biomasa	Xermade	22.885,00	9.897,76
Adecuación local venta público de empresa informática	Vilalba	88.981,92	35.370,31
Adquisición de maquinaria para empresa láctea	Vilalba	35.410,10	16.731,27
Adquisición de GPS	Vilalba	6.195,00	1.997,89
Mellora da eficiencia enerxética	Castro de Rei	22.982,40	11.491,20
TOTAL PRODUCTIVOS		4.446.290,66	1.877.703,20

53 proxectos be



Centro para transtornos e patoloxías duais



Instalación dun obradoiro de cociña vexetariana



Adquisición de cernedor e a súa instalación



Instalación para promoción da feira



Laboratorio de I+D+i e protección de datos

Beneficiados



Instalación para actividade madeireira



Rehabilitación dun muíño de auga



CIN de Bretoña



Adquisición de maquinaria para empresa de mecanizados

Resumo proxectos non produtivos públicos 2017-2018-2019

ACTUACIÓN	CONCELLO	INVESTIMENTO	AXUDA
Rehabilitación do Mazo de Ferreiravella	Riotorto	8.999,98	7.469,98
Instalación para promoción da feira	Castro de Rei	69.305,13	41.583,08
Reforma centro de día	Abadín	71.717,52	62.752,83
Rehabilitación de edificación para centro de día	Guitiriz	84.450,12	67.137,85
Centro sociocomunitario	Vilalba	86.394,00	66.955,35
Adecuación centro social	Riotorto	34.969,00	21.505,94
Acondicionamento de telecentro e aula informática	Begonte	74.321,53	63.173,30
Rehabilitación etnográfica en Folgoso	Xermade	79.999,97	63.199,98
Creación dun parque biosaudable en Muras	Muras	72.708,49	62.892,84
CIM de Bretoña	A Pastoriza	84.500,00	64.220,00
Ampliación de dous recintos feirais	Cospeito	45.743,16	26.302,32
Parque biosaudable en Feira do Monte	Cospeito	43.558,01	35.935,36
TOTAL NON PRODUTIVOS PÚBLICOS		756.666,91	583.128,82

Resumo proxectos non produtivos privados 2017-2018-2019

ACTUACIÓN	CONCELLO	INVESTIMENTO	AXUDA
Centro para trastornos e patoloxías duales	Castro de Rei	568.443,22	200.000,00
Integración da mocidade no sector agrogandeiro	Cospeito	14.434,25	12.430,83
Equipamento de carpintería para obradoiro	Vilalba	21.300,35	16.507,77
Melloras de infraestructuras de local en Bretoña par atracción de visitantes	A Pastoriza	58.100,03	31.664,52
Integración da mocidade no sector avícola	Cospeito	10.035,60	8.781,15
TOTAL NON PRODUTIVOS PRIVADOS		672.313,45	269.384,27

Total anos 2017-2018-2019

ACTUACIÓN	CONCELLO
Total investimento privado	5.875.271,02
Total axuda pública	2.730.216,29
Emprego consolidado	212,98
Emprego creado	28,50



Integración da mocidade no sector agrogandeiro

Se vas a **emprender, ampliar ou mellorar** o teu negocio podemos axudarte **con fondos LEADER**

Chámanos!



Asociación Terra Chá (GDR-2)
Rúa Carmiña Prieto Rouco s/n
27800 - Vilalba
Telf/Fax: 982 52 30 13
terrachanaturalmente@gmail.com



TERRA CHÁ

Veciños da Pastoriza acusan á Xunta de desatención sanitaria

Veciños da Pastoriza denunciaron a perda de servizos sanitarios no concello e alertan da situación na que se atopa a atención médica no Centro de Saúde da localidade desde que se xubilou este verán un dos tres médicos de atención primaria que había, “unha redución na prestación sanitaria que se engade aos problemas existentes na atención pediátrica e no PAC de Meira”.

Nun escrito dirixido ao conselleiro de Sanidade, os presidentes de cinco asociacións de veciños do concello, pertencentes ás parroquias de Úbeda, Lagoa, Álvare, Reigosa e Rigueira, explican que “no Centro de Saúde da Pastoriza veuse producindo nos últimos anos un descenso acusado no número de profesionais sanitarios, pasando de 4 médicos a tan só 2 na actualidade”.

Explican que “polo de agora o Sergas está cubrindo a praza do médico que se xubilou puntualmente con interinos ou contratados temporais, pero non hai un facultativo fixo, o cal causa trastornos nos doentes pois cada vez que acoden a consulta aténdenos un médico de cabeceira diferente, poñendo en risco a súa saúde, pois os continuos cambios dificultan que o médico poida coñecer ben o historial do paciente, máis aínda debido á carga de traballo que soportan os médicos de



O grupo de veciñas que presentaron a queixa

atención primaria, e resulta evidente que o facultativo non pode ler e estudar o historial médico de cada paciente nunha consulta de 10 minutos”, argumentan.

SEN PEDIATRA. Os presidentes das asociacións de veciños pretenden tratar tamén co conselleiro outros asuntos que afectan á poboación do concello, dado que a perda de servizos de atención primaria engádesse aos problemas existentes coa atención pediátrica e co servizo de urxencias no PAC de Meira.

“No concello da Pastoriza contamos co servizo de pediatra compartido co concello de Meira, estando dous días á semana no centro médico da Pastoriza e tres no de Meira. Pero cando o pediatra titular colle vacacións ou está de baixa queda a praza descu-

berta obrigándonos a acudir ao pediatra de Vilalba”, denuncian as nais afectadas, que se sumaron tamén á petición de reunión co conselleiro.

MEIRA. Unha terceira problemática existente na Pastoriza ten que ver co funcionamento do Punto de Atención Continuada de Meira. Os veciños de Meira, A Pastoriza, Ribeira de Piquín, Pol e A Pontenova comparten o PAC do Centro de Saúde de Meira, onde hai un médico e un ATS de garda. “O problema xorde cando se dá unha urxencia domiciliar e o equipo de garda se ten que desprazar a aldeas afastadas do PAC, pois este queda descuberto. Se nese momento unha persoa acode a urxencias non hai quen o atenda, ocasionando largas esperas ata que o médico está de volta”, denuncian.

Recomendan vacinarse contra o sarampelo

Os internistas recomendan vacinarse contra o sarampelo aos nados entre 1970 e 1980 se teñen dúbidas de que estean inmunizados ou a aqueles que non lembren ter pasado a enfermidade, xa que revacinarse tampouco ocasiona ningún problema, segundo afirma o colectivo profesional.

Reino Unido, Grecia, Albania e a República Checa perderon en 2018 o estatus de país libre de sarampelo que establece a Organización Mundial da Saúde, OMS. En España a enfermidade está en alza, afirman os internistas, con algúns brotes que se ben non son preocupantes, serven de aviso para estar atentos.

É unha enfermidade vírica, contagiosa, que cursa con febre, catarro e características marcas no pel.

O cambio de frecuencias da TDT na comarca xa comezou

A partir do 18 de setembro, comezou o cambio de frecuencias de televisión dixital terrestre, TDT, en 58 concellos da provincia, sendo Galicia a primeira comunidade autónoma de Galicia na que se inician as actuacións do Segundo Dividendo Dixital.

Este cambio de frecuencias é un proceso que non implica a aparición nin desaparición de canles de televisión, que simplemente desprázanse de frecuencia, nin a obsolescencia de televisores nin descodificadores de TDT. Así mesmo, dependendo da súa tipoloxía, nalgúns edificios non será necesario adaptar as instalacións de recepción do sinal de televisión, mentres que nos que sexa preciso facelo a cidadanía non terá que asumir ningún custo, xa que poderá solicitar as axudas previstas polo Goberno.

Durante o cambio de frecuencias de TDT, co fin de facilitar a transición e minimizar o impacto para a cidadanía, as cadeas de televisión emiten simultaneamente a través das frecuencias nova e antiga, simulcast, antes de proceder ao apagado. Esta emisión terá unha duración de entre catro e seis meses na maior parte dos municipios.

En total, na provincia, 8.312 edificios, nos que residen 130.006 persoas, terán que adaptar as súas instalacións durante o proceso do Segundo Dividendo Dixital. A partir do 18 de setembro iníciase a emisión en simultáneo nas frecuencias nova e antiga dos 58 municipios que reciben o sinal de televisión do área xeográfica de Lugo. Pola súa banda, en Muras, incluído na área xeográfica de Coruña Norte, non haberá cambios.

Financiados varios obradoiros de emprego na Chaira

Anunciouse a posta en marcha de 14 obradoiros de emprego que implican a 32 concellos da provincia de Lugo, para o que se destina un orzamento de 4,4 millóns de euros. Estes obradoiros permitirán a contratación de 333 persoas, entre alumnos-traballadores, un total de 272 persoas, e persoal de dirección, administración e monitores, que farán 61 contratos.

Os beneficiarios recibirán formación que poderán acreditar cun certificado de profesionalidade, ao tempo que terán acceso a un contrato de traballo durante a súa participación na actividade.

Dos 14 obradoiros que se porán en marcha na provincia, 12 deles serán duais, cunha duración de 9 meses. Ademais, desenvolveranse dous talleres de garantía xuvenil, un en Lugo Atrium Tic e outro en Ribadeo Doc Tic III, dirixidos especificamente a mozos menores de 30 anos. Entre os criterios de valoración desta convocatoria destacaron a maior puntuación para os concellos asociados ou resultantes de fusións de dous ou máis muni-

cipios, así como para os concellos emprendedores.

Así mesmo, no caso dos obradoiros duais valorouse o desenvolvemento dun programa de inserción laboral mediante incentivos á contratación laboral do alumnado que os supere, durante un mínimo de tres meses, con contratos nunha empresa a xornada completa. No caso da provincia de Lugo, esta opción incorpóranse os obradoiros promovidos polos concellos de Vilalba, Becerreá e Castroverde -en cada caso asociados con outros municipios- e tamén o de Monforte de Lemos (individualmente).

No que respecta á distribución dos obradoiros, tres talleres involucran a 10 concellos da Terra Chá, Meira e a comarca de Lugo Terra Chá Dixital, Camiño da Chaira V e O Castro V, cun investimento de 1 millón de euros e 73 contratacións. O inicio dos obradoiros duais está previsto para o mes de novembro. En canto aos talleres de garantía xuvenil, en ambos casos xa se atopan na fase de selección de persoal e comezarán en breve.

Gadis e a Fundación Seedo fomentaron hábitos de vida saudables nas Pontes e Vilalba



Unha mostra das accións levadas a cabo nas dúas localidades

Supermercados Gadis continúa fomentando hábitos de vida saudables en colaboración coa Fundación para o Estudo da Obesidade Seedo no marco do programa Alixeira a túa vida. Por 5ª edición consecutiva, o tráiler coa exposición itinerante aterrou nas Pontes e Vilalba.

Monitores especializados guían a visita a través da exposición, que se compón de contidos multimedia, imaxes e actividades interactivas como o xogo dixital *Pon en orde a túa neveira*, que proporciona pautas para unha correcta alimentación. Pola súa banda, os máis pequenos

aprenden de maneira participativa coas pirámides físicas e o xogo de separación selectiva de residuos. O calendario de froitas e verduras de tempada é, en cada edición, un dos paneis orientativos máis consultados polo público de todas as idades.

Os contidos artículanse ao redor de tres grandes bloques temáticos: consellos para levar unha dieta sa e equilibrada e a importancia de realizar exercicio físico; pautas para que nos fogares o consumo sexa seguro e estea baseado na sustentabilidade; e información para evitar na medida do posible o desperdicio alimentario.

AO NOSO CARÓN

friol

Rematadas as obras de rehabilitación integral do centro sociocultural

A veciñanza de Friol dispón dun renovado centro sociocultural despois das obras de rehabilitación integral do edificio executadas polo Concello.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, visitou as instalacións, nas que queda pendente a dotación de novo mobiliario. A actuación está financiada a través dun convenio coa Consellería de Política Social, que contempla unha achega máxima de 400.000 euros.

Estas melloras contribúen a facer “máis habitable e funcional un espazo de uso público”, salientou Balteiro, quen apuntou que este tipo de intervencións “axudan a mellorar a calidade de vida das persoas que residen nas zonas rurais”, xa que facilitan o acceso a “servizos e instalacións que desfruta con normalidade a xente que vive no en-

torno urbano”.

O proxecto contemplou unha reforma completa do inmoble, tanto interior como exterior, que incluíu o illamento do edificio, a renovación da cuberta, a substitución das carpinterías exteriores e o cambio de pavimentos interiores. Actuouse tamén na instalación eléctrica e de fontanería.

Nas plantas interiores redistribuíronse espazos para acadar unha maior funcionalidade no seu uso e realizáronse actuacións encamiñadas a mellorar a accesibilidade.

O centro sociocultural de Friol foi inaugurado no ano 1997. Consta de tres plantas e alberga a biblioteca municipal, un salón de actos con capacidade para 300 persoas e aulas destinadas a diferentes usos, como as actividades e servizos de carácter social.

Este outono, ximnasia, baile e estimulación cognitiva

O Concello de Friol volverá contar este outono e inverno con ximnasia de mantemento para mulleres e cursos de baile de salón. Trátase novamente de cursos gratuítos dirixidos aos veciños deste termo municipal.

A ximnasia de mantemento para mulleres dará comezo o martes 15 de outubro e se celebrará os martes e xoves de 21.00 a 22.00 horas. O lugar escollido para a súa celebración é o pavillón polideportivo de Friol.

Así mesmo, volverán os cursos de baile todos os luns entre as

21.00 e as 22.30 horas no pavillón polideportivo de Friol, que estarán un ano máis a cargo dos bailaríns de Ritmolugo que todos os anos reúnen a un gran número de parellas. Nestas clases os participantes aprenden os distintos estilos de baile de salón e latinos. Por outra banda, o Concello de Friol comezou tamén a impartir os Servizos terapéuticos de estimulación cognitiva.

Estas clases de terapia individualizada son os luns e mércores de 16.00 a 18.00 horas no Centro Sociocultural de Friol.



Andaina popular. O Club de Atletismo Friol organizou un ano máis a súa tradicional Andaina Popular Concello de Friol, que percorreu lugares moi fermosos do territorio, e na que participaron dende bebés ata persoas de maior idade.

O Concello mellorará o Club Fluvial e a súa contorna

O alcalde de Friol, José Ángel Santos Sánchez, avanzou que xa se está a tramitar o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Friol para levar a cabo as obras de urbanización e mellora do Club Fluvial de Friol e a súa contorna.

José Ángel Santos Sánchez destacou que o importe da actuación elévase a 700.000 euros, dos que a Consellería abonará un 70%. Grazas a esta actuación, construírase unha nova edificación para o Club fluvial, para o que será necesario intervir no edificio actual -que ten máis de 40 anos e presenta un estado deficiente-, e urbanizaranse as piscinas existentes no complexo. En definitiva, se levarán a cabo obras para que un novo edificio ofrezca as condicións necesarias de seguridade, salubridade e habitabilidade, xa que o actual presenta humidades, filtracións e danos estruturais.

Destacouse tamén que esta ac-



O alcalde xunto á conselleira, visitando as obras

tuación executarase ao abeiro do Plan hUrbe, posto en marcha polo Goberno galego no ano 2010, para apoiar ás entidades locais con actuacións que creen ou humanicen espazos de uso público e promovan o reequilibrio territorial. A modo de exemplo, recordou que Friol se beneficiou deste Plan, coa execución dunha mellora da seguridade via-

ria na avenida da Coruña e A Reigosa, a través dun convenio que asinado no ano 2016 por importe de 370.000 euros.

Por último, o alcalde destacou que grazas a iniciativas como esta promóvese a recuperación do xa construído, cóidase a contorna e renóvanse infraestruturas que melloran a calidade de vida dos veciños.

San Paio de Narla presenta a programación de todo o ano dirixida a escolares

A vicepresidenta da Deputación de Lugo, Maite Ferreiro, e a xerente da Rede Museística Provincial, Encarna Lago, presentaron no Museo Fortaleza San Paio de Narla en Friol os programas de actividades escolares dos museos integrados na rede para o curso 2019-2020.

Os departamentos de didáctica dos catro museos -Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Torpoñen a disposición dos centros escolares unha programación novidosa que emprega o patrimonio para traballar os 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos pola Organización de Nacións Unidas (ONU) en 2015.

A xerente da Rede Museística, Encarna Lago, destacou que “os museos de Lugo serán os primeiros do Estado en que se traballe nos 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable que marca a Agenda 2030 e que son de obrigado cumprimento para as institucións culturais”.

Lago enfatizou o simbolismo de presentar unha programación pioneira en San Paio de Narla, “o museo no que se empezou a traballar no ámbito da didáctica, desenvolvendo actividades que supuxeron un amplo recoñecemento, mesmo internacional, para a rede museísta provincial”. “Con esta programación queremos volver a xenerar unha revolución educativa”, concluíu.

A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, subliñou a importancia de “transladar aos nenos e nenas o valor do que temos, darlles a posibilidade de coñecelo para que logo o valoren, o coiden e o queiran. Desde as institucións temos a obriga de traballar para que estes proxectos saian adiante e de coidar espazos coma este. Temos a obriga de deixalos en bo estado para as xeneracións que veñan”.

As actividades que se propoñen neste centro de Friol da rede museísta provincial poden consultarse nesta ligazón.

Castronela organiza o 26 unha nova edición do Samaín

A Asociación de recreación histórica A Castronela, en colaboración co Concello de Friol, celebrarán a quinta edición da tradicional festividade celta do Samaín o día 26 de outubro a partir das 16.30 horas. Como nos últimos anos, a asociación convida a todos a vir festexar o Samaín con actividades que se desenvolverán na contorna da Torre de San Paio de Narla, paseo fluvial do río Narla, xunto as piscinas e na contorna da ponte, no centro da poboación.

As actividades consistirán en baleirado de cabazas, xogos galaicos, recortables e figuras para colorear, pintado de facianas, desfile de ánimas, cholocalatada gratuíta, degustación de queixo e pan e conxuro e queimada.

Os organizadores deste evento estarán acompañados pola Asociación Socio-Cultural e musical Xesta Verde e polas asociacións Cohors III Lucensium e máis Lucus Icenais Miliatore. No caso de inclemencias meteorolóxicas, todos os actos trasladaranse ao pavillón Municipal.

Iniciadas as obras da senda peonil do polígono industrial

Iniciáronse as obras de construción dunha senda peonil e ciclista na estrada LU-232, para a mellora da mobilidade sostible no entorno do polígono industrial do Concello de Friol, por un orzamento de case 214.000 euros.

Estes traballos, adxudicados á empresa Grupo Bascuas 2008, teñen un prazo de execución de 6 meses aproximadamente, aínda que as obras se están a programar para tentar telas rematadas a finais deste mesmo ano.

Os traballos consisten na execución dunha senda compartida peón-bici á altura do polígono A Gándara - Baiuca e ata a glorieta de entrada á travesía de Friol, entre os puntos quilométricos 18+300 e 18+870, completándose coa ampliación da beirarrúa existente e a execución dun paso de peóns.

A senda executarase pola marxe dereita da estrada LU-232 e terá un ancho de 2 metros e unha lonxitude de algo máis



Unha instantánea das obras nos primeiros días

de medio quilómetro, estando separada da calzada por unha cuneta de seguridade para a canalización das augas de drenaxe e unha banda axardinada.

O obxectivo deste traballos e a integración do itinerario peonil e ciclista na vía actual, nunhas condicións de seguridade axeitadas e cuns criterios de deseño sostibles ambiental e economicamente. As actuacións tamén

inclúen a sinalización, tanto horizontal como vertical, que còmpre modificar trala execución das novas actuacións.

Estes traballos inclúense no programa operativo FEDER 2014-2020, no que se define como un dos seus obxectivos temáticos específico favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.



Un momento da feira celebrada en setembro

Uns 250 animais participaron este ano na feira do gando

A feira de gando de Friol contou este ano cunha gran participación, xa que puideron verse uns 242 animais na que é xa a novena edición desta feira.

Entre a totalidade das reses presentes repartíronse os 1.700 euros en premios aportados polo concello de Friol. O premio reservado ao mellor lote de animais foi nesta ocasión para gandeira de Nodar Estrella Buján.

Esta mesma profesional impúxose tamén na categoría de novillas. En becerros de menos de 8 meses foi gañador Rubén Petín, de A Portela, mentres que a gandería

Villadangos, de Sabarei, gañou en becerras de menos de 8 meses e na de touros. Por último, a explotación La Morena, de Nodar, presentou a mellor vaca.

Como en anos anteriores, o xurado do evento destacou a calidade das reses presentadas ao certame, chegadas na súa maioría de explotacións locais e municipios da contorna.

Completoouse a actividade da xornada, cunha intensa actividade de compravenda de animais durante toda a mañá, algo que contribuíu a animar a xornada, que contou coa exhibición dun carro tradicional.



XXX FEIRA DE FUNGOS E COGOMELOS

AS PONTES · 26/27 OUTUBRO 2019

Concurso de Cestas · Degustación menú micolóxico

Saída ao monte e clasificación de especies 25 out

MÚSICA:

Las Antonias · Ortiga · The best boy · Nastasia Zürcher

Para nenos con Mamá Cabra · Uxía Lambona e a Banda Molona

Feira Son de Campo · Showcooking con Kike Piñeiro e Diego López

Zona Food Trucks

Mostra de Artesanía e Productos de Outono

MOVA 2019 12º Mercado de Oportunidades




+ INFO: www.aspontes.org

EN BREVE

FEIRA DO MEL DE GOENTE. A Feira do mel de Goente fará a súa edición número XI o próximo 13 de outubro cun programa de actos dende primeira hora da mañá deseñado para o gusto de maiores e pequenos. A cita arrincará ás 10:00 horas, na parroquia de Goente, coa apertura dos postos do mel de produtores locais e artesáns chegados desde distintos puntos de Galicia.

ANDRÉS SUÁREZ. Andrés Suarez, unha das voces máis apaixonadas e persoais da canción de autor actuará o sábado 19 de outubro no Auditorio Cinema Alovi, ás 20.00 horas. As entradas xa están á venda a través de www.ticketentradas.com e no 902 750 754 ou no despacho de billetes do Auditorio Cinema Alovi: venres 18 de outubro de 12.00 a 14.00 horas e o sábado 19 de outubro desde as 19.00 horas, a un prezo de 10 euros.

EXPOSICIÓN. A Casa Dopeso acollerá, ata o 14 de outubro, a exposición Arte Gráfica Jesús Núñez, a mostra itinerante que recopila unha escolma de 30 obras seleccionadas polo xurado do XIII Premio Internacional de Arte Gráfica Jesús Núñez, certame organizado pola Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CIEC.

TALLER DE COMUNICACIÓN. A asociación Adiante, das Pontes, abre o prazo de inscrición para todas as nais e pais do concello que están interesados en participar no seu programa *Mellorar a comunicación familiar: un instrumento de prevención, negociación e resolución de conflitos*. O inicio deste programa terá lugar para a segunda quincena de outubro e a súa duración é ata o mes de xuño, realizándose unha sesión por mes. As persoas interesadas poden realizar a inscrición a través do correo adiante@hotmail.com, no teléfono 638 471 793, a través de whatsapp no mesmo número e no local da asociación, indicando nome e apelidos e número de teléfono.

CESTAS DE FUNGOS. O domingo 27 de outubro, a partir das 9.00 horas, na praza de Abastos, dará comezo o tradicional concurso de cestas da Feira de Fungos e Cogumelos das Pontes. Para concursar deberán presentarse exemplares dun mínimo de 10 especies distintas de cogumelos silvestres. Aquelas persoas que desexen participar, deberán inscribirse, antes da feira e ata o venres 25 de outubro, ás 12.00 horas no teléfono 981 440 344 ou correo cultura@aspontes.org. Entre os participantes repartiranse diferentes premios de 400, 200, 150, 100 e 75 euros. Ademais, haberá un premio especial xuvenil.

Primeira reunión para a implantación de industrias de fibra forestal

O Concello das Pontes acolleu a primeira reunión do grupo de traballo para a avaliación das potencialidades da comarca de Ferrolterra para implantación de industrias de fibra forestal.

Este encontro, presidido polo alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, e o secretario xeral de Industria e Pequena e Mediana empresa, Raúl Blanco, contou coa participación de representantes da Asociación Española de Fabricantes de Pasta de Papel (Aspapel), Julio Abalde, reitor da Universidade da Coruña e representantes do tecido empresarial e comercial local.

A reunión tiña como principal obxectivo analizar as tendencias do mercado do sector da fibra forestal e coñecer os segmentos de produción con maior desenvolvemento para atraer actividades e proxectos de futuro cara As Pontes e a comarca para, deste xeito, aproveitar a fortaleza forestais e recursos industriais do municipio.

Durante esta primeira toma de contacto, os axentes reunidos subliñaron a importancia de contar no municipio con proxectos empresariais vinculados á transformación da



O alcalde das Pontes, durante a súa visita á comarca de Ferrolterra

madeira e da fibra forestal xa que representan grandes oportunidades de expansión empresarial e para a posta en marcha de novas liñas de produto con alto valor engadido.

Nese sentido fixeron fincapé na evolución positiva do mercado grazas ao crecente incremento da demanda de papel e de cartón, como consecuencia o auxo do comercio electrónico e a paquetería, á substitución de materiais plásticos por papel e por derivados moi avanzados así como polo seu emprego como combustible para a produción de enerxía.

O rexedor local, ao remate do encontro, calificou a reunión como moi produtiva, xa que nela “estiveron presentes os principais axentes para o estudo e avaliación da implantación, en Ferrolterra, de industrias vinculadas á fibra forestal, e analizáronse as posibles aplicacións que se poderían asentar na zona co obxectivo esencial de xerar emprego nunha comarca castigada pola súa falta”.

Pola súa banda, o secretario xeral de industria, valorou positivamente a primeira reunión deste grupo de tra-

ballo e referendou o compromiso do Ministerio de Industria para “traballar de forma conxunta co Concello das Pontes, a Universidade da Coruña, implicando á Xunta de Galicia e outros Ministerios, para avanzar na procura de empresas que podan materializar os seus proxectos na localidade, abrindo novas vías para aumentar tanto capacidade industrial como laboral das Pontes”.

Os axentes reunidos acordaron elaborar un mapa cos principais activos presentes no territorio – chan industrial, materia prima, recursos enerxéticos, reservas acuíferas, vías de comunicación, plataformas lóxicas, entre outros- así como un mapa sobre tendencias do sector para identificar oportunidades empresariais e proxectos de cara a súa posible implantación nas Pontes.

O grupo traballará nesa liña para obter una radiografía precisa das potencialidades industriais, vinculadas ao sector da fibra forestal, no concello das Pontes así como identificar proxectos empresariais que se axusten ás capacidades locais. O grupo reunirase de novo no mes de outubro para expoñer as primeiras conclusións destes traballos.

Volve enPEZAS, o programa de transformación ambiental



Unha muller camiña por diante dunha destas pezas artísticas

O Concello das Pontes pon de novo en marcha o seu proxecto de transformación ambiental a través da participación veciñal e da arte pública, unha iniciativa deseñada durante a lexislatura pasada pola concelleira Sonia Sueiro na súa vocación de converter o municipio un museo a ceo aberto.

Neste senso, esta iniciativa aspira a consolidar o seu carácter plural e diverso, dando cabida a todo tipo de expresións artísticas: o muralismo, as instalacións con

fíos, a fotografía, os mosaicos ou o graffiti urbano, entre outras. O punto en común entre todas as pezas seguirá a ser a posta en valor de espazos urbanos a través da arte e da participación veciñal.

As intervencións que se realizarán durante o outono sumaranse ás 14 pezas artísticas que xa forman parte do museo a ceo aberto de arte pública das Pontes. Participarán de novo entidades e artistas locais, así como profesionais recoñecidos no ámbito artístico a nivel galego.

O Concello súmase ao programa Cuidadanas

O Concello das Pontes súmase ao programa Cuidadanas, posto en marcha pola Fundación Mujeres, coa financiación da Deputación da Coruña, co obxectivo de ofrecer ás coidadoras informais do municipio un recurso de orientación, acompañamento e apoio, tanto a nivel emocional, formativo, persoal como social, para paliar as consecuencias que implican coidar a persoas en situación de dependencia. Así, o mércores, 9 de outubro, no Concello das Pontes porase en marcha a primeira acción formativa, de balde, ao abeiro deste programa, na que a través de catro obradoiros abordaranse aspectos como o autocoidado, a xestión emocional, a autoestima ou as habilidades de comunicación.

O primeiro taller desenvolveuse os días 9, 16 e 23 de setembro baixo o lema *Quen coida de min*. As participantes obtiveron claves para mellorar a súa saúde e autocoidado, orientada a paliar os riscos de

saúde asociados ás malas prácticas e hábitos prexudiciais en relación ás tarefas que desenvolven como coidadoras.

Os días 30 de outubro e 6 de novembro desenvolverase un taller sobre relaxación e conciencia corporal que dará paso, o día 13 de novembro, a un taller sobre regulación de conflitos baixo o título *Aprendendo a negociar*.

O ciclo formativo finalizará o mércores, 20 de novembro, cun taller sobre a xestión da culpa para poñer á disposición das participantes unha serie de ferramentas encamiñadas a minimizar as problemáticas derivadas do coidado de persoas dependentes.

Todos os talleres terán lugar os mércores, de 10.30 a 12.30 horas na sala polivalente da Casa Dopeso e aquelas mulleres que estean interesadas en participar ou queiran solicitar máis información poden poñerse en contacto co Departamento de Benestar Social.

As Pontes pelexa polo seu futuro

Veciños e traballadores colapsaron a vila e a autovía en dúas protestas contra o anuncio do peche da térmica de Endesa

As Pontes vive un tempo de incerteza tralo anuncio de Endesa de que pechará a súas centrais, entre elas a desta localidade, antes do 30 de xuño do próximo ano.

Ata certo punto era unha nova esperada porque Endesa xa comunicara a mala situación que atravesaba a térmica durante o ano 2019 “cando se produciu unha profunda modificación nas condicións de mercado que afectan ás centrais térmicas de carbón, derivadas fundamentalmente do prezo internacional das commodities e a efectividade dos novos mecanismos de regulación do mercado de dereitos de emisión de dióxido de carbono, CO2, que despraza ás centrais de maior volume de emisións en beneficio doutras tecnoloxías”.

O peche de Endesa significou un xarro de auga fría para veciños e traballadores, xa que son conscientes de que a empresa é o pulmón económico non só do Concello, senón tamén das comarcas dos arredores.

Os primeiros avisos de peche xa provocaron unha multitudinaria manifestación polas rúas das Pontes na que participaron unhas 5.000 persoas, entre traballadores da planta, auxiliares, transportistas e veciños das comarcas veciñas.

Na marcha víronse moitos chalecos amarelos con pancartas como *Por unha transición xusta. Na defensa do emprego nas Pontes e comarca e Non ao paro da actividade na central térmica de Endesa nas Pontes.*

A convocatoria, na que se deron cita máis dunha quincena de alcaldes das comarcas de Ferrolterra, Eume, A Mariña e Terra Chá, ademais de representantes políticos de diversas formacións, completárona cun paro de 24 horas e a lectura dun manifesto.

Pero a acción máis destacada foi sen dúbida a concentración de vehículos, na que preto de 900 foron os encargados de colapsar durante a tarde e noite do 1 de outubro a AP-9 no seu percorrido, ambientado por pitidos, bocinazos de bengalas de cores e petardos, ata Coruña. Pero non só colapsaron a autovía, tamén



Arriba, concentración en Vilalba e un momento da marcha de vehículos á Coruña. Abaixo, a reunión de todos os implicados e a manifestación polas rúas

a outra vía alternativa, a Nacional VI, que tiña a mesma meta.

Na comitiva participaron uns 180 camiós, turismos particulares e de empresa, tractores, furgonetas e ata un coche fúnebre, que partiron do Canal IV ata a entrada da cidade da Coruña.

Centos de persoas acompañaron e saudaron á caravana desde as distintas pontes e viadutos que hai no tramo. De feito, as rúas tamén contaron cunha gran actividade de protesta, en especial dende que se deu a coñecer o anuncio de Endesa.

REACCIÓNS. As reaccións do Goberno local non tardaron en chegar e o alcalde pontés comezou a petar nas distintas portas na procura de alternativas ao peche. Ao día seguinte da concentración, o Ministerio de Transición Ecolóxica e Endesa comprometéronse a traballar na procura de alternativas viables para a central

térmica das Pontes, durante unha reunión celebrada en Madrid.

Neste encontro, no que estiveron presentes, por primeira vez, todos os actores implicados, Ministerio de Transición Ecolóxica, Xunta de Galicia, Concello das Pontes, Endesa e os representantes dos traballadores, avaliouuse, de forma conxunta, a situación actual da térmica pontesa co obxectivo de identificar as medidas que se poden poñer en marcha, de cara ao futuro, para garantir a continuidade da súa actividade.

Pero a busca dun futuro para As Pontes continúa e continuou cunha nova reunión. Nesta ocasión, o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, solicitou á Unión Europea a incorporación de Galicia ao fondo de descarbonización europeo así como a inclusión das rexións que explotan centrais térmicas con carbón. Unha solicitude, que en pala-



bras de González Formoso realízase por que “son fondos cuantiosos e poden ser un soporte moi importante na reactivación industrial da nosa comarca”.

O rexedor efectuou esta petición durante a reunión que mantivo, en Bruxelas, coa Directora Xeral de Enerxía da Comisión Europea, Ditte Juul Jørgensen, na que tamén estivo presente o eurodiputado Nicolás González Casares.

REACTIVACIÓN. A central térmica de Endesa reactivou un dos catro grupos de xeradores do complexo, no que se utilizará como materia prima tanto o carbón importado como restos de biomasa e lodos.

Esto supón seguir coas probas para estudar si é rentable a mestura de ambos combustibles, cun 10-15% de orujillo de olivo, outro 10-15 % de lodos e o resto carbón, para xerar o suficiente poder calorífico para mover

as turbinas e ademais lograr unha substancial rebaixa das emisións de dióxido de carbono.

Esta reactivación motivou que os transportistas comecen a poñer de novo en marcha os seus vehículos. Varios deles comezaron a transportar carbón desde o porto, onde depositan unhas 3.000 toneladas ao día, e o resto continúan cos encerramentos nos concellos de Ferrol e As Pontes. Malia esta reactivación, o mércores 16 de outubro está convocada unha xornada de folga xeral nas Pontes, na que está previsto facer unha concentración en Madrid.

Finalmente, a protesta se fará ante a embaixada de Italia en España. Os camioneiros partirán o día 15 ás 15.00 horas cara Madrid mentres que os autobuses e os vehículos particulares teñen previsto iniciar a marcha ás 3.00 horas do mesmo día da folga, desde a estación de autobuses das Pontes.

OS EMPRESARIOS

O comité de crise volverá reunirse o xoves para seguir na busca de solucións. Os empresarios aseguran que esta situación está afectando non só aos camioneiros senón tamén aos negocios e que “o tratamento informativo que se lle está a dar fai moito dano xa que poñen as cousas máis negras do que son”. Afirman que “As Pontes ten futuro con e sen Endesa e hai que loitar porque sigan facendo probas e buscando alternativas”.

BASANTA COCINAS - ARMARIOS - MESAS - SILLAS

Ciudad de Viveiro, 26 - Vilalba. Telf 982 511 609 - info@mueblesbasanta.es

¡Solicita tu tarjeta Galp Flota Business!

Y consigue **7 céntimos de descuento** en tus repostajes

Carburantes **evologic**

de última generación con los más avanzados aditivos del mercado.

Área de Lavado **KARCHER**

MUESTRA TU TARJETA CADA VEZ QUE REPOSTES Y NO PIERDAS TU DESCUENTO

Galp Eimil Vilalba
Avda. Cidade de Lugo, 68-70 Vilalba. Tef.: 982 512 164

Comezan as obras de mellora nos camiños de Veiga da Nata

O Concello das Pontes comezou as obras de mellora dos camiños municipais en Veiga da Nata, unha actuación cun orzamento de 82.956 euros con cargo ao Fondo Agader.

Os traballos están encamiñados á rehabilitación dos viarios para dotalos dunha óptima calidade, tanto estrutural como superficial, para aumentar a súa seguridade e facer máis cómoda a circulación.

O proxecto inclúe o barrido da superficie dos camiños e a limpeza das marxes e cunetas, coa eliminación da vexetación que invade o vial. Asemade, procederase ao bacheo das zonas que se atopan afundidas e ao fresado do firme existente para realizar, de forma correcta, o entroque cos viais rehabilitados no ano 2018 para, a continuación, proceder á re-

novación da capa de rodadura con aglomerado.

Ademais, realizaranse outras actuacións de mellora e aumento da seguridade viaria, tales como a reposición da sinalización horizontal e vertical, o pintado das liñas nos bordes do viario e das sinais precisas segundo marca o código de circulación vixente.

Estas obras forman parte do plan de traballo deseñado polo goberno local para as parroquias do rural pontés, destinado a mellorar a rede de estradas e camiños, continuar coa incorporación de novos servizos públicos así como renovar os equipamentos, seguindo co seu compromiso por mellorar as infraestruturas do ámbito rural e favorecer a calidade de vida de toda a veciñanza desta parroquia das Pontes.

Saborea As Pontes chega á súa undécima edición con 29 ofertas

O concurso de tapas *Saborea As Pontes* celebra este ano a súa undécima edición referendado, unha vez máis, o seu éxito de participación entre os locais hostaleiros do municipio.

Nesta ocasión serán 29 os establecementos que participarán nesta cita gastronómica, cinco deles fano por primeira, consolidada no calendario de actividades propostas desde a Concellería e Turismo, Hostalería, Comercio e Consumo para dinamizar e impulsar un dos sectores clave da economía local, xerador de máis dun cento de postos de traballo.

Este ano o certame cambia o seu horario de celebración e as tapas poderán desgustarse de xoves a domingo, desde o 10 ao 20 de outubro. As tapas serviránse os xoves, de 19.30 a 23.00 horas e os venres, sábados e domingos ampliarase o horario para ofrecer tamén as degustacións en horario matutino, de 12.00 a 15.00 horas e durante as tardes de 19.30 a



Hostaleiros participantes nesta edición coas súas propostas

23.00 hora. O prezo das tapas será de 1,50 euros.

Ao igual que nas edicións anteriores, *Saborea As Pontes* repartirá dous premios entre todas as tapas do concurso. Unha Comisión de Valoración Oficial, integrada por Antonio Díaz Calvo, cociñeiro do restaurante Andarubel, situado no Parque natural das Fragas do Eume, e un colaborador de confianza e de recoñecido prestixio, será a encargada de elixir a mello-

ra tapa pontesa mentres que o xurado popular, a través do seu voto, escollerá a tapa pontesa máis valorada polo público.

Ademais, repartiranse 9 premios, de 200 euros cada uno, entre todas aquelas persoas que cubran os boletos do concurso de tapas con oito selos de diferentes locais. Seis premios serán para gastar nos locais de hostalaría que participen no concurso e os tres restantes poderán trocarse nos comercios.

Posto en marcha un programa de igualdade nos colexios

A finais de setembro, arrincou nas Pontes o programa de coeducación para a igualdade *Contamos Igual* dirixido ao alumnado de quinto e sexto de primaria dos CEIP da Fraga, A Magdalena e Santa María.

Este programa, subvencionado o través do Fondo Social Europeo, do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e da Secretaría Xeral de Igualdade ten como obxectivos prioritarios sensibilizar, informar e difundir valores sobre a igualdade e previr a violencia contra as mulleres.

A concelleira responsable da área, Tania Pardo, sinala que “con este programa de coeducación preténdese que o alumnado realice unha reflexión sobre todos aqueles aspectos que xeran discriminación entre as persoas, polo simple feito de pertencer a sexos diferentes, tratando de fomentar espazos de convivencia en igualdade e equidade”.

Entre as actividades incluídas dentro desde programa, que se levará a cabo durante o primeiro trimes-

tre do curso, destacan un obradoiro creativo, no que se abordarán aspectos como os micromachismos, a imaxe corporal e a sexualidade, a construción de relacións afectivas, a diversidade sexual así como as habilidades sociais para relacionarse en igualdade.

Cada sesión terá unha duración de 50 minutos nas que se mesturarán contidos de carácter teórico con diferentes dinámicas participativas tales como video-forums, debates, xogos, dinámicas role-playing ou actividades de expresión corporal.

Tania Pardo apunta que, ao inicio do obradoiro, farase entrega ao alumnado participante dunha axenda escolar coeducativa na que se recollen contidos que aportan unha mirada de xénero e contribúen a sensibilizar e concienciar ao alumnado en igualdade. “Nesta axenda tratamos de visibilizar as contribucións da muller ao mundo do saber e incluímos contidos para a eliminación de estereotipos, sobre diversidade afectiva

e para a prevención da violencia de xénero”.

A programación elaborada complétase cun concurso fotográfico a través do que o alumando terá que amosar e poñer en valor os avances en igualdade e visibilizar a discriminación social por razón de xénero e haberá tamén un concurso musical no que o alumando terá que elaborar unha nova letra, en galego, para unha canción de éxito, libre de ideas machistas, roles e estereotipos tradicionais entorno á muller e ao home. Ademais celebrarase unha xornada de convivencia intercentros baixo o lema *Contamos Igual* na que se desenvolverán diferentes actividades entre as que destacan a interpretación de cada unha das cancións elaboradas polo alumando dos tres centros educativos participantes no proxecto, ao abeiro do concurso musical *Contas ou cantas*, unha exposición das imaxes do concurso fotográfico e a entrega de agasallos a todas as participacións.



Participantes no último programa de emprego, cos seus diplomas

O PIE remata unha nova etapa formativa

O Programa Integrado de Emprego Pontes de Emprego II vén de finalizar unha nova etapa formativa coa entrega de diplomas ás alumnas que participaron no curso de carnicería e chacinería e un curso que conducía á obtención do certificado de profesionalidade en operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais. Un dos primeiros cursos foi o de carnicería e chacinería, cunha duración de 220 horas, das cales 120 horas foron de prácticas en comercios.

De xeito paralelo, nove alumnas participan no curso de operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais, orientado á obtención do certificado de profesionalidade, tamén con prácticas.

Asemade, as alumnas recibiron formación sobre operacións básicas de comunicación, tanto nas relacións

profesionais como de comunicación oral e escrita na empresa, xestión auxiliar de arquivo e reprodución en soporte convencional e informático, formación que se complementará con prácticas non laborais en diversas empresas do municipio.

Por outra banda, durante os meses de xullo e agosto, oito mulleres, participaron nun curso de xardinería e silvicultura, de 120 horas. Ademais, en setembro comezou un curso de atención ó cliente.

O Pontes de Emprego II ten como obxectivo promover e impulsar a inserción laboral de 100 mulleres, con especiais dificultades de inserción laboral; por medio dun amplo abano de accións informativas, formativas e de asesoramento e orientación laboral, axustadas ás necesidades de cada unha das beneficiarias.

Rematan as obras nos colexios

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional executou este ano obras de mellora nos centros educativos de Meira, que xa están rematadas e que suman un investimento de 46.822 euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, comprobou as actuacións realizadas no CEIP Poeta Avelino Díaz, no que se dotou o patio de pavimento de formigón nunha superficie duns 600 metros cadrados. Paralelamente mellorouse a accesibilidade ao colexio coa construción dunha rampla de acceso dende o patio, explicou Balseiro, quen precisou que o orzamento de ambas actuacións ronda os 24.000 euros.

O CEIP de Meira conta este curso escolar con 168 alumnos e alumnas de educación infantil e primaria e nel desenvolven a súa



Visita ao Ceip trala finalización das obras en Meira

actividade 18 docentes.

A Consellería tamén traballou este verán no IES Pedregal de Irimia deste mesmo concello, no que se acometeu a última fase de substitución das carpinterías exteriores do edificio, para o que se destinaron 22.750 euros.

Estas actuacións formaron parte do programa de reformas que se desenvolveu ao longo do mes de agosto aproveitando as vacacións escolares e, deste xeito, poñendo a punto as instalacións educativas de cara ao inicio do novo curso escolar.

Nova área de autocaravanas



Un momento da inauguración desta nova área

Unha concentración de autocaravanas durante tres días foi a forma escollida para a inauguración da nova área que se fixo en Meira.

Esta área de autocaravanas está dotada con espazo para 8 vehículos, fonte de auga potable, un área de descanso con mesas e bancos e saída de augas e bioquímicos. Financiouuse a cargo do Plan Único da Deputación e contou cun orzamento de 38.000 euros.

Con motivo da inauguración, preto de 70 autocaravanistas achegáronse á vila de Meira e puideron desfrutar dunha visita guiada pola igrexa e mosteiro de Santa María, e dunha ruta de 9 kms ata o Pedregal de Irimia, dúas actividades nas que coñeceron o patrimonio cultural e natural do Concello. A tarde do sábado tamén estivo amenizada con actuacións musicais e o domingo, actuou a banda municipal.

Riotorto será sede por terceiro ano das xornadas Terra de Miranda

O Centro Sociocultural Avelino Díaz acollerá os días 25 e 26 de outubro a terceira edición das Xornadas da Terra de Miranda, encontros de debate sobre o medio rural organizados pola Nova Escola Galega.

A convocatoria dos Encontros constitúe, globalmente, unha proposta para a análise da situación do medio rural galego na actualidade. Esta análise realízase, por unha parte, desde a óptica especialmente educativa, pero tendo en conta que o que sucede no ámbito da educación non é nada máis que o reflexo dunha realidade global moito máis complexa. Por outra, exemplifícase esta análise nunha comarca ben definida -aínda que non recoñecida administrativamente- que ten sufrido nas últimas décadas unha transformación evidente e que, ao tempo dun progresivo e evidente despoboamento, foi quen de ir vendo nacer no seu seo iniciativas que provocan que non sexa utópico enxergar no horizonte un futuro posible. Esa comarca é a Terra de Miranda.

As xornadas desenvolveranse o día 25 a partir das 16.30 horas e o sábado en horario de mañá e tarde. Na primeira xornada haberá dúas mesas redondas co título *Pa-*



nel de experiencias de educación en contornas rurais e Un futuro posible no rural: A Terra de Miranda Viva I.

A programación rematará o sábado coa proxección do documental *A Chocolateira*, sobre as minas de Vilaoudriz.

O sábado, tras unha nova mesa redonda sobre a oferta educativa na comarca, terá lugar o acto oficial de benvida coa presenza dos alcaldes da contorna. Continuarán antes do xantar con dous relatorios, *Apuntamentos para a historia da educación da Terra de Miranda e Algunhas claves para interpretar o medio rural galego do primeiro cuarto do século XXI.*

Á tarde terá lugar a presentación da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural e dos seus últimos números da Revista Galega de Educación, así como da propia Asociación Cultural Avelino Díaz. Tras unha nova mesa redonda co título *Un futuro posible no rural: A Terra de Miranda Viva II*, farase a ruta do Ferro, con visita á forxa dun ferreiro e ao Mazo de Feiravella.

Os interesados en participar teñen ata o 22 de outubro para obter prezo reducido (5 euros para socios de NEG e doutras entidades colaboradoras, 10 euros para estudantes e parados e 15 para o resto). O prezo aumentará 5 euros a partir dese día. A inscrición pode realizarse na web de Nova Escola Galega.

Entre os obxectivos desta actividade está analizar e explicar, situándoa no seu contexto, a realidade educativa no medio rural galego, en xeral, e na Terra de Miranda en particular. Tamén preténdese identificar as características que determinan o estado actual da comarca. Situar estes elementos analizados no contexto de Galicia e na procura da concepción dunha estratexia global de desenvolvemento do medio rural é outro dos obxectivos xunto á idea de poñer en común as experiencias educativas.

O Concello reparte 12.000 euros entre as asociacións

O Concello de Riotorto fixo público xa o reparto das axudas que se concederán as asociacións veciñais e culturais e que ascenden a un total de 12.000 euros.

Un total de 17 asociacións recibirán unha aportación económica que oscila entre os 200 e os 1.200 euros. Así, o montante máis elevado é para a Asociación para a promoción social dos Ferreiros, seguido dos gaiterios de Riotorto (1.100 euros) e os veciños de Santa Comba de Órrea, con 1.000 euros.

Catro destes grupos recibirán

800 euros de achega, dúas 775, as mesmas que reciben 700 e 500. Outras achegas por asociación son 600, 450, 300 e 200.

As asociacións de veciños son os grupos máis numerosos no reparto, xa que ascenden a 6. Tamén están as vinculadas co deporte, que son tres asociacións e o deportista Iago Fiallega; ou as culturais, que tamén suman catro, ademais doutras entidades sen ánimo de lucro, como a Asociación e Amas de Casa Santa Isabel ou a de pensionistas.

Os veciños de Órrea terán unha reunión bimestral

A Asociación de Veciños de Santa Comba de Órrea anunciou que a xunta directiva manterá unha reunión mensual cada terceiro sábado de mes impar. As xuntanzas terán lugar ás 17.00 horas no local parroquial, situado na escola da Travesa.

As próximas xuntanzas polo tanto serán o 16 de novembro, 18 de xaneiro, 21 de marzo, 16 de maio e 18 de xullo.

Curso de micoloxía en novembro

O Centro Sociocultural de Riotorto ofrecerá o día 30 de novembro un curso de iniciación á micoloxía, a cargo do José Castro, da Sociedade Micolóxica Lucus. O curso, que terá a súa hora de inicio sobre as 9.30 horas, terá unha hora e media de teoría e 3 de saída ao campo.

Esta actividade está organizada pola Asociación de Veciños de Ferrería e ten un prezo de 15 euros por persoa. Inscricións chamando ao 628 893 884, e a través de whatsapp.

AGRO

CC.OO. di que a Xunta comezou cos despedimentos malia o risco de incendio

A Consellaría do Medio Rural anunciou a prolongación da campaña de alto risco de incendios forestais ata que se reduza o risco potencial de lumes ou ata esgotar os períodos previstos, isto é, ata o 15 de outubro. “Este anuncio público, porén, contradí o que se informou internamente, xa que o departamento autonómico non renovará as adscricións temporais por funcións de superior categoría, que na actualidade están ocupando multitude de bombeiros forestais. Moitas destas prazas están cubertas por persoal interino que deberá cesar no seu posto de traballo”, segundo indican dende CC.OO.

A decisión da Consellaría implicará unha mingua do número de bombeiros forestais por brigada, de vixilantes fixos nas torres de vixilancia ou de persoal de xestión nos respectivos centros de coordinación.

Adega califica de temeridade a emerxencia cinexética da Xunta contra o xabaril

Segundo indican dende Adega, a Xunta vén de anunciar unha serie de medidas “incomprensibles” pola falta de seguridade e de moi difícil control na práctica para reducir o tamaño da poboación de xabaril sen límite de cupo e a diario ata o 29 de febreiro de 2020, en 33 concellos galegos. Así, permítese aos propietarios dos terreos afectados por danos do xabaril a realizar, persoalmente ou mediante terceiros, agardas ou esperas, e a captura dos animais mediante o emprego de gaiolas.

“A declaración dunha situación excepcional que permita unha presenza intensa de armas de caza no monte sen ningún tipo de limitación pode acabar con accidentes certamente lamentables”, subliñan. “Cazar todos os días ata

o 20 de febreiro e que agricultores poidan realizar esperas pola súa conta (aínda que sexa asistidos e con permiso) son actividades puramente cinexéticas, que na práctica non son controlables, por moito que se someta a previas autorizacións”, engaden.

“O feito de que poidan ser efectuadas polos agricultores ou propietarios, fóra da propia actividade cinexética, multiplica o risco da seguridade. Simplemente é unha temeridade polo que sería mellor non saír ao monteE, din.

“se ben a ameaza de que puidese chegar a peste porcina está presente, non vai ser controlada con estas medidas, as cales poderían agravar aínda máis o risco, pois estaríanse a mover pezas abatidas de xabaril sen ningún tipo de control”.

Finsa e USC impulsan un proxecto de mellora do proceso de transformación da madeira

Lugo acolleu a presentación da Unidade Mixta Economía Circular da madeira cara unha construción baixo-enerxética (Eixo), na que participan a empresa madeireira Finsa e a Universidade de Santiago, a través da Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural (Pemade).

Esta alianza estratéxica entre empresa e universidade conta cun orzamento total de 2,15 millóns de euros de investimento público-privado, cofinanciado a través do programa Feder Galicia 2014-2020, para desenvolver oito liñas de investigación no período 2018-2021 enfocadas a modelos de economía circular vencellados ao sector forestal, mellorando os procesos de transformación da madeira e desenvolvendo novidosos produtos e sistemas construtivos de baixa pegada de carbono para a súa aplicación nunha construción efi-

ciente.

As liñas de investigación desta Unidade Mixta achegarán valor e contribuirán a un modelo de construción limpo e respectuoso co medio ambiente, a través da transferencia dos resultados da investigación á industria, aportando innovacións e desenvolvementos tecnolóxicos en toda a cadea de valor do sector forestal: dende a obtención da madeira no monte, a súa transformación, valorización, integración en elementos estruturais para a construción, ata a reciclaxe dos materiais ao final da súa vida útil.

Eixo vén sumarse ás 39 Unidades Mixtas que se teñen creado desde 2014 en Galicia, nas que, cun investimento mobilizado de 114M€, participan 33 empresas e 13 organismos de investigación, que teñen empregado a preto de 580 profesionais.

Cestodos

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Omes pasado, falamos dos nematodos ou vermes redondos, este mes imos falar dos cestodos ou vermes planos.

Os cestodos ou máis coñecidos como tenias que se inclúen importantes parasitos dos animais e do home. Especies deste xénero son responsables da teníase e a cisticercose nos humanos. Como característica do xénero por ter un corpo en forma de cinta composto por segmentos chamados proglotes. O extremo anterior do corpo é un órgano de fixación con ventosas e ás veces ganchos chamado escólex.

As proglotes teñen un ovario. Os ovos libéranse cando o proglo-

te se desprende do corpo e se deteriora, liberando os ovos no medio.

Imos falar do ciclo de vida para comprender como funcionan, xa que coma característica xeral sone ter 2 hospedadores: o intermediario (onde soen verse os efectos patóxicos mais importantes, debido a presenza en tecidos e demais, e o definitivo, que soe ser a nivel intestinal.

O ciclo de vida empeza cando se liberan polas feces os proglotes cheos de ovos. Que son moi resistentes e (puidendo chegar a durar meses no medio ambiente). Algunhas veces, como pasa en *T. saginata*, eses segmentos (proglotes ou cadeas de proglotes) son aínda móbiles despois da excreción, baleiran os seus ovos en poucos minutos ou, nalgúns especies, retéñenos agrupados e agardan á chegada dun hóspede axeitado.

O hóspede intermediario (gan-

do, porcinos, roedores etc., segundo a especie de verme) debe despois inxerir os ovos ou as proglotes. Se o hóspede é da especie correcta, o ovo eclosiona, e os embrións invaden a parede do intestino delgado do hóspede intermediario para viaxar despois ao músculo estriado onde se desenvolven como larvas (coñecidas como cisticercos). Alí crecen, e diferéncianse nesta forma larvaria que parece unha vexiga, que é a forma infecciosa para o hóspede definitivo. Para continuar o proceso, o hóspede definitivo debe comer carne mal cocida ou crúa do hóspede intermediario. Unha vez que está no hóspede definitivo, a vesícula é dixerida, (o escólex) ancorase na parede intestinal, e o colo empeza a producir segmentos que formarán o corpo do verme (o estróbilo). Os novos ovos comezan a aparecer nas feces do hóspede definitivo xeralmente de seis a nove se-

manas despois, e o ciclo volve a repetirse.

Imos realizar un listado das tenias máis comúns:

Taenia multiceps. Tenia do can que pode causar noutros animais a cenurose.

Taenia saginata. É a tenia da vaca. Infecta ao gando e aos humanos, e só pode reproducirse no intestino humano. As súas formas adultas viven no intestino delgado humano, onde atinxen de 2 a 5 m de lonxitude e poden chegar a 10 m. A fase larvaria intermedia transcorre no gando vacún, no que se produce unha infestación xeralmente asintomática, localizada na musculatura do animal.

Taenia solium. É a tenia do porco. Os humanos son o seu hóspede primario, nos que se reproduce. O hóspede intermediario é o porco. A inxestión de ovos ou a rotura de proglotes con ovos de *T. Solium* no intestino pode causar que as larvas migren aos tecidos do hóspede, onde se enquistan, e causan cisticercose. Os cisticercos poden localizarse no músculo, cerebro, fígado, ollo e outros tecidos. Causando efectos como crecemento dun tumor e de rompérense, puidendo causar shock anafilático.

Dipylidium caninum A patoloxía que causa *Dipylidium caninum* no seu hóspede definitivo denomínase dipilidiasis. Xeralmente afecta a cans e gatos, aínda que tamén pode afectar os humanos, polo xeral nenos que inxeren accidentalmente as pulgas ao levar as mans á boca tras xogar coas mascotas.

Normalmente mentres a cantidade de parasitos aloxados no corpo é lixeira a enfermidade non presenta síntomas algún. A medida que a infección se vai facendo máis severa empezan a aparecer síntomas como prurito anal, dor abdominal, diarrea ou estreñimento e perda de peso. Tamén se pode provocar perda de apetito ou insomnio. É habitual que mesmo na fase asintomática detéctese a enfermidade pola aparición dos proglótidos esbrancuxados entre as feces, adheridas á zona perianal do animal ou nas zonas onde se adoita deitar o animal.

Para evitar estes problemas debemos ser moi exctos a hora da limpeza, a desparasitación regular das nosas mascotas xa que teñen unha relación íntima con nós e son como vemos un eslabón fundamental no ciclo vital de estes parásitos.

CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba por unanimidade a proposta de disolver Suplusa

A Corporación provincial de Lugo aprobou por unanimidade no Pleno extraordinario a proposta do presidente, José Tomé, de disolver a Sociedade Urbanística Provincial, Suplusa. Así, Tomé logrou o consenso de todos os deputados provinciais en torno a unha decisión que impulsou aos poucos días de tomar posesión co fin de cumprir co recollido no pacto de Goberno e tamén coa prioridade que marcou na súa investidura de devolver a tranquilidade e a normalidade institucional á Deputación despois de que a entidade mercantil quedase desvirtuada debido ás disfuncións producidas nos últimos anos. De feito, a Deputación retiroulle a Suplusa a súa condición de medio propio en marzo de 2018, co que a día de hoxe a súa existencia carece de sentido.

Dado que a Sociedade Urbanística Provincial é na actualidade o único ente instrumental da Deputación, a súa disolución suporá tamén culminar o proceso de reestruturación da Deputación. Este proceso materializouse dende o ano 2012 na extinción do Inludes, e da Fundación TIC. O acordo adoptado pola unanimidade da Corporación inclúe dous puntos, a disolución de Suplusa e a realización de todos aqueles trámites que resulten necesarios para lograr a



Un momento do pleno no que se votou a disolución de Suplusa

súa total extinción ata a súa sucesión universal pola Deputación na súa condición de socio único daquela. E constituír unha comisión técnica, integrada por persoal funcionario da Deputación (dos servizos de Secretaría, Intervención e Recursos Humanos), por traballadores de Suplusa e por deputados e deputadas provinciais (que serán os mesmos que os designados como liquidadores, pertencentes aos tres grupos políticos provinciais), que decidirá o modelo de xestión dos servizos que prestaba a entidade.

O procedemento para disolver a Sociedade Urbanística Provincial arranca co Pleno extraordinario e consta

de tres fases: a de disolución —que se abre agora—, a de liquidación e a de extinción definitiva da entidade e da súa personalidade xurídica. Todas elas, cunha duración estimada de alomenos dous anos, realizaranse segundo as indicacións técnicas dos servizos provinciais implicados ao abeiro do establecido na lexislación Mercantil e de Dereito Público que resulte de aplicación.

O Pleno aprobou o Plan Económico Financeiro que a institución debe aplicar por superar no exercicio 2018 a denominada regra ou teito de gasto, isto é, o límite anual de gastos non financeiros establecido para as administracións públicas.

Ofrece ata decembro 15 actividades de educación ambiental

O deputado de Medio Ambiente, José Luis Raposo Magdalena, presentou no Centro de Interpretación Terras do Miño a programación de actividades de educación ambiental que desenvolverá a Deputación durante o último trimestre do ano para difundir nas reservas da biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses, e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá. Entre os meses de outubro e decembro, o Centro de Interpretación Terras do Miño e os concellos acollerán 15 actividades gratuítas con 390 prazas, entre elas, xornadas sobre o cambio climático, o coidado das plantas ou obradoiros de Nadal. As persoas interesadas deberán reservar a súa praza na páxina web da Deputación; a través do correo electrónico und.medioambiente@deputacion.org e poden tamén

chamar ao teléfono 982 227 813 para obter máis información. As inscricións faranse por rigorosa orde de inscrición, ata cubrir as prazas ofertadas.

As actividades para adultos comezarán o día 14 de outubro cun curso de micoloxía, ao que seguirá un de cosmética sólida e orgánica, en novembro serán sobre o cambio climático e sobre plantas do entorno. En decembro serán sobre o coidado das plantas do interior e poda.

Xa en novembro haberá cursos para familias o 9 de novembro de fototrampeo de mamíferos e outro sobre caderno dun naturalista: os bosques da nosa reserva.

En decembro será a quenda das actividades infantís que comezarán o 23 cos talleres navideños.

Comezan as obras de mellora de estradas en Friol e Outeiro de Rei

O presidente da Deputación, José Tomé, responsable directo da área de Xestión Territorial, informou de que a Deputación está a acometer obras de acondicionamento e mellora en máis de 8 quilómetros de estradas provinciais de Outeiro de Rei e Friol.

Na primeira localidade, arranxaranse 1,9 quilómetros da LU-P-1109; preto dun quilómetro da LU-P-3907 e 3,4 quilómetros da LU-P-3908. En Friol, os traballos realizaranse na LU-P-1611, o chamado cinto comarcal, no que se mellorarán 2,2 quilómetros.

A institución provincial inviste preto de 360.000 euros na realización dos seguintes traballos en ambas as dúas estradas: reapertura e limpeza de cunetas, rehabilitación do firme con aglomerado en quente e a renovación da sinalización hori-

zontal, actuacións que mellorarán a seguridade vial e a comodidade dos conductores.

Tamén comezaron a estender o novo pavimento en 6,2 quilómetros de estradas de Outeiro de Rei, un proxecto que conta cun investimento de 209.209 euros. Realizaranse en 1,9 quilómetros da LU-P-1109, que vai de Dumpin, por Cornide a Arcos, entre os puntos quilómetros 1,7 e 3,7. Esta é unha vía moi frecuentada, pois utilízase como percorrido corto entre Castro e Outeiro de Rei. Ademais, na LU-P-3907, que vai de Arcos a Ceao por Vilar, mellorarase preto dun quilómetro, dende o punto 3,1 ata o 4,07; e na LU-P-3908, que vai de Ramil á LU-P-2905 por Martul arranxaranse 3,4 quilómetros, dende o punto 0,0 ata o 3,4.

En canto ao cinto comarcal de

Friol, a LU-P-1611, o novo pavimento empezará a botarse este mércores. Esta actuación afecta a 2,2 quilómetros, entre os puntos 47,7 e 49,9, que se suman ao quilómetro xa acometido, entre os puntos 46,8 e 47,7. Esta vía rodea a capital lucense e vai dende o núcleo de Friol cara o polígono industrial de Begonte, á parroquia de Ousá. A Deputación achega para a rehabilitación do firme desta estrada preto de 148.500 euros.

Por outra banda, a Xunta de Goberno acordou a adxudicación dos traballos de conservación da rede viaria da provincia correspondentes a 2 lotes dos 8 nos que está dividido este servizo, corresponden ás comarcas de Terra Chá e Mariña. Farase cun investimento próximo aos 1,3 millóns de euros para tres anualidades, de 2019 a 2021.



Representantes dos concellos, xunto ao presidente da Deputación

Participación no Pleno da FEMP

O presidente da Deputación, José Tomé, participou no XII Pleno da Federación Española de Municipios e Provincias FEMP, unha asemblea celebrada en IFEMA, Madrid, na que, despois das eleccións locais de maio, se renovaron os órganos de goberno da entidade e no que se fixaron as liñas de acción do municipalismo ata 2023.

Durante a xornada, na que se acreditaron máis de 5.400 entidades locais de toda España, aprobáronse unhas 300 propostas de resolución, entre as que destacan a negociación dun novo sistema de financiamento que trate en igualdade de condicións ás entidades locais e as comunidades autónomas, e a recuperación da autonomía local, sobre todo en materia económica para que concellos e deputacións provinciais poidan

investir libremente os recursos do superávit, así como a reforma da administración local e a reivindicación de que a transferencia de competencias aos gobernos locais vaian sempre acompañadas de dotación de financiamento.

José Tomé entrará a formar parte nesta nova etapa da FEMP da Comisión de Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares, na que, entre outras moitas iniciativas, impulsaranse medidas para definir o marco competencial das institucións provinciais, afondarase no debate sobre a participación dos gobernos locais no deseño, programación e execución dos fondos europeos, traballarase para articular a participación activa das entidades locais na elaboración dunha estratexia nacional fronte ao reto demográfico.

DEPORTES

As finais da Copa de fútbol sala serán o día 1 de novembro

A Copa Deputación de fútbol sala xa ten equipos clasificados para as semifinais de fútbol sala que se xogarán o 1 de novembro.

Na parte feminina das semifinais enfrontarase o Valdesuso Peugeot Vilalba FS ao Lieders Futsal e o Castro Bloques Cando, que pasou automaticamente pola anulación do partido

contra o UD Pastoricense, xogará contra o Pizzería Bahía de Monterroso.

Da mesma maneira, os rapaces do Begonte FS enfrontarase ao Lugo Sala, e o Valdesuso Peugeot Vilalba FS xogará co Xove.

Os partidos de semifinais terán lugar na mañá do día 1 de novembro e a final será pola tarde.

Abre o prazo para inscribirse no Northwest Triman das Pontes

As Pontes acollerá unha nova edición do Northwest Triman, que este ano será o 28 de xuño, dúas semanas máis tarde do habitual para asegurar mellor temperatura da auga. Nesta proba, na que a participación está limitada a 700 triatletas, as saídas serán ás 8.45 e 9.00 horas para así aproveitar máis horas de sol.

O 1 de outubro abríronse as inscricións para esta proba, que chega a súa sétima edición, e que é o único triatlón distancia Ironman de Gali-

cia e un triatlón de media distancia. As inscricións teñen diferentes prezos, por unha banda a larga distancia custará 195 euros se a inscrición se fai o día 1 de outubro; 230 euros entre o 2 de outubro e o 29 de febreiro e 260 euros entre o 1 de marzo e o 11 de xuño.


Para a media distancia custará 100 euros se a inscrición se fai o día 1 de outubro; 130 entre o 2 de outubro e o 29 de febreiro e 150 euros entre o 1 de marzo e o 11 de xuño.

O Rally San Froilán pasará por Friol, Meira, Outeiro de Rei e Pol

A Escudería Miño organiza un ano máis o 41º Rally San Froilán que se desenvolverá os días 25, 26 e 27 de outubro.

O Rally San Froilán consta dun percorrido de 379 kms., dos cales 91,3 corresponden a catro tramos cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

O tramo A será o de Outeiro de Rei, o B o de Friol, o C o de Meira e o D o de Pol. O rally contará co parque pechado do polígono industrial As Gándaras, o parque de reagrupamento da área 507 de Outeiro de Rei e o parque de asistencia do polígono industrial de Outeiro de Rei. Na xornada do venres 25 serán as verificacións nas Gándaras e a primeira etapa. O sábado disputarase a segunda a partir das 8.00 horas.



As seguintes saídas serán ás 10.28 e ás 14.20. Ás 18.54 horas o primeiro participante da cuarta sección tomará a saída desde a área 507 de Outeiro de Rei.

A Deputación achega 940.000 euros ao fomento do deporte

A área de Deportes achega 940.000 euros ao fomento do deporte na provincia. A Xunta de Goberno aprobou a concesión de diferentes liñas de axudas destinadas a gastos e actividades da tempada 2018-2019 por ese importe. Así, deuse luz verde ás axudas de concorrencia competitiva a clubs e entidades deportivas da provincia, nas que se investiron 500.000 euros.

Concéderonse 332 axudas, 240 destinadas a financiar gastos derivados da actividade competitiva federada -gastos de persoal, gastos de arbitraje e xuíces de-

portivos, de transporte e de vestimenta e material deportivo, cun importe máximo de 4.000 euros por entidade- e 92 para a organización de eventos deportivos en toda a provincia, neste caso, cun importe máximo de 2.000 euros. As achegas beneficiarán a clubs e eventos de preto de corenta modalidades deportivas: fútbol, baloncesto, atletismo, ciclismo, natación, triatlón, tenis, pádel, karate, taekwondo, judo ou ximnasia e patinaxe artístico ata montañismo, escalada, waterpolo ou birlos.

Tamén se aprobaron as axudas en

rexime de concorrencia non competitiva, destinadas a clubs con equipos que compiten na 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, cun investimento total de 440.000 euros. Así, a área de Deportes achegará 138.075 euros ao Burela Fútbol Sala, 124.925 euros ao CV Emevé, 120.000 euros ao Porta XI Ensino e 57.000 euros ao Peluquería Mixta Friol.

A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, subliñou “o gran nivel competitivo do deporte feminino na provincia xa que os catro clubs teñen equipos femininos nas primeiras ligas estatais”.

Segunda victoria chairega no torneo de billarda da Pontenova

Tralo parón do verán a Liga Nacional de Billarda reiniciouse con dúas xornadas xa celebradas. A primeira delas tivo lugar en Castroverde e contou co estreno dun novo equipo chairego, o Castiñeiro Milenario de Begonte. Esta nova incorporación deportiva únese así a Carabullo, da Ponte de Outeiro, e Chainzos-Cadaval, de Castro de Rei/Pastoriza como representantes da Terra Chá.

O triunfo nesta primeira xornada foi para Albino, o palanador de Carabullo, que gañou na final a Sachas, das Troitas Bravas da Pontenova.

Por equipos, Troitas bravas foron os primeiros clasificados, seguidos de Chainzos-Cadaval.

A finais de setembro disputouse na Pontenova, no campo de fútbol da Mina, o IX Aberto do Ferro, correspondente a segunda xornada da Liga Nacional de Billarda da conferencia NorLeste.

Os bravos xogadores de billarda soen adaptarse a todos os terreos, sen embargo a herba sintética do campo da Mina foi un grande atranco para a maioría dos palanadores, que sufriron as consecuencias do muelleo do chan ao petarlle a billarda e viron reducidas a súas posibili-



Entrega de premios no torneo de billarda da Pontenova

dades de acadar altas puntuacións. Pepe de Outeiro (Chainzos-Cadaval) gañou a xornada con vintetrés puntos, segundo foi David Navallo (o Mago de Castropol, de Troitas Bravas) e Markytos (Billardeiros Musicais) foi terceiro.

Subliñar como moi positivo a Pablo (Castiñeiro Milenario), que na súa primeira participación acadou 21 puntos e xogou con Markytos un desempate polo terceiro posto (perdeuno en favor do tricampión nacional) e tamén a Javier (Chainzos-Cadaval) con vinte puntos. No lado negativo, Rubén (Chainzos-Cadaval) levouse a peor parte non sendo quen de facer un só punto.

En donas, Geni (Billardeiros Musicais) gañou a xornada unha vez máis, segunda e terceira foron outras novas fichaxes deste ano, as debutantes Delia (Chainzos-Cadaval) e Dori (Billardeiros Musicais) por ese

mesmo orde.

No lado negativo, as veteráns Lorena, Sandra e Maricarmen tamén deixaron a súa puntuación a cero.

Por equipos, van agromando as novas fichaxes do equipo da Terra Chá e axudaron a que Chainzos-Cadaval gañara con solvencia por diante de Troitas Bravas e de Billardeiros Musicais.

Así pois, rematada a xornada billardeira, entregáronse uns cucuruchos de chuches para os cativos participantes e de seguido, Regueiro, Carme e Sandra foron os que agasallaron os campións da tarde coas afamadas navallas do artesán J. Rodil e uns artísticos Ingres (yunques) de madeira feito por outro artista. Pepe de Outeiro, cando recibiu o seu premio, tivo un emotivo recordo para o desaparecido compañeiro Jorge Galdo, que todos os presentes acolleron con aplausos.

Adrián Grandío Grandío

Travesía de Foz, 25-baixo
27800 Vilalba (Lugo)

Tel. 672 419 659
adriangrandio89@gmail.com

Agrandío
Sistemas contra incendios

Xermade celebrará a súa carreira popular anual o 13

O Concello de Xermade organiza a súa X Carreira Popular, que terá lugar o domingo 13 de outubro a partir das 11.00 horas, con saída da Praza do Concello (no caso de que o tempo non o permita será desde o pavillón polideportivo) e discorrerá por vías do concello de Xermade.

A proba estará aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

O novo circuito constará de dez quilómetros e será sobre asfalto. Haberá dúas carreiras, a primeira, ás 11.00 horas, para pequenos, e a segunda, media hora máis tarde, para adultos.

O prazo de inscrición, que xa está aberto, pode facerse na web www.carreirasgalegas.com antes do xoves 10 de outubro as 23.59 horas.

Todos os participantes recibirán un agasallo conmemorativo. Na categoría de Pitufos e Promoción haberá medallas para todos os participantes. Non haberá trofeos para estas categorías nin se farán clasificacións. Nas categorías dende Sub-10 ata Máster C haberá trofeo para os tres primeiros de cada categoría e sexo. A entrega de premios será na praza



do Concello de Xermade e comezará, aproximadamente, ás 12.50 horas. Os participantes contarán con aparcadoiro gratuito, camiseta para a de adultos, baños na zona de saída-chegada, recollida de dorsais e imperdibles, vestiarios e duchas no pavillón municipal, roupeiro custodiado por voluntarios da organización, avituallamento ao final de cada carreira e avituallamento líquido no km 5 da carreira de adultos, así como a ambulancia con médico.



Premios para o atletismo de Friol. A representante do Atletismo Friol María Carballido logrou a vitoria absoluta na Carreira Popular Cultivando Deporte de Boimorto, dentro dos actos do Festival da Luz de dita localidade coruñesa. María Carballido lograba a vitoria por tercer ano consecutivo. Así mesmo, Nemesio Gutiérrez fixo unha excelente actuación no Campionato do Mundo de Montaña Máster na localidade italiana de Gagliano del Capo. Nemesio lograba un fenomenal decimotercer posto dun total de 83 participantes.

Continúa a inscrición para o III Trail das Bestas de Muras

O domingo 3 de novembro o Concello de Muras acollerá unha nova edición do Trail das Bestas, que na que vai ser a súa terceira edición conta xa cunha gran reputación co obxectivo de poñer en valor o concello de Muras e a Serra do Xistral. Esta cita está organizada por MarMar Outdoor e a Deputación de Lugo.

O percorrido será circular con saída e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuito marcado con cinta de balizamento e con sinais de dirección nos cruces a carón da localidade de Muras chegando á Serra do Xistral no seu punto máis lonxano.

Haberá tres distancias diferentes para percorrer. A máis dura, de 43 quilómetros, será a maratón, seguida da media maratón con 27 km. A curta e a andaina terán 14 km.

O prazo de inscrición segue aberto e poderá facerse ata o 30 de outo-



bro na web galitiming.com

As categorías serán sénior masculino e feminino -dende os 18 ata os 45 anos-, veterano e veterana -a partir dos 46 anos tendo en conta a idade que terá o corredor ou corredora a final do ano-. Haberá trofeos para os tres primeiros de

ambas as dúas categorías que serán entregados despois das dúas do mediodía.

O prezo oscilará entre os 9 euros da andaina ata os 22 da maratón, sempre que a inscrición se faga antes do 24 de outubro. Se a inscrición se fai entre esa data e o 30 o prezo será de entre 13 e 26 euros. Tamén haberá servizo de conciliación coa instalación dun punto de atención aos máis pequenos e pequenas que durante a proba poderán realizar diversas actividades tal e como sucedeu o ano pasado. A organización disporá de abastecementos, tanto líquidos coma sólidos, fruta, barritas de cereais, xeles enerxéticos, auga e isotónicos. É obrigatorio por parte dos corredores traer un vaso ou sistema de hidratación para poder abastecerse nos puntos habilitados. A organización non terá vasos como unha medida de protección do medio ambiente.

O loitador José Cuba non puido clasificarse para Tokio 2020

O loitador José Cuba non puido clasificarse para Tokio 2020 xa que caeu nas roldas de clasificación que se disputaron na capital kazaja de Nur Sultan e onde os mellores loitadores do mundo buscaron acadar as primeiras prazas para os Xogos de Tokio 2020.

No caso do loitador vilalbés terá que esperar ao mes de marzo para ter outra oportunidade de clasificarse para Tokio 2020 xa que caeu ante o austriaco Johannes Ludescher por 4 puntos a 0. O austriaco fixo o mesmo caendo en oitavos ante o sirio Badzha Khutaba, o que deixaba ao vilalbés fóra das eliminatorias de repesca para loitar polas medallas e polo tanto sen posibilidades de acadar un dos 6



José Cuba en Casaquistán

primeiros postos que outorgaron o pasaporte directo para Tokio.

Na súa categoría acabou dominando o georgiano Geno Petriasvili, que venceu na final ao turco e campión olímpico Taha Akgul. Os bronzes foron para o uzbeko Rakhimov e o ucraniano Khosiiani-

vskyi que derrotaron na repesca ao chino Deng e o sirio Khutaba. Estes 6 loitadores atópanse clasificados para Tokio polo que o vilalbés xa non terá que enfrontarse a eles nas seguintes probas clasificatorias aumentando as súas posibilidades de cara ao soño olímpico.

Do resto do equipo español destacaron a galega Lydia Pérez que a pesares de gañar a primeira rolda ante a representante neozelandesa non puido seguir ao perder ante a sueca Johansson. Friev en menos de 86 kg foi o máis preto que estivo de meterse nos postos olímpicos puidendo conseguilo de non ser pola inesperada derrota ante o austriaco Reichmond despois de ter gañado a varios favoritos.

FINALIZAN OBRA EN CALLE FOZ, 6
A 150 m da Praza da Constitución
Vivendas de 2, 3 e 4 dormitorios

982 512 444 - 659 080 853 / www.folgueirasinversiones.com

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

O Adro, Lonzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65
626 23 71 56

COLABORACIÓN

E houbo lume ...

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Lamentablemente así foi e así ten que ser contado. Xa semellaba moi estrano que chegando a finais de agosto aínda non se contabilizasen incendios importantes no País durante o verán, aínda que algún que outro si se produciu, pero de escasa entidade. Foi chegar setembro e abraidos quedamos vendo como as lapas devoraban unhas sete centas hectáreas nos municipios de Monforte e Pantón, tardando varios días en ser totalmente extinguido. Días antes, na bisbarra do Barbanza, en Porto do Son, case un centenar de hectáreas de bosque foron arrasadas.

Comezo este artigo logo dunha fin de semana especialmente dura, xa que no Concello de Quiroga foron dúas centas, na Gudiña, provincia de Ourense lindando con Zamora e Portu-

gal, catro centas, noutras zonas de Ourense como Riós ou Chandrexa de Queixa fálase dun cento. E ata a nosa bisbarra se veu “bendecida”, concretamente na parroquia begontina de Santa María do Castro, no que se estima en vinte as hectáreas queimadas.

Sobre as cifras, tampouco existe unanimidade, producíndose un debate sobre as mesmas que contribúen a confundir a cidadanía.

Cómpre sinalar que aquí en Galicia, recén rematado o inverno, sufrimos varios incendios de importantes dimensións, concretamente en Rianxo, un fenómeno ó que tamén tiveron que facer fronte nas comunidades de Asturias e Cantabria, constatando que lume xa non sexa exclusivo da estación estival.

Voltando ó acontecido nas últimas semanas deste verán, temos que sinalar que o tempo meterolóxico resultou ser algo peculiar, xa que ata mediados de xullo os ceos adoitaron estar cubertos e incluso con algún

que outro día de xenerosas precipitacións. O verán fíxose de rogar, retrasándose algo máis do debido o sol e as altas temperaturas. E tamén, como acon-



teceu nos dous anos anteriores, o mes de setembro foi excesivamente seco, xa que as primeiras pingas de auga non chegaron

ata a terceira semana. Acompañese a eses factores un aire cunha velocidade superior ós trinta quilómetros por hora e xa temos o cóctel perfecto para

ses responde, ... son incógnitas que levamos lustros intentando despexar, pero non somos quen delo. As raras detencións e a dificultade para atribuírle a culpa ó pirómano son proba de que non se avanza neste eido como se debera.

E despois, falarmos da xestión no monte galego coa invasión continuada de plantacións de eucaliptais e a conseguinte diminución das especies autóctonas atlánticas ven sendo moi didáctico, mais é un tema de tal complexidade e magnitude que non se pode analizar en cincuenta frases.

O certo é que un ano máis, Galicia non foi allea ó lume e moito nos tememos que a tónica continuará. Estamos a ver - e seguiremolo vendo - como queiman os nosos montes en calquera das catro estacións, semellando que a superficie afectada dependerá maiormente das condicións climáticas. É unha mágoa, pero iso é que está a acontecer. Remedios...?. Ó conxunto da sociedade corresponde.

que os incendios se propaguen con suma facilidade.

Quen prende lume, que motivacións pode ter, a que intere-

Bágoas negras pola túa ausencia

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

Cando Mario Xosé chegou a Cuba contaba vinte e cinco anos de idade. O traballo na tinturaria familiar permitiulle unha pronta recuperación das súas doenzas no lombo, pois agora xa non tiña a obriga de cargar pesos no porto da Habana e, por outra banda, co novo oficio gozaba de máis tempo de lecer. A familia Yáñez Paz tiña por costume pasar quince días ao ano en Santiago de Cuba, a cidade máis oriental da illa e o auténtico berce do bolero, da trova e do son. A dezaseis quilómetros ao oeste de Santiago atópase a vila de El Cobre, fundada en 1598. Durante a estada de vacacións, a nosa familia gustaba de visitar o santuario da Virxe da Caridade do Cobre, chamada Cachita polos habitantes da illa e declarada Patroa de Cuba polo papa Bieito XV en 1916. Ma-

rio Xosé namorouse rapidamente da maxestosa paisaxe da serra, mesturada co carácter extravertido e alegre das xentes do lugar, a plasticidade dos seus bailes e ritmos e as edificacións de diferentes cores, perfectamente adaptadas á complicada topografía do terreo. Todo elo axudaba a levar moito mellor a morriña pola terra galega, sempre presente.

Corría o mes de xuño de 1927. Nunha das visitas ao santuario, Mario Xosé encontrouse por sorpresa no Cobre co seu amigo Isidro, con quen coincidira no porto da Habana cando traballaban como estibadores para as compañías azucadeiras. Natural do municipio de Rodas, na provincia de Cienfuegos, Isidro compartía con Mario Xosé o primeiro apelido, Paz. Esa coincidencia fixo que intimaran case de xeito inmediato, intercambiando historias das respectivas familias. Isidro estaba acompañado pola súa dona Sara, unha mulata de inigualable beleza, á que seducira durante unha excursión ás

paradisiacas praias de Morón, na provincia de Ciego de Ávila; os cubanos coñecían esta poboación como “la ciudad del Gallo”. A parella tiña un meniño de dous anos e medio, bautizado co nome Ramón e ao que dicían agarimosamente “Chavito”. Tras un tempo de conversa, decidiron verse en Santiago de Cuba a semana seguinte para tomar un trago e poñerse ao día. A súa bebida preferida era a cervexa Hatuey, que fora lanzada poucos meses atrás pola compañía Ron Bacardi S.A. e a cervexeira Santiago Brewing Company. Ademais do tradicional Cuba Libre, o máis internacional de todos os cocktails creados na illa, tamén tiñan por costume pedir nos establecementos un combinado coñecido popularmente como Presidente, composto por unha medida de vermú vermello, medida e media de ron branco, varias gotas de granadina e un par de cubiños de xeo. A cervexa e o ron, a luminosidade da cidade, o agradable clima da baía e a fonda amizade que

se profesaban fixeron que Mario Xosé e Isidro soñaran espertos con crear a súa propia empresa; e así foi como xurdiu o proxecto de constituír unha sociedade, á que denominarían Azucarera Oriental San Ramón S.A., e que contaría con Mario Xosé Paz Bello e Isidro Paz González como socios fundadores. Lamentablemente, aquela aventura empresarial viuse truncada polo prematuro pasamento de Isidro como consecuencia dun accidente laboral no porto da Habana, onde regresara para rematar un traballo acordado co seu patrón, propietario da compañía Central Siboney-Camagüey. A infinda dor pola morte do seu compañeiro fixo que Sara se trasladara a vivir, xunto ao seu fillo Ramón, cunha tía na facenda Centro América, propiedade dun tal Fico Hernández. Alí traballaba como capataz Trino, o home da súa tía. Durante os primeiros meses mantivo un contacto permanente con Mario Xosé, pero foi pasando o tempo e deixaron de escribirse. O meu avó Mario Xosé contoulle

esta historia ao meu pai cando este era un raparigo. Confesoulle que lle puxeran Ramón por dous motivos: en primeiro lugar, polo seu padriño Ramón Guntín Currás; en segundo lugar, pola promesa que lle fixera a Isidro de lle poñer o mesmo nome de pía ca o do seu fillo. En memoria do seu amigo, tamén recibiu o alcume de “Chavito”. E polas noites cantáballe para o durmir o bolero Lágrimas negras, escrito por Miguel Matamoros cando un día escoitou o pranto incesante dunha muller no cuarto dun hostal. Tiña asociada a súa letra a aqueles anos na illa caribeña: “Aunque tú me has echado en el abandono / aunque tú has muerto todas mis ilusiones / en vez de maldecirte con justo encono / y en mis sueños te colmo / y en mis sueños te colmo / de bendiciones / Sufrí la inmensa pena de tu extravío / siento el dolor profundo de tu partida / y lloro sin que sepas que el llanto mío / tiene lágrimas negras / tiene lágrimas negras / como mi vida”.

Parga non se divide

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O tren chegou á vila Parga o 10 de outubro de 1875, seis anos antes que a Ourense, cando Curros fixo este fermoso poema. É certo o que di o poeta e sobre todo naqueles tempos foi un medio moi importante para o desenvolvemento económico de Galiza, pero en Parga, si agora espertan os homes e as mulleres é polo ruído e non porque fecunde os terreos nin frolezan os eidos.


Antes subíanse alí os becerros que os nosos gandeiros vendían aos tratantes nas feiras da vila e os que lles mercaban polas casas entre feira e feira para levarlos aos matadoiros das cidades, pero hoxe podemos asegurar que crea máis problemas que beneficios. Nesa estación subían e baixaban moitos viaxeiros, soldados do campamento, algúns dos cales morreron atropelados por el, e os emigrantes da zona que íamos e viñamos a pasar as vacacións, pero agora nin iso.

Desde aquela as vías férreas cruzan lonxitudinalmente o seu casco urbano, podendo pasar dun lado ao outro so por medio de tres pasos a nivel para vehículos e peóns. O paso a nivel máis céntrico foi, segundo aseguran os veciños, un «matadoiro». Numerosas persoas faleceron arrolladas polo tren en graves accidentes que os veciños teñen moi presentes, asegurando que pagan moi caro o paso dun tren que hoxe non presta ningún servizo á vila. Un dos que máis

transcendeu foi o do 5 de febreiro de 1964, cando cruzaban tres curas nun Seat 600 que se quedou varado no paso a nivel, ao pegar cos baixos no lombo que formaban as vías con respecto á estrada, sendo arrollados por un tren de mercadorías cando viñan dunha reunión preparatoria do Congreso Eucarístico Comarcal na casa da botica, con don Paco Penas Goás, da casa dos Monteros, e co bispo de Mondoñedo-Ferrol, don Jacinto Argaya Goicoechea, morrendo, segundo datos do profesor Xosé Lois Santamariña, os cregos, Manuel Quiñoá González, Tomás Fernández Rega e José Quiroga Sanfiz. Outro moi sonado tivo lugar o 6 de outubro de 1985, cando nese mesmo paso morreron dúas persoas que tamén o cruzaban nun coche.

Xa fai tempo que pensaba escribir este artigo, para dar a coñecer este problema que nos atinxe a todos os que queremos un tren acorde coas necesidades do pobo, que cause os mínimos inconvenientes dando o mellor servizo posible aos cidadáns, e porque confío na loita e na seriedade desa plataforma veciñal que leva o mesmo nome que o título deste escrito, pois coñecendo a algúns dos seus membros sei da súa teimosía en loitar, non pola legalidade creada polos humanos, senón pola xustiza, xa que as veces das veces a legalidade vai contra-natura, favorecendo á crase que pertencen os lexisladores ou á crase para a que lexislan e case nunca se adapta a razoamentos lóxicos, sendo a xustiza máis acorde coa lóxica e a razón.

Cústame moito imaxinar que un pobo pequeno e unido por fortes



vínculos de irmandade durante séculos, siga dividido por unha raia artificial trazada por uns simples ferros. Non se poden coartar os sentimentos dos diferentes barrios dese pobo por un simple trazado que obrigue a pasar por lúgubres e escuros pasos subterráneos que dividen a vila e aos veciños. As vilas e as cidades están compostas por barrios unidos entre si por uns sentimentos de veciñanza, arraigo e idiosincrasia difíciles de explicar e de entender, pero que crearon entre si ao longo de anos de convivencia conxunta.

Podemos entender o trazado actual que se fixo no seu día, cando non se dispoñía dos medios técnicos con que contamos agora e cando o barrio do Porto Pulgo tiña moita menos poboación, pero non podemos entendelos hoxe, cando dispoñemos de medios que fan moito máis doado o traballo necesario para poder solucionalo. Daquela, ademais, os trens eran menos ruidosos e menos perigosos, pois andaban a moita menos velocidade, pero que imaxine o lector un tren de mercadorías pasando a toda velocidade

por medio dun casco urbano como o de Parga.

A solución que dá ADIF consiste na construción dun paso subterráneo á altura do paso central e a substitución dos outros dous por pasos peonís tamén subterráneos, o que constitúe unha división da vila e dos veciños dun lado e do outro, co problema que isto supón para unha vida social normalizada entre os habitantes das dúas partes das vías. Por iso a plataforma veciñal Parga non se divide, non so rexeita esa división, senón que intenta dar unha saída factible e viable a este problema, polo que solicitou un informe a un equipo dos departamentos de Matemática Aplicada e de Enxeñería Agroforestal da Escola Politécnica Superior de Enxeñería de Lugo, ambas pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela (USC), para que estudara unha alternativa técnica e economicamente viable, que deseñaron “unha variante ferroviaria de 3,3 quilómetros polo norte de Parga, desviada da zona rural entre a ponte da Retorta e Becín, que cumpre coas

normas técnicas é óptimas desde o punto de vista económico”. Para a elaboración deste proxecto (que foi presentado nun congreso mundial en Santiago os pasados 22, 23 e 24 de xullo, organizado polo Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial), utilizaron as matemáticas como ferramenta para obter este trazado alternativo, que consideran viable e no que valoran dous métodos: un mediante un túnel e outro facendo desmontes na superficie do terreo.

Evidentemente que este proxecto de desviación é máis custoso que o plan de ADIF, pero non se entendería que por un tema económico as vías seguisen pasando polo mesmo sitio, facendo o mesmo ruído, creando o mesmo problema de inseguridade e dividindo Parga en dúas, pois este é o único xeito de rematar cos accidentes, co ruído e coa división da vila.

O tren debe ser un medio de transporte de mercancías e persoas, pero dando ese servizo á poboación sen constituír un perigo para ninguén, xa que os feirantes e os veciños e veciñas de Parga están expostos a un accidente todas as veces que, por diversos motivos, teñen que cruzar dun lado para outro por calquera dos tres pasos a nivel. Por iso compre poñer os medios técnicos e o capital necesario para darlle unha saída adecuada aos intereses da poboación, que é quen sofre as consecuencias.

A calidade de vida e a propia vida dos pargueses ten moito máis valor que o custe da obra, porque non hai diñeiro que pague nin que xustifique a perda dunha vida humana.

Non son cousas de nenos

MARABILLOSA-MENTE



Lara Real Lema
Psies Psicología

Gafiñas catro ollos, capitán dos piollos, se tes máis de 30 anos e tiñas lentes cando ías ao colexio, como é o meu caso, estarás máis que aburrido desta rima. Na maioría dos casos, a cousa non pasaba de aí e a túa vida escolar transcorría máis ou menos feliz.

O tema cambia se o neno ou nena é obxecto de bromas pesadas disfrazadas de xogo; sofre burlas continuadas, vexacións, illamento do seu grupo de iguais ou xa en

último termo ameazas e/ou agresións. Como pais e educadores é moi importante desbotar a idea de que este tipo de actuacións son soamente “cousas de nenos”, estas experiencias causan nos rapaces un gran sufrimento que repercute entre outros aspectos, na súa autoestima.

As novas xeracións sofren ademais o chamado “ciberbullying” ou acoso a través das novas tecnoloxías, especialmente mediante as redes sociais, no que as ameazas e burlas continúan a través de mensaxes ou vídeos amparadas en moitos casos, polo anonimato que ofrecen. É sabido que a maior parte dos nenos que sofren acoso escolar non o contan, e na súa desesperación

tenden a buscar solucións polarizadas que van dende converterse eles mesmos en agresores atacando aos seus acosadores, ata tentar (e conseguir en moitos casos) acabar coa súa vida como única forma de escapar desa situación.

Para os pais e nais non resulta fácil coñecer se existe esta problemática xa que a vítima tenta por todos os medios que o tema pase desapercibido ben sexa por medo ao seu agresor (pensa que se di algo as represalias serán aínda peores); por vergoña, ou porque temen que a reacción dos seus pais vaia na liña de que son brandos e “teñen que aprender a defenderse sos”.

Se como pais e nais vemos sinais tales como: cambios de humor,

nerviosismo e irritabilidade, alteracións nos patróns do sono e alimentación ou un baixón considerable no rendemento escolar, debemos poñernos alerta. Tamén no caso de que o neno empece a poñer excusas para non ir ao colexio, esaxere dores ou vomite antes de saír da casa. A petición de cartos, a perda ou deterioro de roupa ou material escolar así como a presenza de feridas ou moratóns sen explicación ou debidos a caídas ou accidentes que acontecen con demasiada frecuencia, son feitos que non debemos deixar pasar.

Se estamos nesta situación o primeiro será falar co rapaz e tentar que nos conte que pasa sen quitarlle ferro ao asunto, para el ou ela

é un sufrimento e escoitar dos seus pais que “iso non é nada” pode ser demoledor e facer que se peche en si. É importante tamén que quede claro que non ten a culpa e que ninguén merece ser acosado. O segundo que debemos facer é poñelo en coñecemento dos responsables do centro para que se tomen as medidas axeitadas e dependendo do caso, denuncialo as autoridades.

A Fundación Anar xestiona o teléfono contra o acoso escolar. A través do número gratuito 900018018 este servizo pretende servir de axuda para calquer persoa que teña coñecemento de casos de acoso escolar e ciberbullying, porque non, non son cousas de nenos.



Membros da asociación Xuntanza de Castro de Rei fixeron o seu xantar na Romaría en Arcos.



A reunión da asociación Rigueira da Pastoriza tivo un xantar veciñal moi concurrido no que desfrutaron da boa festa e da compañía da veciñanza.



Unha representación de Xotramu participou no Festival Internacional de Giochi di Strada TOCATÌ, celebrado na vila italiana de Verona.



Visita do alumnado de 2º de CM de Electromecánica, Electricidade e Dependencia do Lois Peña Novo á Cooperativa O Val, en Narón, visita que forma parte da Rede Eusumo.



O festival Pozomouro de Muimenta foi unha moi boa iniciativa cultural e cidadá da mocidade chaieira, que fixo deste lugar un sitio mellor.



A primeira proba de rastreo canino sobre lebre do tecor Terra Chá tivo un gran éxito de participación e puidose ver o magnífico traballo duns 60 cans gracias ao duro adestramento que fan.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTÁICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

MESÓN
MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com



O fin de festa de Vilalba deixou un bo sabor de boca na vila, xa que a música e os eventos sociais foron o nexo de unión veciñal.



Celebración do Día dos Maiores no Centro de Día de Abadín cos pequenos do colexio Aquilino Iglesias Alvaríño. Contaron cun espectáculo de maxia do traballador social do centro, o paíaso Resquitiprésquiti.



Os cativos de Riotorto puideron desfrutar do espectáculo do mago Paco na biblioteca da vila.



A mini Btt de Castro de Rei tivo diferentes circuitos con xincanas para todas as idades. Todos eles tiveron o seu propio dorsal, ademais de merendas, regalos e máis sorpresas.



A Peña Peón reuniuse un ano máis para degustar a súa comida de ou-
tono. Esta vez a reunión tivo lugar no restaurante Montero de Vilalba.



As festas de Bretoña reuniron a todos os veciños que desfrutaron do bo ambiente e do bo xantar desta terra. Ademais, gozaron da música tradicional, de xogos populares e verbena.

JANSU VILALBA

Domingo Goás, 16 baixo - 27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367 - 651 577 247

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO

JANSU VILALBA

- FERRUGERÍA
- FOTOFELACIÓN
- TAIKWONDO ADULTOS - INFANTIL
- DEFENSA PESSOAL
- ZUMBA ADULTOS - INFANTIL
- CLASES TRÁKING
- T.B.X. SUSPENSIÓN M.T.B.
- SPINNING
- INDICACIÓN SETIMOS LATIDOS
- KARATE MANTENIMENTO SUAVE
- ADAPTAMENTO PARA MAIORES
- ADAPTADOR PESSOAL

Núñez

JOYERÍA RELOJERÍA

DESDE 1897

www.joyerianuñez.com

AXENDA DA TERRA CHÁ

EVENTOS

SABOREA AS PONTES 10 e 20 de outubro As Pontes	TASCA DO LIÑO 26 de outubro Vilalba
FESTAS EN CAZÁS 12 e 13 de outubro Cazás, Xermade	TOMA CULTURAL DE CALDALOBA 26 de outubro Cospeito
CARREIRA POPULAR 13 de outubro Xermade	FESTAS EN SAN SIMÓN DA COSTA 26 e 27 de outubro Vilalba
FEIRA DO MEL DE GOENTE 13 de outubro Goente, As Pontes	CAMPIONATO DE TUTE 26 de outubro Parga, Guitiriz
FESTAS EN MOMÁN 19 de outubro Momán, Xermade	IV RUTA CABALAR 26 de outubro Duancos, Castro de Rei
CONCERTO DE ANDRÉS SUÁREZ 19 de outubro As Pontes	FEIRA DA GALIÑA DE MOS 27 de outubro Mos, Castro de Rei
TEATRO 19 de outubro Muras	FEIRA DE SANTOS 2 de novembro Abadín
TEATRO DE TÍTERES 22 de outubro Castro de Rei	TRAIL DAS BESTAS 3 de novembro Muras
TRAIL DAS BESTAS Do 25 ao 27 de outubro Friol, Outeiro, Meira e Pol	TEATRO 9 de novembro Pol
XORNADAS TERRA DE MIRANDA 25 e 26 de outubro Riotorto	CONCERTO DE MORGAN 9 de novembro Vilalba

CURSOS

HABILIDADES INFORMÁTICAS Sábados ata o 14 de decembro Outeiro de Rei	COCEDURA DE BARRO 19, 20 e 21 de outubro Bonxe, Outeiro
TALLER DE RELAXACIÓN Luns ata o 11 de novembro Guitiriz	CONDUCCIÓN SEGURA 20 de outubro Circuíto da Pastoriza
BAILE DE SALÓN E LATINOS Luns ata maio Friol	INICIACIÓN Á MICOLOXÍA 30 de novembro Riotorto
BAILE DE SALÓN E LATINOS Luns ata maio Friol	
RECICLAXE E RESTAURACIÓN Luns e martes ata 29 de outubro Outeiro de Rei	
SCRAPBOOKING Venres ata o 20 de decembro Outeiro de Rei	
XIMNASIA DE MANTEMENTO Martes e xoves ata maio Friol	
APTITUDE EMPRESARIAL AGRARIA Outubro e novembro Vilalba	
CULTIVO DO GRELO 10 de outubro As Pontes	
OBRADOIRO DE OLERÍA 12 e 26 de outubro Bonxe, Outeiro de Rei	

EXPOSICIÓNS

EXPOSICIÓN DE JESÚS NÚÑEZ
Ata o 14 de outubro
Casa do Peso, As Pontes

CONCURSOS

DEBUXO E REDACCIÓN
Ata o 19 de outubro
Tasca do Liño, Insua

FOTOGRAFÍA MULLERES RURAIS
Votacións ata o 14 de outubro
A Pastoriza

Máis eventos en:
www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COSPEITO Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRIOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil : 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADE Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIOTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02			VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14			XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062

Este periódico es distribuido por:

de segunda

¡Buzoneamos tu publicidad!





Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU-517-03



RECOMENDACIÓN

que ler?



Viaxe ao futuro

Larousse Editorial e Bruno Martínez Tabares

Poderán crearse edificios en 3D? Cales serán as profesións do futuro? Poderemos conectar o cerebro cun ordenador? Todos comezamos a tremer cando un cativo ou unha cativa nos mira directamente aos ollos e abre a boca para dicir: Por que? Con este libro poderán atopar a resposta de seu!

a elección de...



Antón Manuel Tenreiro


Membro da NPG Nova Poesía Guitirica

un libro




Nimbos
de Xosé María Díaz Castro

un disco



Xardín Interior
de ESPOSA (PRENOM)

unha película




Sendeiros de gloria
de Stanley Kubrick

unha personaxe histórica



Inés de Castro

un lugar para visitar



Florenzia

un sitio onde vivir



Betanzos

que escoitar?



R.E.M. at the BBC

R.E.M.

R.E.M creceu coa BBC, e a súa histórica relación celébrase agora a través dunha increíble colección que ilustra a traxectoria dunha das maiores bandas da música contemporánea. A colección inclúe temas inéditos, actuacións en directo nunca antes publicadas e gravacións en estudo extraídas da BBC e dos arquivos da banda. É unha colección a ter por todos os fans de R.E.M. e unha marabillosa introdución para os novos. As actuacións veñen presentadas de forma cronolóxica - desde as sesións Into the Night de 1991, ata as Peel Sessions, as Public Peel Sessions e o Radio 1 Live Lounge de 2008.

que ver?



Downton Abbey

Cine dramático e histórico

Condado inglés de Yorkshire, principios do século XX. Na casa de campo de Downton, vive a familia aristocrata Crawley e as súas serventes. Os acontecementos máis destacados da historia, nas postrimerías da época eduardiana, 1901 a 1910, teñen un importante efecto nas súas vidas. Por exemplo que, a raíz dun suceso como o do afundimento do Titanic, a familia Crawley vese nunha encrucillada. O seu futuro herdeiro morreu neste suceso e como non teñen fillos varóns, só tres fillas, estas non poden herdar. Este envorco da fortuna non agrada aos membros da familia nin aos criados.

unha comida



Ovos fritos con
chorizo e patacas

unha bebida



Cervexa sen alcohol

ATABERNA
 T: 982 510 061
 facebook/ataberna.vilalba
 info@atabernavilalba.com
 www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
 OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
 NUESTRA CARTA DE RACIONES
 REVUELTOS DE BARRIL ALCO PICA
 HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD ENSALADAS
 PASTAS RAXO PATATAS
 ALCO PARA COMPARTIR TAPAS



DESCUBRINDO O PATRIMONIO CHAIREGO



Miriam Fernández

Enxovais megalíticos do Buríz

Por todo o territorio que abarca a Chaira é doado atopar monumentos megalíticos espaxados por distintas localizacións de cada concello, unhas importantes evidencias arqueolóxicas que nos proporcionan información fundamental sobre a forma de vida dos poboadores da comarca durante a prehistoria. Algunhas delas, por descoñecemento ou desinterese, remataron por desaparecer, máis, outras tantas mantivéronse ata os nosos días rodeadas dunha aura mística que as fixo perdurar entre lendas e contos de mouros que as protexían a elas e ós tesouros que gardaban no seu interior.

Un dos elementos máis singulares destas construción de “grandes pedras”, e das que temos falado en máis dunha ocasión, son as famosas mámoas, modias, medorras ou medoñas, distintas denominación creadas para designar os túmulos funerarios característicos do Neolítico do noroeste peninsular, os cales soen manifestarse en conxuntos. Estes montículos identifícanse pola acumulación de terra e pedras acadando unha forma circular ou elíptica, agochando no seu interior unha estrutura formada por pedras chantadas de forma vertical (ortostatos) e unha laxe horizontal en forma de tapa, coñecida en conxunto como anta ou dolmen. A anta, que podían presentar tamén un corredor de acceso, creaba un habitáculo no que se procedía a enterrar o defunto (en moitas ocasións máis de un) acompañado do seu enxoval. Tamén existen exemplos de estruturas sinxelas tipo cista no canto da anta, compostas por catro pedras planas

colocados en vertical formando un espazo cadrado ou rectangular tapado novamente por unha laxa.

Na parroquia do Buríz atopamos unha grande concentración destes monumentos tumulares, concretamente na zona oeste, entre Galiñeiro e San Vitorio, cuns exemplos bastante significativos en canto a enxovais funerarios, é dicir, os conxuntos de bens que se colocaban a carón do defunto de forma ritual para que acompañasen ó individuo no seu viaxe cara o alén., tales como vasos de cerámica, utensilios de pedra ou metal, orfebrería ou algún elemento identificativo das actividades que

do que él era xefe de Sección na área de Prehistoria. Deste conxunto de modias escaváronse cinco, atopando só restos de enxoval nunha delas. Os materiais que se atoparon foron bastante significativos: un vaso campaniforme bastante ben conservado duns 4,5cm de altura e decoración incisa e punteada en zigzag; unha cunca ben conservada con forma de media esfera e de 9 cm de altura, con decoración xeométrica en zigzag e liñas paralelas punteadas; unha cunca tetralobulada peor conservada de 8,5 cm de alto decorada con liñas perpendiculares en zigzag (base) e liñas punteadas con decoración


mén se recuperou un pequeno vaso campaniforme sen decoración, cunhas medidas de 8 cm de alto, 5 cm de envergadura na base e 9,5 cm na boca, sen decoración e con dous pequenos orificios circulares equidistantes. Nos anos 70, unha década despois da destrución do xacemento, foi estudado polo antropólogo Xosé Manuel González Reboredo. Hoxe en día gárdase no Museo do Castelo de San Antón da Coruña. De todos os restos atopados, sen desmerecer a importancia dos demais, podemos sinalar a singularidade do vaso tetralobulado da modia da Pena da Cata, unha peza que

peza ritual que contería distintas ofrendas.

Por outra banda, a presenza de cerámica campaniforme fálanos da incidencia local dun fenómeno que se desenvolveu durante o Calcolítico e principios da Idade do Bronce na Europa Occidental, aproximadamente entre o 2.600 e o 2.000 a.C, caracterizado pola aparición en distintos contextos arqueolóxicos dunha singular cerámica en forma de campá invertida e decoración incisa que comparte un estilo e unhas características comúns presentes en xacementos localizados por toda Europa. A presenza da cerámica campaniforme, as cal soe aparecer con outros elementos (lanzas tipo palmela, brazais de arqueiro, botón, orfebrería, etc.) formando unha especie de “kit” tanto en contextos funerarios coma habitacionais, define un marcado desenvolvemento social e a presenza de elites que impulsan unha serie de importantes relacións persoais nas que intercambiaban gustos e ideas en amplas áreas territoriais, reflectidos nos seus enterramentos como sinais de identidade. Por tanto, podemos afirmar que estes restos arqueolóxicos atopados no Buríz son en si mesmos pezas singulares e claros indicadores de que en territorio chairego as sociedades megalíticas alcanzaron un desenvolvemento significativo, atesourando nos seus lugares de enterramento un enxoval que deixa constancia dunhas prácticas e unha forma de vida marcada marcadas polo contexto xeral europeo, sinalando ademais unhas relacións territoriais máis amplas do que que moitos caben esperar para este período da nosa historia.



Unha vitrina con diferentes vasixas e un debuxo co corte transversal de dúas delas



este desempeñaba (tecitura, artes de guerra, etc.).

No túmulo 5 das Modias da Pena da Cata, no monte Pelreo, levouse a cabo en 1972 unha escavación coordinada por D. Fermín Bouza-Brey na que traballaron un grupo de arqueólogos do Instituto Pai Sarmiento de Santiago de Compostela,

simbólica (corpo); e, por último, un disco de lousa e outro de arxila xunto con anacos de cerámica, algúns con decoracións de estilo campaniforme. Estas pezas están depositadas nunha vitrina do piso primeiro do Instituto Pai Sarmiento de Santiago de Compostela.

Da destruída modia da Ventisca ta-

destaca pola pola súa peculiar forma caracterizada por catro lóbulos ou pequenos vasos integrados nunha mesma peza, ricamente decorada mediante liñas incisas entre as que se identifican patróns como o de espiña de peixe e o que parece ser a figuración de varios soles. Posiblemente se tratase dunha importante

CAP todos los meses

Cursos y Certificaciones

Fitosanitarios

Bienestar Animal

Curso carretillero

Consúltanos



Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas